



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 62

Sesión plenaria
6 de marzo de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 26989 (10/CPP-000050)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para dar conta da proposta da Xunta dentro do proceso negociador para mellorar as condicións dos traballadores da Administración da Xustiza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 26939 (10/CPP-000049)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións en relación coa folga na Xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

1.3 26041 (10/CPP-000048)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para abordar os obxectivos e desenvolvemento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

Punto 2. Mocións

2.1 26868 (10/MOC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 24390, publicada no BOPG nº 255, do 07.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

2.2 26879 (10/MOC-000074)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e remate dos procesos de concentración parcelaria que se están a levar a cabo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20395, publicada no BOPG nº 219, do 29.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

2.3 26884 (10/MOC-000075)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa**

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 23197, publicada no BOPG nº 247, do 25.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

Punto 3. Proposicións non de lei**3.1 16409 (10/PNP-001256)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes poli-medicados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

3.2 21776 (10/PNP-001631)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

3.3 22846 (10/PNP-001680)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

3.4 25181 (10/PNP-001796)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

3.5 26134 (10/PNP-001844)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.6 6209 (10/PNP-001853)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e dez deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.7 26211 (10/PNP-001854)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.8 26274 (10/PNP-001863)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

Punto 4. Interpelacións**4.1 20572 (10/INT-000681)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en materia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

4.2 22216 (10/INT-000754)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentarios en relación coa AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

4.3 26272 (10/INT-000848)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e catro deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**5.1 26979 (10/POPX-000076)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a actuación do Goberno galego diante das demandas da cidadanía expresadas a través do exercicio dos dereitos de manifestación ou folga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

5.2 26980 (10/POPX-000077)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización en Galicia de todo o posible para promover a igualdade de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

5.3 26982 (10/POPX-000078)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luís**

Sobre a incidencia das políticas do Goberno galego na consecución da igualdade real entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 24758 (10/POP-002986)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

6.2 26227 (10/POP-003118)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da comprobación da posta en práctica pola CRTVG dun código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.3 24633 (10/POP-002980)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

6.4 26972 (10/PUP-000152)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e trece deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave as mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

6.5 26967 (10/PUP-000151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

6.6 23459 (10/POP-002835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

6.7 26248 (10/POP-003121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.8 25960 (10/POP-003088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as melloras levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.9 26960 (10/PUP-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para o recoñecemento do labor historicamente desenvolvido polas mulleres do mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes comparecencias para o seu debate conxunto. (Páx. 13.)

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para dar conta da proposta da Xunta dentro do proceso negociador para mellorar as condicións dos traballadores da Administración da xustiza en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións en relación coa folga na Xustiza. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 13.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 21.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx.25 .), Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 29.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 33.)

Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 37.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 41.). Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 41.), a señora Vilán Lorenzo (S) (Páx. 43.), a señora Santos Queiruga (EM) (Páx. 45.), o señor Pazos Couñago (P) (Páx. 47.) e o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela) (Páx. 51.).

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para abordar os obxectivos e desenvolvemento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 54.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 61.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 65.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 68.) e *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 72.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 75.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 80.) *Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG)* (Páx. 80.), *o señor Fernández Fernández (S)* (Páx. 82.), *a señora Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 84.), *a señora Rodríguez Barreira (P)* (Páx. 86.) e *a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)* (Páx. 88.).

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 93.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 98.) e *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 100.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 101.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e remate dos procesos de concentración parcelaria que se están a levar a cabo. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica que non se presentaron emendas. (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 106.), *Sr. Pérez Seco (S)* (Páx. 108) e *Sr. González Vázquez (P).* (Páx. 109.)

Nova intervención da señora Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 111.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx.113 .)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 117.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 120.)

A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 122.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado dos puntos 2 e 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico: *rexeitados por 14 votos a favor, 45 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 124.)

Votación do texto transaccionado dos puntos 4, 5, 6 e 7 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico: *aprobados por 66 votos a favor, 6 en contra e ningunha abstención.* (Páx.124.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico, agás os puntos 2, 3, 4, 5, 6 e 7: *aprobado por 53 votos a favor, 6 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 124.)

Votación da Moción do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e remate dos procesos de concentración parcelaria que se están a levar a cabo: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 125.)

Votación do texto transaccionado do punto introdutorio da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019: *aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e 6 abstencións.* (Páx. 126.)

Votación do texto transaccionado dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019: *aprobados por 63 votos a favor, ningún en contra e 6 abstencións.* (Páx. 126.)

Votación do texto transaccionado dos puntos 4 e 5 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019: *aprobados por 53 votos a favor, 13 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 127.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019, agás os puntos introdutorio e 1, 2, 3, 4 e 5: *aprobado por 53 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx.129.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 131.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 133.) e *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 135.)

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 137.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero, así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 141.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 143.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 145.)

Nova intervención da señora Pierres López (S). (Páx. 147.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 148.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 149.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 151.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 153.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 155.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 157.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e tres minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Entramos na orde do día.

Punto primeiro, comparecencias en Pleno.

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para dar conta da proposta da Xunta dentro do proceso negociador para mellorar as condicións dos traballadores da Administración da xustiza en Galicia

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións en relación coa folga na Xustiza

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia, a primeira intervención, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Bos días, señor presidente.

Señorías.

Saúdo tamén os representantes sindicais que están hoxe nesta tribuna. E dígoo sinceramente. Alégrome de que estean aquí e de que escoiten todo o que hoxe se vai dicir nesta comparecencia.

A comparecencia —é coñecido— é a petición propia —e é certo tamén, acaba de dicilo o presidente, que o solicitaron os tres grupos da oposición— para dar conta do proceso de negociación que se está mantendo dende a Xunta de Galicia coa representación dos traballadores e traballadoras da Administración de xustiza para a mellora das súas condicións laborais. Ese é o título da comparecencia, iso vai ser o seu contido e iso é o que está facendo a Xunta de Galicia.

Neste momento, señorías, o paro indefinido, ao que se engaden as tres xornadas de folga previas, xa vai por vinte días laborables. Somos perfectamente conscientes dende a Xunta de Galicia de que isto está a causar numerosos prexuízos, por suposto aos propios traballadores que están facendo folga, pero tamén —e especialmente— aos cidadáns, que a día de hoxe están vendo como moitos dos trámites fundamentais que necesitan non se están re-

alizando, e, por suposto tamén, a aqueles máis directamente relacionados co servizo básico da Administración de xustiza, que son todos os colectivos que traballan directamente nos xulgados.

Polo tanto, señorías, o primeiro que ten que dicir a Xunta de Galicia é que somos perfectamente conscientes dun pacto e da relevancia do servizo básico da Xustiza. Por iso temos manifestado en varias ocasións e de xeito reiterado aos representantes sindicais, e tamén neste Parlamento e en todos os sitios onde se nos deu a oportunidade, que é necesario buscar unha solución. E aproveito e vou aproveitar esta comparecencia para volver tender a man do Goberno galego, e espero que haxa esa mesma receptividade, por suposto, por todos os grupos parlamentarios e tamén por todos os representantes sindicais. E cando falo de representantes sindicais, falo de todos os sindicatos. Estou certo, estou seguro de que a maioría —e digo a maioría— desexa unha solución negociada canto antes mellor.

Polo tanto, temos manifestado esta vontade de acordo da Xunta de Galicia. Señorías, puxemos ofertas concretas enriba da mesa, mellorámolas sucesivamente, ampliamos os puntos de negociación e, en definitiva, fixemos todo o posible para intentar chegar a ese acordo que mellore as condicións de traballo neste servizo público fundamental.

Quixera facer unha breve cronoloxía —creo que é necesario— para entender cal é a orixe de todo este proceso, en que punto estamos e a que punto queremos chegar, por suposto sen esquecer o falado e acordado nesta Cámara e, por suposto, poñendo o foco no que creo que a día de hoxe todos estamos absolutamente de acordo en que é o fundamental e o que está impedindo pechar o conflito, que é a cuestión económica. Isto é un conflito centrado nunha cuestión económica e, mentres alguén non admita isto —que hai algún que aínda non o admite, creo que é xeral, e creo que foi admitido pola representación sindical e, dende logo, pola Xunta de Galicia e creo que pola cidadanía en xeral—, mentres non se entenda que isto é unha cuestión económica e unha folga cunha reivindicación económica, será moi difícil pechala.

Con esta cronoloxía á que me refería, permítanme comezar non moi atrás, o 25 de outubro de 2017. Ese día celébrase unha mesa sectorial e a representación sindical sinala que quere tratar cinco puntos en concreto. Había outros a tratar. Non se trataron xa naquela reunión porque a representación sindical o que dixo é que había que falar de cinco puntos, que foron os que despois recentraron as reivindicacións que deron orixe á folga.

A Xunta de Galicia xa naquel momento se abriu a negociar estes puntos. Comezaron as conversas. Aquela xuntanza pechouse sen posibilidade de tratar outros que non fosen eses cinco puntos. Había algúns importantes, como, por exemplo, a dotación de persoal para os novos xulgados que se ían abrir finalmente o 31 de xaneiro, pero naquel momento podía ser incluso antes. Pero o certo e verdade é que só se puideron tratar eses cinco puntos, só se propuxeron eses cinco puntos para tratar.

O día 15 de novembro as organizacións sindicais presentaron un preaviso de folga, o primeiro para os días 1 e 13 de decembro, xornadas de folga que despois tiveron lugar. Antes destas xornadas, antes do día 1 e do día 13, houbo unha xuntanza, o 28 de novembro, para establecer os servizos mínimos por esas dúas folgas. E aí a Xunta, xa nesa xuntanza, ofreceu asinar un

documento comprometéndonos á negociación, co obxecto de intentar avanzar no consenso e evitar que se produciran, en primeiro lugar, esas xornadas de folga —que logo si que tiveron lugar— e despois intentar chegar a un acordo xa canto antes, e —insisto— xa no mes de novembro do ano pasado. Rexeitouse a proposta por parte dos sindicatos. Tivo lugar a primeira xornada de paro, que foi o 1 de decembro de 2017.

Tres días despois tan só xa houbo unha comparecencia nesta Cámara en virtude dunha interpelación do Partido Socialista. Fixen unha avaliación do paro que tivera lugar tres días antes, o día 1 de decembro. Cualifíqueino —porque foi así— cun seguimento importante e dei a coñecer as xestións que naquel momento estaba efectuando a Xunta de Galicia para intentar pechar todo o conflito. E nesa mesma sesión plenaria acordouse instar a Xunta de Galicia a negociar, ademais por unanimidade, cando a Xunta de Galicia xa manifestara a súa vontade días antes de abrir un proceso de negociación.

Neste proceso de negociación tivo lugar unha nova xuntanza, o 7 de decembro. Aí o Goberno galego levou propostas concretadas nun texto de acordo para intentar encauzar o conflito e foi rexeitado pola representación sindical, negáronse ao inicio das conversas naquel momento. Só catro días despois recibíuse un preaviso para unha nova xornada de folga, esta vez xa o 25 de xaneiro. Quero dicir que a Xunta de Galicia recibiu con sorpresa este preaviso, porque ao día seguinte tiñamos convocada unha nova xuntanza para tratar de avanzar nas negociacións. Pero o certo é que un día antes se recibiu un preaviso para unha folga case un mes despois.

O 12 de decembro —o día seguinte a recibir ese preaviso—, nova reunión e novo rexeitamento a negociar por parte da representación sindical. Pedíuse naquel momento un documento de propostas con máis concreción para empezar a negociar; mentres, a negociación non se abriría. E con ese obxectivo propúxose, fixéuse un calendario de reunións para tratar cada un dos cinco puntos de xeito individual e sucesivo —foi o que se dixo naquel momento—. Ao día seguinte —como dicía— tivo lugar a segunda xornada de folga, a do día 13 de decembro.

E nesta mesma Cámara, unha semana despois, aprobouse unha moción —tamén por unanimidade, non tivo ningún problema, non o tivo nin o ten nin o terá— en que se dicía que hai que seguir negociando. Naquela moción aprobouse a necesidade de establecer un período de diálogo permanente neste eido, e ademais con mandatos concretos, aos que logo me referirei.

Con esta vontade de negociación houbo unha primeira reunión no Consello Galego de Relacións Laborais, o 20 de decembro, xa cunha primeira oferta de incremento económico. A Xunta de Galicia —quero que quede claro nesta comparecencia, creo que xa está claro, non fai falta dicilo pero creo que é o sitio para recordalo— nunca se pechou a negociar un incremento económico. A Xunta de Galicia sempre recoñeceu que era necesario facer propostas de incremento económico. E na reunión do 20 de decembro xa se fixo a primeira oferta de incremento económico: 50 euros ao mes para o persoal xestor, 35 para o tramitador e 28 para o de auxilio; e, ademais, engadíase a oferta dun posible complemento para o persoal que traballa nos xulgados de violencia de xénero.

Seguinte reunión, tamén no seo do Consello Galego de Relacións Laborais. Segunda oferta económica. En paralelo íanse negociando outros puntos ao respecto. Houbo un acordo —e creo que iso está recoñecido, e tamén me gustaría referirme a iso na comparecencia—, recoñecido por todo o mundo, de que eses acordos se poden pechar xa. Agora, tamén dixerón os representantes sindicais que non se pecharían os acordos sen chegar ao acordo fundamental, que é o acordo no complemento autonómico, é dicir, acordo económico. Pero negociáronse en paralelo e dende hai moito tempo, e creo que eses puntos están pechados.

Pero nesta segunda reunión do 3 de xaneiro, segunda oferta de incremento: 59 euros ao mes para o persoal do corpo de xestión, 40 para tramitadores e 31 para auxilio.

Terceira reunión, terceira oferta económica á alza: 75 euros para os xestores, 62 para os tramitadores e 55 para os de auxilio. Paralelamente —insisto—, negociados outros tres puntos dos cinco, onde había practicamente acordo.

E, cerrados eses tres acordos e dilucidado que o escollo seguía sendo a oferta económica, incorpórase quen ten as capacidades de negociación no aspecto económico na Xunta de Galicia, que se tiña que incorporar, a Consellería de Facenda, a Dirección Xeral da Función Pública. E nesta reunión, que tivo lugar o 19 de xaneiro, expuxéronse os puntos en conflito e foi a primeira vez que as organizacións sindicais abandonan a mesa de negociación; houbo máis veces despois, esta foi a primeira.

O 25 de xaneiro ten lugar a terceira xornada de paro, —lembramos— preavisada xa dende o 11 de decembro; houbo reunións despois para intentar pechar o conflito.

En resumo, entre o preaviso e a folga, cinco reunións para tratar de achegar posturas, sen que se puideran achegar.

Retomamos tras a folga, cun seguimento importante tamén, as conversas o 31 de xaneiro, e a xuntanza remata co peche das organizacións sindicais —por suposto, antes levántanse da mesa—, nas dependencias da Dirección Xeral de Xustiza.

Dous días despois levantáronse tamén da reunión de fixación de servizos mínimos para a folga indefinida, dicindo xenericamente que eran excesivos, recorrendoos ante o Tribunal Superior de Xustiza. É certo que o Tribunal Superior de Xustiza aínda non se pronunciou sobre o fondo do asunto, pero denegou a petición de suspensión cautelar que tamén facían os sindicatos, dicindo que, en principio, eran de aplicación e, polo tanto, validando a súa aplicación, aínda que sexa transitoria.

Ao día seguinte, 7 de febreiro, comeza a folga indefinida. Ese mesmo día o director xeral de Xustiza comparece ante os medios para fixar as posicións por parte da Xunta de Galicia, reiterar as catro ofertas económicas que se fixeran para intentar pechar o conflito e recordar que outros puntos que reivindicaban os representantes sindicais estaban practicamente pechados.

Polo tanto, señorías, dende o comezo da folga indefinida, e antes tamén —xa o dixen en varias reunións—, con levantamentos da mesa por parte da representación sindical, houbo

tamén reunións xa coa folga indefinida convocada, o día 12, unha xuntanza, novo achegamento, nova proposta económica: 90 euros para o persoal xestor, 76 para o tramitador e 68 para o auxiliar, cumprindo o compromiso e mesmo o mandato deste Parlamento de equiparar, xa que estamos falando de equiparación, as retribucións no complemento autonómico á media do que se cobra no conxunto das comunidades autónomas. É unha media, un incremento, o que estaba mesmo enriba da mesa, de 1.000 euros ao mes de media, señorías, por traballador. E 1.000 euros ao mes é o que cobran moitos traballadores en Galicia. Esta oferta dígoa porque foi cualificada como ridícula por algúns, non por todos, por algúns representantes sindicais, unha oferta de 1.000 euros, que é o que cobran moitos traballadores e traballadoras ao mes en Galicia.

Mantivemos máis xuntanzas despois desta oferta de 1.000 euros de media ao mes, que foi —insisto— cualificada por algún representante sindical de ridícula. Unha semana despois, dúas novas xuntanzas: unha o 19 de febreiro, duración de nove horas e media, e outra o día 20, tamén cunha duración aproximada —un pouco menos, nove horas—. E creo que a conclusión desta última reunión é por todos coñecida: as organizacións sindicais volven levantarse da mesa e din que non lles vale algún dos negociadores, algún dos interlocutores designados no exercicio da súa liberdade —igual que tamén, por suposto, poden facer os representantes sindicais— pola Xunta de Galicia, mesmo con algunhas descualificacións de groso calibre cara a algún dos negociadores da Xunta de Galicia.

E xa para rematar esta exposición cronolóxica, como saben, o pasado día 24 houbo manifestación numerosa de traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia en Santiago, cuestión que á Xunta de Galicia, por suposto, lle parece absolutamente respectable, máxime cando se desenvolveu dun xeito normal, pacífico, como se teñen que desenvolver as manifestacións convocadas e celebradas de xeito democrático.

Polo tanto, señorías, resumo: no que atinxe á actuación da Xunta de Galicia, que —insisto— creo que é necesario para centrar toda esta cuestión: doce reunións dende que se plantexou o conflito, catro ofertas económicas —cada unha á alza respecto da anterior—, propostas adicionais da Administración da Xunta de Galicia de mellora das condicións laborais e de conciliación do persoal da Administración de xustiza e información constante tanto nesta Cámara, por suposto sempre que foi requirido polos grupos da oposición, como á cidadanía durante todo o proceso.

E, señorías, quixen comezar esta intervención con esta cronoloxía, como lles dicía, porque creo que ten que quedar claro que foi, que está e que permanecerá a vontade clara de negociación por parte da Xunta de Galicia. Queremos pechar este conflito, creo que é necesario pechar este conflito. Ademais, quixen centralo e relatar os números na cuestión salarial, porque esta é a cuestión —insisto—, e quen diga que non estase equivocando ou non está realmente no conflito. Esta é a cuestión que está impedindo pechar esta negociación: unha reivindicación de contido económico.

Non vou, porque creo que non é obxecto desta comparecencia —podo facelo na réplica—, facer un relato de todo o investido durante estes anos na Administración de xustiza pola Xunta de Galicia, de como medrou o presuposto, de como medraron as prazas de funcionarios, de como

se fixo un esforzo importante cos impostos dos galegos e das galegas para modernizar a Administración de xustiza. Pero aquí estamos nunha negociación, nunha reivindicación de carácter económico, e simplemente de carácter económico, e cando sexamos capaces de chegar a un acordo económico, poderase pechar este conflito, porque os outros acordos —supoño que non mo van discutir— están pechados, á espera de que se solucione o aspecto económico.

Polo tanto, como estamos no Parlamento e como hai un mandato parlamentario, gustaríame agora centrarme no que este Parlamento determinou que tiña que facer a Xunta de Galicia e no que se está facendo, en consecuencia, en virtude dese acordo parlamentario, para que se vexa onde está o conflito e como se pode solucionar.

O acordo parlamentario, que se aprobou por unanimidade, por recordalo —estou seguro de que o coñecen todos vostedes—, dicía literalmente que o Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de Xustiza de Galicia e abrir un período de diálogo permanente nos seguintes termos —e aquí viñan os puntos sobre os que había que negociar—.

Primeiro. Mellorando as retribucións dos traballadores da Administración de xustiza coa media do resto de comunidades autónomas, especialmente no complemento autonómico transitorio. Xa o dixen, señorías: doce reunións, catro ofertas á alza, á parte doutras melloras para determinado persoal da Administración de xustiza, nomeadamente o que traballa nos xulgados de violencia de xénero. Como dicía, ofrecemos un incremento dunha media de 1.000 euros mensuais. Con isto, Galicia situaríase na media, que era o que se estaba pedindo neste acordo parlamentario, do que cobran o conxunto das comunidades autónomas. Xa sei onde está a discusión, pero do conxunto das comunidades autónomas, das dezasete, superaríase a media do que se está cobrando. En concreto, no corpo de xestores, por riba de dez comunidades autónomas; no de tramitadores, por riba de once; no de auxilio, por riba de trece. Ademais, a isto habería que engadir os aumentos que lexitimamente percibirían todos os traballadores e traballadoras da Administración de xustiza cando se peche, e parece ser —ou así o transmiten ademais representantes sindicais, e isto está mesmo nos xornais—, definitivamente ese acordo que se está negociando a nivel do Estado para a subida do 8 % das retribucións de todo o persoal ao servizo das administracións públicas; é dicir, a esta subida que está plantexando a Xunta de Galicia agora mesmo, ao redor dun 4 %, engadiríase o 8 % que se percibiría, que percibirían, que percibiríamos todos os funcionarios públicos.

¿Que ocorre neste punto?, que é —e vostedes sábeno— o conflito. Creo que hai que plantexalo así, porque quen plantexe un conflito —e sabe do que estamos falando— pode empezar a atopar a solución para poder pechalo. As organizacións sindicais reclaman moito máis, polo menos reclámano a día de hoxe. De feito, o seu plantexamento, de 2.700 euros ao mes, situaría o complemento autonómico percibido en Galicia só por debaixo do que se percibe no País Vasco, que está —hai que dicilo— un 53,4 % por enriba da media do resto das comunidades autónomas.

Este é o plantexamento de agora mesmo, 2.700 euros ao mes. Polo tanto, a Xunta de Galicia dixo dende o principio que as arcas públicas non poden admitir, non poden negociar aceptando esta cantidade. Explicámolo moitísimas veces. Vostedes dinnos que si.

Eu preguntolles, señores da oposición, señores portavoces: isto, trasladado todo á Xunta de Galicia, son máis 500 millóns de euros. ¿É lóxico? ¿Hai que facelo? ¿Habería que dicirlló tamén despois ao resto dos profesionais en Galicia, que terían dereito a unha subida de 3.000 euros, igual que hai que aceptar a que están plantexando os traballadores da Administración de xustiza? Esta é a gran pregunta.

Despois, cando veña dende un administrativo, dende un profesional liberal, dende un condutor de autobuses, dende un enfermeiro, e cando diga que 2.700 euros de media ao ano, eu digo, simplemente: ¿vostedes diríanlle tamén que si? ¿Nas administracións que están gobernando, se esta petición lles fora feita por todos os funcionarios desas administracións que vostedes gobernan, diríanlle tamén que si? ¿Ou é moito máis cómodo dicir que lle ten que dicir que si a Xunta de Galicia pero a vostedes dicir que esa reivindicación non lla plantexen? Esta é a gran pregunta, esta é a gran pregunta, e isto é o foco da negociación.

E cando se negocia e se fala destas cousas que se plantexan, inténtase chegar a unha solución. Agora, é moi fácil facer demagogia, é moi fácil dicir que fagan outros o que vostedes non estarían en ningún caso dispostos a facer. (*Murmurios.*) 2.700 euros ao ano é o que está agora mesmo enriba da mesa por parte da representación sindical e o que está impedindo que se peche este acordo.

Segundo punto. Consolidar as prazas que responden a necesidades estruturais, especialmente as de máis de tres anos. O plantexamento está claro, creo que aquí non hai conflito: converteranse en fixos 36 postos de reforzo. Esas prazas, se se chega a un acordo cos sindicatos, podíanse ofertar xa no seguinte concurso e darlles unha oportunidade a 36 homes e mulleres funcionarios da Administración de xustiza que agora mesmo están traballando fóra de Galicia a que tiveran unha oportunidade para vir traballar á súa terra. O custo desta medida é arredor dun millón de euros. Son 6 novas prazas de xestión, 24 de tramitación, 6 de auxilio; 16 na provincia da Coruña, 5 en Lugo, 5 en Ourense e 10 en Pontevedra. Todo isto coñéceno os sindicatos e atévome a dicir que o aceptarían como parte do acordo de cinco puntos que plantexaron.

Terceiro punto. Repoñer as prazas que foron amortizadas naqueles supostos ámbitos de especial afectación. Creo que neste punto tampouco hai demasiado conflito. Aquelas prazas incluídas no plan de reordenación que non fosen obxecto de creación doutro órgano ou servizo serían creadas negociadamente onde sexa necesario, particularmente en servizos comúns que centralicen e melloren os servizos prestados ao cidadán no marco da nova oficina xudicial. Polo tanto, señorías, as prazas serán reordenadas, é dicir, trasládanse dos órganos e servizos onde non son necesarias para os que si o son, como xa se fixo coa consolidación de reforzos de fiscalía; por exemplo, a creación de prazas de médico forense ou novas dotacións en xulgados. Así, xa foron creadas, entre outras, 5 prazas nos xulgados de Lalín, Viveiro e Sarria; 26 nas fiscalías; 31 prazas en novos xulgados, que comezaron a funcionar o 31 de xaneiro. Insisto: creo que neste punto tampouco habería conflito.

Cuarto punto. Negociar o acordo tendente de acadar a eliminación da discriminación no ámbito xudicial con outros corpos de funcionarios ou autoridades no tratamento das situacións de incapacidade temporal. Aquí vólvome remitir —e os sindicatos coñéceno perfectamente—

ao acordo que se está negociando —e tamén é un feito coñecido e constatable— a nivel xeral. Polo tanto, cando se acorde e cando se acade este acordo a nivel xeral, a Xunta de Galicia estenderao na versión máis favorable para os funcionarios, non só para os da Administración de xustiza —como creo que é lexítimo entender—, senón para todos os traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia, na súa versión máis favorable, dentro do arco que se permita nese acordo xeral, e aplicarao inmediatamente, pero non só para os funcionarios de Xustiza, senón tamén para todos os traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia. E este é un acordo próximo, segundo se nos ten relatado e segundo coñecen tamén os representantes sindicais.

Último punto. Haberá 100 % nas retribucións nos casos de substitucións dun corpo superior, demandando ao Goberno do Estado a reforma da lexislación estatal mediante a aplicación do principio de non discriminación e igualdade de trato, recollida na sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 14 de setembro de 2016.

Saben vostedes que neste punto —e coñéceo o señor Villares especialmente— hai sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza que impedían esta aplicación. A Xunta de Galicia intentouno e non puido ser. Xa se solicitou un ditame a un experto para poder amparar a medida que permita que a Xunta de Galicia pague. Non hai ningún problema tampouco nisto. Hai que modificar a norma para incluír a percepción desta cantidade adicional. Falta ese ditame dun experto, pero está isto entregado. Polo tanto, a Xunta de Galicia faría estes desembolsos, este pago ao persoal funcional que estea ocupando un posto superior para que perciba a mesma remuneración, cousa que nos parece lóxica, entendible e totalmente defendible.

E, a maiores, a Administración autonómica saben vostedes que ofreceu melloras adicionais en materia de violencia de xénero e de conciliación. De conciliación, pretendendo pasar de 16 semanas a 20 no caso de baixa por maternidade e de 29 días a 5 semanas no caso da baixa por paternidade. Con isto colocaríanse os funcionarios de Xustiza nun posto primeiro respecto dos seus compañeiros no conxunto do Estado.

E tamén ofrecemos aboar mensualmente un complemento por obxectivos ligado ao traballo, como lles dicía antes, aos funcionarios e funcionarias dos xulgados de violencia de xénero: 100 euros máis ao mes a cada funcionario ou funcionaria nos xulgados exclusivos —A Coruña e Vigo—; 75 ao mes a cada funcionario dos xulgados de instrución que teñen atribuída a competencia de violencia de xénero —Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, é dicir, o resto das cidades—; e 50 ao mes a cada funcionario dos xulgados das vilas que teñan atribuída a competencia de violencia de xénero cando exceda o ingreso de 100 dilixencias previas urxentes ao ano. Isto tamén é coñecido pola representación sindical. É ademais unha medida que se suma á creación de 7 prazas de psicólogos —xa están traballando— nos xulgados de atención ás vítimas das sete grandes cidades.

Polo tanto, señorías, estes son, primeiro, os antecedentes ás negociacións. Non é certo que a Xunta non negocie, non é certo que a Xunta non faga propostas: doce reunións, catro propostas á alza. A Xunta quere pechar este conflito. A Xunta, como lles dicía ao principio, é perfectamente consciente de que o servizo de Xustiza é un servizo fundamental, é un servizo básico. A Xunta de Galicia é perfectamente consciente de que os cidadáns non poden —e os

profesionais por suposto tamén, pero falamos dos cidadáns en xeral, que son os que sosteñen todos os servizos públicos cos seus impostos— deixar de percibir servizos básicos da Xustiza que lles son imprescindibles para exercer outros dereitos.

E, polo tanto, faremos todo o posible para pechar o conflito dende a racionalidade. Non se senta o señor Rueda a negociar, non se senta o director da Función Pública, non se senta ningún representante da Xunta en concreto, séntase a Xunta de Galicia, que administra os recursos de todos os galegos e galegas. Vólvolles deixar esta pregunta enriba da mesa, ¿vostedes aceptarían directamente a petición que agora mesmo está plantexada como inamovible por parte das representacións sindicais, polo menos por parte dalgúns sindicatos?

¿Vostedes teñen algún tipo de explicación? Gustaríame que, se a houbera —esta é unha comparecencia pero tamén un debate parlamentario—, a dixeran aquí. Despois de reunirse coa representación sindical, cando o conflito xa estaba aberto; despois de dicirlle que aceptaran as súas reivindicacións, que naquel momento eran moito máis altas aínda das que son agora; cando votedes dixeron que si e despois, na fase de emendas, dous dos grupos parlamentarios, o BNG e o Partido Socialista, puxeron cero euros no capítulo I para este aumento salarial, ¡cero euros!, e as Mareas de Podemos puxeron catro euros ao mes, ¡catro euros ao mes! na modificación do capítulo I. ¿Vostedes cren que un conflito se arregla así? ¿Cren que é lexítimo dicirlles aos traballadores e traballadoras, aos seus representantes sindicais, que están de acordo, que os van apoiar, e cando teñen a ocasión de plasmar ese apoio nos orzamentos, que é con cargo ao que se pagan esas axudas, poñen cero euros ou poñen catro euros ao mes? Señorías, nós intentamos ser moito máis serios... (*Interrupcións.*) (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Villares. Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): A Xunta negociou, negocia e negociará. Queremos pechar este conflito. Queremos facer todo o posible e farémolo. Pero tendo en conta que non se senta ningún representante concreto da Xunta de Galicia, séntase a Xunta de Galicia, séntanse tamén os galegos e as galegas cos seus impostos, sosteñen os servizos públicos, sosteñen as subidas salariais que poidamos acadar e nos piden racionalidade e non demagogia.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Quero, en primeiro lugar, darlle a benvinda á representación do comité de folga que está presente neste pleno e tamén aos traballadores e traballadoras que están fóra, na rúa, demandando xustiza para os traballadores e traballadoras deste ámbito.

Señor Rueda, gustaríaame, en nome do BNG, preguntarlle se vostede se sente contrabandista. Se vostede almorza todos os días con contrabandistas ou vive rodeado de contrabandistas. Se lle parece que Galicia é un país de contrabandistas ou se foi de vacacións algunha vez con narcotraficantes, porque isto parece que é o habitual neste país.

Din vostedes que son os que máis se parecen aos galegos e ás galegas, e o que lle dicimos desde o BNG é que a maioría dos galegos e das galegas non se relacionan con contrabandistas; a maioría dos galegos e galegas non van de vacacións con narcotraficantes... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, á comparecencia, ao tema de xustiza.

O señor BARÁ TORRES: Si. Imos entrar, entón, en fariña xa. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: É unha expresión. É unha expresión coloquial.

O señor BARÁ TORRES: Imos entrar en fariña, señor Rueda, señores do Partido Popular.

Mire, quen sementa ventos, recolle tempestades. Estamos a vivir unha tempestade social e vostedes parece que non queren enterarse. É realmente un ciclón de malestar. Non estamos falando só da xustiza, é un auténtico ciclón de indignación contra os gobernos do Partido Popular, contra as políticas aplicadas ao longo de todos estes anos co pretexto da crise, que foi en realidade unha escusa para un axuste de contas. Pero non só un axuste de contas orzamentario, senón tamén para un axuste de contas en materia —e a min isto paréceme máis grave aínda— de dereitos laborais, de dereitos democráticos. Vostedes o que pretenderon ao longo de todos estes anos foi atemorizar, meter medo. Estamos vendo como utilizan continuamente as leis —a lei mordaza, por exemplo, ou o Código penal— para perseguir a xente que discrepa, a xente que expresa a súa liberdade de expresión. Pero a xente tamén está empezando a dicirlles ¡basta!, señores do Partido Popular. A xente está descubriendo, ademais, os enganos, as trampas e as mentiras como as que veu vostede pronunciar aquí, que empezou moi moderado, moi dialogante, moi con vontade de acordo, e acabou facéndolles na tribuna do Parlamento oposición aos sindicatos e oposición á oposición.

Ese non é o papel dun gobernante responsable, señor Rueda. Non o é. Vostede non veu aquí tender a man. Veu aquí facer o que leva facendo durante todo este tempo, que é botar máis leña ao lume, facer de bombeiro pirómano. Iso é ao que veu vostede aquí, e é absolutamente lamentable. Vostede hoxe non contribuíu a achegar posturas, senón que ao que veu é a provocar, que é o que leva facendo todos estes meses.

A xente está cansa dos enganos e das mentiras, porque vostedes lles contaron un conto —un relato, como se di agora— e agora estase descubriendo a trampa, estase descubriendo a mentira. Vostedes dixeron: saímos da crise despois de moitos esforzos —por certo, esforzos e sacrificios que lle fixeron pagar á clase traballadora en rendas e en dereitos—, e agora que sobe o PIB, que hai unha mellora económica, resulta que non hai repartición, non hai devolución do roubado, non hai xustiza, polo menos para a maioría, para vostedes si porque vostedes si que se soben o soldo. O señor Feijóo, os conselleiros e o señor Rueda o ano pasado soben o soldo e este ano soben tamén o soldo, pero para o resto do persoal da función pública

non hai xustiza, non hai devolución do espoliado. Por iso o malestar, por iso o cabreo, por iso a indignación de tanta xente, por iso esta onda de protestas e de indignación. Porque quen sementa ventos, recolle tempestades, señores do Partido Popular.

E aí están as protestas, a indignación contra a corrupción do sistema e a corrupción do Partido Popular, que é un partido corroído pola corrupción. Está a sublevación, por exemplo...

Cando lle toque falar a vostede, señora Prado del Río, veña aquí e diga o que queira, pero agora escoita, ¿vale? Agora escoita. Agora tócalle escoitar, si. Non lle gusta, pero tócalle escoitar.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BARÁ TORRES: A onda de sublevación, por exemplo, dos pensionistas. Vostedes pensaban que era unha xente mansa, submisa, e resulta que agora tamén se están sublevando. A onda da rebelión dos emigrantes retornados, na sanidade, na xustiza, por suposto, nas mulleres, que si van facer folga este xoves. E vostedes din ¿por que a folga xustamente este ano? ¿Sabe por que? As mulleres non lle piden permiso a ninguén para facer folga porque exercen un dereito. Non lle piden permiso ao Partido Popular para facer unha folga, fana agora porque deciden que hai que facela agora. Ademais é unha folga que se convoca en todo o mundo, non é unha folga precisamente —como pensan vostedes, que teñen esa manía persecutoria— contra o señor Feijóo e contra o señor Rajoy. É unha folga que decidiron facela as mulleres agora.

E, desde logo, tamén o persoal da xustiza fronte a esa discriminación salarial e laboral. E xa lle digo que non é unicamente, nin principalmente, unha reivindicación salarial, que é onde queren levar vostedes o debate, señor Rueda, botándolle a xente enriba ao persoal da xustiza.

Estamos no 2018 e acabou a tregua social, porque quen sementa ventos, recolle tempestades, señor Rueda, e hai un movemento de indignación e de rebeldía na sociedade, hai un pobo vivo, un pobo con dignidade, estanlle movendo a terra debaixo dos pés ao Partido Popular, están a mover as poltronas do Partido Popular, e vostedes seguen instalados na prepotencia e na soberbia, seguen instalados nesa maioría absolutista, e así non van, dende logo, parar esta tempestade, este vendaval democrático de xustiza e de dignidade que, como sigan así, vai levar por diante o Partido Popular.

Señor Rueda, vostede contounos aquí unha cronoloxía, pero é unha cronoloxía trampeada, unha cronoloxía falsa. Vostede contounos unha historia que empeza o 25 de outubro, e esta historia non empeza o 25 de outubro, señor Rueda, esta historia empeza no 2012, no 2013, cando empezan a facer recortes a todo o persoal da Administración pública e ao persoal da xustiza. Cando lles meten a man no bolsillo e lles incautan o 20 % do salario, e perderon entre 6.500 e 10.000 euros ao longo deste período. Aí empeza a historia.

E a historia tamén empeza despois do verán, cando hai ese intento de negociación por parte do comité dos sindicatos da xustiza e encontran as portas pechadas. Sobre todo, señor Rueda, a súa porta. Porque vostede, en oito anos de conselleiro, non se reuniu nunca cos sindicatos

da xustiza. Élles máis fácil reunirse co ministro de Justicia que con vostede, e este é un síntoma tamén da súa falta de vontade de diálogo. Iso chámase prepotencia, iso chámase chulería, nada máis e nada menos. E aos traballadores e traballadoras da xustiza resulta que se lles acabou a paciencia, e isto vostede non o entende.

Despois de moito aguantar, despois de moito ceder, despois de moito renunciar, despois de anos de sacrificios, de que lles metese a man no bolsillo, de que os humillase e denigrase, dixeron: ¡xa está ben!, ¡ata aquí chegamos! E plantáronse. E reivindicaron o que é xusto, reivindicaron os seus dereitos. Nese sentido son un exemplo, son un orgullo, nestes tempos que corren, ademais, de resignación, de medo e de renuncias. E aí está esa folga indefinida que xa vai para un mes —que se cumprirá mañá—, e recórdolle, señor Rueda, que ten un apoio masivo.

E non só iso, senón que agora, ademais, hai tamén convocada unha folga de forenses, ¡mire vostede! E agora tamén se fala a nivel de Estado dunhas mobilizacións e dunha convocatoria de folga por parte de xuíces, maxistrados, maxistradas e fiscais. E isto con todas as consecuencias negativas que sabemos que ten a folga para todo o mundo, pero tamén para quen a fai, que perden moito diñeiro por facer a folga. Non sae gratis facer unha folga, e ten moito mérito facer unha folga como están facendo os traballadores e traballadoras da xustiza.

Nesta semana, dende que comezou o conflito, nesa cronoloxía falsa que nos contou vostede, viuse claramente a irresponsabilidade dos máximos dirixentes da Xunta e, sobre todo, súa e do señor Feijóo, que non tenderon pontes, como dixó vostede aquí, non tenderon pontes. En lugar de achegar posturas, escolleron unha estratexia de confrontación, dedicáronse a botar leña ao lume. Atacaron o persoal da xustiza con descualificacións, con mentiras sobre a negociación, como fixo vostede aquí, porque non hai asinados acordos neses tres puntos, porque vostedes aínda non deron os datos das prazas de reforzo nin deron os datos das prazas amortizadas, e sen iso non se pode acordar nada, por poñerlle un exemplo. Igual que a manipulación que fan das cifras económicas.

Vostedes o que fixeron foi demonizar os traballadores e traballadoras acusándoos de ser uns privilexiados e de ser xente insolidaria, intentando enfrontalos coa xente parada ou coa xente que cobra o salario mínimo. Paréceme realmente unha ruindade que fagan ese tipo de argumentación, que o que fai é encirrar aínda máis os ánimos. Non utilicen eses argumentos porque non achegan posturas así, señor Rueda.

E agora, por se fora pouco, resulta que veñen coa chantaxe de que teñen que deixar de facer folga para sentarse a negociar. ¿Pero vostede non se dá conta de que a folga é un dereito fundamental que teñen os traballadores e traballadoras e que teñen que respectalo, señor Rueda?

Chegados a este punto, nós pensamos, desde logo, que hai que buscar unha solución. O BNG defende que se busque unha solución. Ademais, unha solución que para nós ten que basearse en dous principios. O primeiro, unha mediación externa. Está claro que as posturas están enfrontadas, que o conflito está enquistado. Entón ¿que problema hai en buscar unha mediación externa? Nós pensamos que debería ser o Consello Galego de Relacións Laborais,

onde, por certo, xa houbo avances na negociación. E esa negociación tamén ten que ter como base os acordos parlamentarios. O que pasa é que vostedes están afeitos e afeitadas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...á submisión, ao medo e á chantaxe, e cando lles plantan cara como fan agora, o que buscan é a revancha, o que buscan é a vinganza e o que buscan é facer pagar un alto prezo por ese desafío.

¡Non se enteran, señor Rueda! Xa non é esta unha folga polos dereitos salariais e laborais, vostede insistiu moito que era unha cuestión económica. Por certo, se aceptan este acordo que lles propoñen vostedes —que non prevé ningún incremento para o ano 2018, por certo—, o que farían é que no 2020 estarían cobrando un 9 % menos da media do Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Esta non é xa —remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...unha cuestión económica, agora é sobre todo unha folga pola dignidade; é unha folga pola dignidade. E se non entenden isto, é que non entenderon nada. Polo tanto, baixen dese pedestal de soberbia e de chulería, acepten a mediación e cumplan os acordos parlamentarios.

Nada máis e moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todos os representantes dos traballadores e bo día a todas as señorías.

Hoxe é día 6, pasadomañá será día 8, o día no que as mulleres imos reivindicar o noso dereito á igualdade, tamén na xustiza, e unha das xuristas pioneiras que loitou pola igualdade das mulleres foi Concepción Arenal, disfrazábase de home para poder ir ás clases, cortou o pelo, vestiu levita, capa e chapeu de copa. Iso si, cando aceptaron que fose ás clases, era un home da súa familia o que a levaba á facultade, ata que a través de varios homes chegaba ás clases que compartía só con homes. Falamos do ano 1842, e cento setenta e seis anos despois máis do 70 % das traballadoras de Xustiza son mulleres, e máis do 64 % das persoas da xudicatura menores de cincuenta anos son mulleres. Pero, ningunha das cinco salas do Tribunal Supremo está presidida por unha muller, nin tampouco o Tribunal Constitucional. E a causa é que vivimos nunha sociedade machista, e por iso nós imos parar o día 8 de marzo, tamén pola igualdade das mulleres e dos homes na Xustiza. (*Aplausos.*)

Porque isto vai de xustiza, e isto vai de liberdade. Hai un artigo, que é o 24 da Constitución, conselleiro, que fala do dereito de defensa, e no dereito de defensa hai a posibilidade de mentir para defenderse, e vostede subiu aquí exercer o seu dereito de defensa mentindo, estaba tan nervioso que nos falou dunha suba mensual de 1.000 euros para cada un dos traballadores. Se iso é así, paramos a comparecencia, redactamos un acordo no que, efectivamente, se diga que de media van cobrar 1.000 euros cada un e rematou, vostede pode marchar para San Caetano e nós quedamos aquí e seguimos co Pleno. *(Aplausos.)*

Porque vostede sabe que non é certo, non é certo, vicepresidente, non é verdade. Se vostede duplica a oferta que teñen vostedes enriba da mesa, é probable que xa estean tan pretos na petición dun lado e na oferta, pola súa banda, que se chegue a un acordo. Pero vostedes están nunha posición inamovible; non nos conte aquí que se eran 50, e logo 90, e, ¿en cantos anos?, ¿que media?, ¿de que comunidades autónomas? Porque vostede nunha táboa que lles deu aos sindicatos poñía 19 comunidades autónomas, e agora vénnos aquí mentir dicindo que son 17. Xa o sabemos, efectivamente, non mente, son 17, nunca foron 19, conselleiro *(Aplausos.)*

Non minta, porque, precisamente porque vostede mente, estamos onde estamos, e a vostede xa non o cre ninguén, conselleiro, leva nove anos sen ter ningún tipo de relación cos representantes sindicais, nin cos traballadores de Xustiza.

E o 19 de decembro de 2017 foi cando aprobamos aquí por unanimidade —vostede tamén— a nosa moción, e entre esa data e o día de hoxe, ¿que pasou? Vostede dános a sensación de que perdeu peso específico no Goberno, quizais os que dan ordes en Xustiza son o conselleiro de Emprego e o conselleiro de Facenda, porque non entendemos moi ben por que o Consello Galego de Relacións Laborais primeiro si, logo non, por que entra o director xeral da Función Pública, que realmente é quen corta o bacallau aí. ¡É un pouco estraño!

Vostede comparece hoxe aquí forzado, señor Rueda, non diga que foi a petición propia, efectivamente pediu vostede e rexistrou vostede a súa comparecencia ao día seguinte de que toda a oposición lle pedise que comparecese. Polo tanto, voluntariamente non foi, vostede veu aquí porque sabía que non tiña moitas outras opcións.

Pero chega tarde, chega nove anos tarde. Non hai rastro da nova oficina xudicial, nin relación de postos de traballo, nin regulación de procedementos en materia de saúde laboral, non hai nin protocolos, non hai partes de accidente específicos que cubrir, porque non está establecido o procedemento. Non hai nada de investimento en novas tecnoloxías, Lexnet cól-gase de maneira diaria, os traballadores non poden traballar.

Señor Rueda, Amtega é un chiringuito, parece mentira que vostede veña aquí contar isto que nos conta, porque esta é unha cuestión que vén de hai moitos anos. A Xustiza está transferida dende os anos noventa, señor Rueda, e vostede hai case nove anos que é conselleiro, e estamos onde estamos e a responsabilidade é súa, non é desas persoas que están aí arriba, nin de todos eses que están aí fóra pedíndolle que se sente a negociar. É exclusivamente súa, de ninguén máis.

Vostede nestes nove anos nin unha soa medida que pretendese mellorar o servizo público da Xustiza aos cidadáns, e é verdade que na súa comparecencia a cousa foi *in crescendo* ata chegar a esa alegoría final da demagogia, que foi o que nos contou, pero vostede non se atreveu a dicir aquí que esas persoas que están aí arriba teñen os cidadáns como reféns pola súa convocatoria de folga, non se atreveu. Di iso nos medios de comunicación, pero aquí non se atreve a repetilo, ao mellor na segunda parte é capaz de facelo. Non o sei.

O certo é que estamos na cuarta semana de folga, hai miles de xuízos suspendidos, os xuíces case non teñen sentenzas para ditar porque xa non hai xuízos e non quedan sentenzas pendentes. ¿E que van facer despois? O 22 de maio probablemente ir á folga tamén, e os fiscais.

Voulle ler unha frase, que non é de ningún enlace sindical radical: «A nosa postura é que o camiño do diálogo tocou o seu fin, hai que adoptar algún tipo de medida porque temos a sensación de que non nos fan nin caso.» Esa frase, que poderían dicir calquera dos que están aí arriba, ou calquera dos traballadores do servizo público da Xustiza, é unha frase dun fiscal, que dende logo radical, e por suposto enlace sindical, seguro que non é. Iso quere dicir que o problema da xustiza é un problema endémico, e vostede ten parte de responsabilidade. Non poña condicións, non pida que se suspenda a folga, porque hai unha cousa, que cando un está sentado na poltrona da maioría absoluta ao mellor lle custa entender que a cousa non vai así.

Señor Rueda, permítame que lle dea un consello: primeiro séntome a negociar, e cando estou sentado, en función de como evoluciona a negociación, plantexo a suspensión da folga, porque hai un real decreto lei que é do ano 1977, do 4 de marzo, que no seu artigo 8 di: «Durante a folga, o comité de folga e o empresario, ou os seus representantes designados, deberán negociar para chegar a un acordo, sen prexuízo de que en calquera momento os traballadores poidan dar por terminada a folga.» É preconstitucional, e segue en vigor e regula o dereito de folga; fala de que as negociacións, practicamente, son obrigatorias, e que continúe ou non a folga non é impedimento para continuar a negociación.

Revise o artigo e fágalle unha copia ao presidente Feijóo, que tamén cremos que necesita darlle un repaso.

Os representantes están dispostos a negociar, pero partindo do acordo unánime ao que chegamos nesta Cámara, é evidente, o que non se pode é dicir unha cousa aquí e outra cousa fóra. Bueno, vostede non, primeiro o conselleiro de Emprego, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, e logo o conselleiro de Facenda, a través do director xeral da Función Pública.

Os sindicatos aceptan reunirse con vostede para que lles explique cales son as novidades dende aquel 19 de decembro do ano pasado, ¡é sinxelo!

Non veña aquí contarnos un calendario que todos coñecemos, e que os que estamos na oposición estamos aburridos, e esas persoas que están aí estano padecendo nas súas familias, porque é certo, ir á folga non é ir á perruquería. Un vai á folga, despois, dende os anos noventa, por primeira vez na historia da Xustiza, e non vai por gusto, vai porque está descon-

tento, vai porque isto é unha cuestión de discriminación laboral e salarial, non é unha cuestión de cartos, e aínda que o fose, a folga é un dereito constitucional e calquera deles podería ir. *(Aplausos.)*

Conselleiro, se o dicía un real decreto lei preconstitucional, non viva vostede noutra época e utilice ese real decreto lei. O ministro de Xustiza está asustado do agravio comparativo e da diferenza salarial que hai, e os únicos que non parecen entendelo son vostedes. Bueno, o ministro de Xustiza xa ten bastante co que lle vai caer a partir de agora ata o 22 de maio, ¡xa ten bastante!

Non digan vostedes que o conflito está politizado, porque sempre foi un conflito político, sempre o foi. ¿Ou é que vostedes non son políticos? ¿Que son entón, se non son políticos? ¿Vostede non é un político?, ¿o presidente da Xunta non é un político? ¿Ou é que vostedes fan propia aquela frase de «*Haga como yo, no se meta en política*», do ditador Franco? Vostedes serán políticos, e se son políticos este é un conflito político, evidentemente. Por iso estamos aquí, porque esta é unha Cámara de representación dos cidadáns, se non non estabamos aquí. *(Aplausos.)*

Está moi feo —dixo o presidente da Xunta— que se utilizara un conflito salarial de índole laboral para sacar rédito político. Non está feo ir cunha manguerita e cunha camisa branca impoluta dicindo que se van apagar os lumes. Iso non é feo, iso é elegante, probablemente.

Non está feo utilizar os catro mortos do ano 2006 polos lumes para botárllelos na cara ao que era naquel momento presidente da Xunta. *(Aplausos.)* Iso non é feo. Feo é reivindicar un dereito fundamental que protexa a Constitución.

Mire, conselleiro, esta é a nómina dunha traballadora de Xustiza, leva vinte e dous anos de servizo, é do grupo A2, gaña menos de 2.200 euros brutos ao mes, uns 30.000 euros brutos anuais. Se é certa esa noticia que saíu nalgún medio de comunicación, pola que vostede lle ofrecía 36.000 euros, está aí arriba e, polo tanto, podería baixar; facemos outro documento que firme esa traballadora e que vostede diga que todas, coma ela, van cobrar 6.000 euros máis ao ano, porque firma agora mesmo, ¡agora mesmo!

Estaría ben que, ao mellor, cando remate a comparecencia suba vostede e lle diga a esa traballadora que, efectivamente, lle vai pagar 6.000 euros máis ao ano, porque se é así acabou a cuestión.

É feo intoxicar a opinión pública, conselleiro, o único que ten que facer vostede é moi fácil: séntese, duplique a oferta, para empezar cos representantes sen condicións, nada de suspender nada, lea o real decreto lei do ano 1977. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Séntese con humildade, e negocie partindo do acordo ao que se chegou aquí o día 19 de decembro do ano pasado, non dilapide os cartos de todos pagándolles con prórrogas case 740.000 euros a unha empresa Everis Spain, para que faga un estudo que

xa tiña que ter feito a Dirección Xeral de Xustiza se o director xeral dese conta do recado. Esta é unha cuestión de xustiza e de dignidade, conselleiro.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, representantes sindicais e compañeiros e compañeiras.

Bo día, señor Rueda.

Señores deputados e deputadas.

Subo hoxe a este estrado con certa preocupación, señor Rueda, porque non sei se vostede me vai contestar ou me pedirá que deixe de defender os dereitos dos cidadáns e cidadás se quero falar con vostede. Se o fai cos traballadores e coas traballadoras da Xustiza, ¿por que non o vai facer con nós?

Bueno, de feito é que xa o fan habitualmente, xa o fan, son un goberno que non goberna, xa que nin sequera cumpre o que aproba nesta Cámara, como no referente á proposta de En Marea do 4 de decembro de 2017 sobre as reclamas para subsanar as súas deficiencias —como xa se explicaron de anos—, as do seu goberno en materia de xustiza, que eran de consenso de toda esta Cámara, e que é principalmente o que move esta folga, non —como vostede dixo— son os motivos económicos, senón unha mellora do servizo público da Xustiza.

Iso si, para facer oposición á oposición, fano como ninguén, e calquera que lle leve a contra, como neste caso, non sabe o que é a palabra negociar, porque mente cando di que se quixo negociar, porque non retiraron nin deron marcha atrás en ningún dos puntos que se lles pedía. Está mentindo. E non é tan raro, porque, á fin e ao cabo, que a nós tampouco nos escoiten e nos manden calar tamén é algo habitual na súa forma de goberno, e ademais tendo en conta que nós, ademais de representantes da cidadanía, non deixamos de ser traballadores e traballadoras do Poder Lexislativo e, polo tanto, dannos o trato que acostuman a dar a calquera traballador ou traballadora protestona, que reclama cousas tan absurdas e inaceptables para o Partido Popular imputado como dereitos roubados, espoliados ou non adquiridos, pero lexítimos.

Vostedes, representantes deste Partido Popular imputado en Galicia, non deixan de repetir que teñen maioría absolutísima, unha maioría absoluta que algunhas consideramos dopada pola corrupción, polo caso, por exemplo, presuntamente, Naseiro, a Gürtel, pasando por Pokemon, Pikachu, Patos, Orquestra, Vendex, Campión, etc., etc., etc. ¡Iso si que é irresponsable, señor Tellado, iso si que é irresponsable, señor Miguel Tellado!

Nunha semana coma esta, na que se celebra o Día internacional da muller traballadora, unha folga feminista, histórica, o PP de Galicia fai gala do machismo estrutural que o habita e

non admite un non por resposta, esa é a verdade. Para o seu goberno é o que vostedes queiran e cando vostedes queiran. O arte de consensuar e de dialogar do señor Rueda, e do cal vostede saca peito, é: «eu fágovos unha proposta, se non a aceptades é que non queredes negociar», e, «ou a tomades ou vos vou colocar a etiqueta de inflexibles, que non queredes chegar a un acordo, que estades prexudicando a cidadanía»; cando estamos ante un goberno tan dialo-gante e tan honesto que non abusa nada do poder da súa maioría absoluta ante os conflitos, ¡nada!

Iso si, os membros do partido imputado de Galicia, do cal —como xa é tristemente famoso— o seu ex secretario da organización, Pablo Crespo, lles repartía pasta dos empresarios — todo segundo a súa versión—. «Todo sexa dito», como lle dixo o señor Évole ao señor Feijóo en *Salvados*, que xa puido experimentar o que é facer entrevistas fóra da TVG.

¡Non renuncian vostedes, ningún dos que están aí, a ningún euro dos seus privilexios nin dos seus sueldazos! Vimos a nova autosubida —que vostedes negan— dos soldos dos mem-bros do Goberno —aquí a temos—, ¡aquí está!, un 9,7 % fronte ás nóminas do persoal fun-cionario, que, efectivamente, moitos están arredor dos 1.000 e poucos euros. Efectivamente, pero vostedes din que debe de ser unha sorte que agora teñamos un modelo tan precario que se teñan que conformar os traballadores despois da súa brillante xestión económica a so-brevivir con 1.000 euros. E fan gala diso sen contar que non saben distinguir nin as cifras, abusando do método mentireiro Feijóo.

Pero, claro, mentres vostedes se soben o soldo un 7 %, néganlles a subida aos traballadores da Xustiza, que non vaia ser que despois falten os cartos; mentres os membros do Goberno *low cost* do señor Feijóo pasen necesidade ou caian en exclusión social, como a súa compa-ñeira Esperanza Aguirre, que disque non chega á fin de mes. É un escándalo querer colocar o mantra de que os funcionarios de Xustiza están en folga por unha cuestión meramente económica. Eses abusadores, que maioritariamente cobran pouco máis de 1.000 euros. ¡Que pouca vergoña —tal e como está o país e co que pasou neste país— que recorran a ese tipo de argumentos! ¡É escandaloso! Eu, como empregada pública, avergónzome profundamente despois do que lles fixeron ás administracións públicas. Avergónzome profundamente.

Pois, mire, ademais disto, como muller galega, empregada pública e membro do Lexislativo nestes intres teño que dicirlle —igual que os traballadores e traballadoras da Xustiza— que non é non. E teñen todo o dereito a dicirlles que non á súa proposta, porque é inaceptable, están mentindo e é un insulto á súa intelixencia.

Os galegos e galegas levamos xa catro semanas de folga na Xustiza e as familias deses tra-balladores e traballadoras pasando ese feito que ningún traballador dese soldo se pode per-mitir —se non é unha reclama tan inxusta— prescindir dun salario case dun mes. Ao mellor vostede si, pero os traballadores mileuristas non. Esa é a realidade, non o fan por unha pa-taleta, e ademais sendo —que son— perfectamente conscientes —igual ca nós— de que o Poder Xudicial é un dos tres poderes básicos no noso país. Non queiran levar a xente ao en-gano de que esta non é unha folga da empresa privada, é unha folga dun dos tres poderes que garanten a nosa democracia e a igualdade dos cidadáns ante a lei, xunto coa protección dos abusos.

Por iso é tan importante para vostedes, para o partido imputado, para vostede, señor Rueda, e para o Goberno Feijóo, dobregala e vencela. E por iso ao PP non lle importan as consecuencias, porque a folga non é culpa dos traballadores e traballadoras, a culpa da folga é de vostede, señor Rueda. É como consecuencia do señor Feijóo que lle permite esta nefasta xestión. Porque os dereitos se gañaron historicamente pelexando por eles, si, algo que vostedes no seu ADN non teñen impregnado. Gáñanse exercendo o dereito á folga, un dereito constitucional que lles custou moito ás nosas nais e avoas gañar, un dereito igual que a liberdade de expresión que a vostedes lles irrita profundamente cando o exercemos, sobre todo cando vai en contra dos seus intereses ou desenmascara as súas vergoñas e mentiras. Como agora vemos co libro *Fariña*, que por iso lle molesta tantísimo ao Partido Popular de Galicia.

A realidade é que a vostede é ao que lle interesa esta folga e non lle importa que haxa nestes intres máis de 10.000 xuízos aprazados. Xuízos, por exemplo, a maltratadores ou a homes que non pagan as pensións dos seus fillos. Si, señor Rueda, na semana mundial da muller traballadora en Galicia non se celebran xuízos contra maltratadores no país. Non lle importa que non se executen indemnizacións por despedimentos a traballadores honrados totalmente inxustos despois da súa lexislación, que igual votan as mareas de Podemos, non vaia ser que sexan dese grupo de malísimos que non aceptan as maiorías absolutas do Partido Popular.

Non lles importa que siga a folga con tal de impoñer a súa man de ferro. Porque pensan que malo será que despois non consigan colocar as súas mentiras vía TVG, como fan sempre. ¡Pero xa non coan as mentiras! E así alegremente, como fan vostedes —que son un partido alegre—, conseguen consolidar a precarización do Poder Xudicial e conseguir así a vitoria final do capitalismo de amiguetes e volver poñer o xugo con frechas ou sen frechas —aínda que neste caso seguro que con frechas— sobre o honrado pobo galego.

Se están precarias as empregadas da Xustiza e do Poder Xudicial, efectivamente, ¿que van dicir os sanitarios?, ¿as educadoras?, ¿os autónomos?, ¿as pensionistas? ¡Si, señor Rueda, os pensionistas, que agora tamén si se lles rebotan! Son do grupo de malísimos que non respectan as súas maiorías absolutas. Vostedes non queren falar cos empregados e empregadas da Xustiza porque queren mandar un aviso a navegantes: ¡isto é o patriarcado, o patriarca é don Vito Feijóo, e o *consiglière* é vostede, señor Rueda! E a súa proposta para resolver o conflito da Xustiza é non negociar nin unha proposta de consenso, é o que nós queiramos como goberno, como queiramos e cando nós queiramos.

Por iso lle vou dicir o mesmo que lle dixen ao principio, é que levan catro semanas dende o orgullo e a dignidade os traballadores e traballadoras da Xustiza: non e non ás súas mentiras e a esta nova estafa. As galegas non aceptamos a súa chantaxe, señor Rueda, non compramos as súas mentiras. Menos que ninguén os empregados e empregadas públicos, que sabemos perfectamente o que están a facer, atacando coa escusa da crise, e dende a súa maioría absoluta e o control férreo dos medios de comunicación, o modelo público, cunha falla total de escrúpulos, moral e ética.

A súa maioría absoluta, co *doping* da corrupción, non é un cheque en branco para converter Galicia nun sálvese quen poida de non chegar á fin de mes, de non poder pagar os recibos

da luz ou escapar da dieta do arroz ou da pasta. Deses mileuristas, que ademais nin se enteran de que en Galicia hai moita xente que non cobra 1.000 euros, porque están na súa poltrona ubicados. Mentres, vostedes sigan cos seus sueldazos de sempre e sen renunciar nin a un só privilexio, ¡nin a un só!

O mes pasado xa tiveron enfronte a dignidade do persoal da Sanidade e volveron mentir e intentar calumnialos. Teñen enfronte os pensionistas, teñen enfronte moitos sectores produtivos, tamén o Poder Xudicial, agora mesmo os traballadores da Xustiza. Porque contra a súa chantaxe de non falar, ou de tragas co meu acordo ou non hai acordo, están os dereitos á folga e á protesta, polos que —repito— pelexaron as nosas nais e avoas.

Polo tanto —e xa para finalizar—, unha cousa máis. Antes de encherse a boca dicindo con toda a cara do mundo canto nos custará aos galegos e galegas a subida salarial dos empregados de Xustiza, que á parte nin ten por que, porque nos 500 euros non dixo que engloba as IT de todo o persoal das administracións de Galicia, que é un dereito que roubaron e que é escandaloso coa escusa da crise.

Pero non falou, nesa demagogia da que fixo gala e nese intento de seguir precarizando e xustificando a precarización do modelo laboral, dividindo os traballadores entre o público e o privado —o cal é indecente—, dígalles canto lles custa aos galegos e galegas a corrupción do partido imputado, e aquí en Galicia. ¡Díganos aos galegos canto nos custa! E que os corruptos que foron e que seguen nas súas filas, aquí e no Estado, e os seus amiguiños empresarios para empezar e para falar de negociar e de consenso, e de toda esa honestidade e xestión da que fan gala, pois traballen en que todos eses corruptos devolvan o roubado, sobre todos os do seu partido. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Señora Santos, pídlle que retire a expresión, que é unha expresión que ten connotación mafiosa, de don Vito Feijóo.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ¡Era unha broma!

O señor PRESIDENTE: Non, non, de broma nada. Queda retirada.

(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Pero retíraa? *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Retira vostede a expresión? *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Entón retíroa eu e ten unha chamada á orde. *(Murmurios.)*

Non, non, seguimos como hai que seguir. Aquí non se permite que se ofenda a ninguén. Que eu saiba, neste Parlamento non hai mafiosos. *(Murmurios.)* Se hai algún mafioso, ao cárcere. *(Murmurios.)* Aquí non, non hai mafiosos. Nin deste lado nin deste. *(Murmurios.)* Porque se os hai, ao cárcere. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, continuamos... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! Non se meta vostede agora nisto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos continuar co Pleno.

Turno do portavoz do Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Espero que non pretenda coartar vostede a miña liberdade de expresión, señor Losada.

O señor PRESIDENTE: Vaia vostede á xustiza, por favor. Á comparecencia. O señor Losada non está no debate.

O señor PAZOS COUÑAGO: Vouno intentar, señor presidente, ten vostede toda a razón. Porque ademais imos ver se o intentamos e conseguimos falar un rato de xustiza.

Eu teño un enorme respecto pola xustiza, tanto que decidín que a miña actividade profesional —como a dalgunhas das persoas que me antecederon no uso da palabra— se desenvolvera nese ámbito. No meu caso —e seguro que no de vostedes tamén— esa decisión responde a unha vocación por colaborar cunha actividade fundamental para a existencia mesma de calquera sociedade democrática e pola que eu —e vostedes seguro— sinto un enorme respecto.

E diso quero falar hoxe na miña intervención, de respecto. De respecto ás institucións, de respecto á xustiza e aos seus traballadores, de respecto aos cidadáns. Pero, sobre todo, espero poder falar de respecto á verdade.

Señor vicepresidente, eu quero agradecerlle que teña comparecido ante esta Cámara para dar conta das actuacións que se teñen desenvolvido dende a consellería que vostede dirixe para que así poidamos ter un coñecemento puntual de que é o que ten acontecido ata o momento en relación co conflito que existe cos representantes dos traballadores da Xustiza —os cales aproveito para saudar—, cal é a situación actual sobre ese conflito e cales son as perspectivas de futuro de cara á súa resolución.

Agradezo o relatorio pormenorizado que desgranou durante a súa intervención, e agradezo a súa disposición a comparecer, a pesar do que se leva repetido estes días e do que se repetiu tamén hoxe. Refírome a ese mantra habitual dos grupos da oposición sobre a presunta renuencia dos membros do Goberno a comparecer na Cámara, e que unha vez máis tivemos a oportunidade de escoitar hoxe mesmo aquí. Afirmar que o vicepresidente comparece forzado, «arrastrado», creo que foi a expresión.

Un argumento tan reiterado como falso, pero que cómpre que o aclaremos. Pois aquí os que tan a miúdo acusan o Goberno de falta de respecto ao Parlamento, deberían ser un pouco máis respectuosos coa realidade do que aquí acontece. Poucos executivos teñen comparecido tanto como o de Alberto Núñez Feijóo: no que vai de lexislatura —nesta lexislatura de apenas

ano e medio— fíxoo en 7 ocasións, nunha delas en vinte e catro horas, na que máis tardou en vinte días —vinte días despois de que o solicitase a oposición—. Sinceramente, hoxe o vicepresidente do Goberno comparece para dar resposta en relación coa folga dos traballadores da Xustiza oito días despois de que vostedes o solicitasen, ¡oito días! Eu non creo que a oposición deba queixarse nin polas comparecencias que tiveron lugar, nin pola súa celebridade, nin moito menos por aquelas ás que non se accedeu. Porque tamén é certo que a alghunha non se accedeu.

Señorías, ¿vostedes imaxinan que se celebre a comparecencia aquela que solicitaban do conselleiro de Economía para explicar a segregación das centrais de Ferroatlántica? ¿Aquel acordo vergoñento que tiñamos co señor Villar Mir para vender Galicia? (*Murmurios.*) ¿Imaxínanse que se celebre? ¿Cren que debemos de reconsiderala? ¿Ou tamén debemos reconsiderar aquela comparecencia que solicitaban da conselleira do Medio Rural para solicitar a cabeza do director xeral de Ordenación Forestal polas supostas irregularidades na contratación dos medios aéreos contra o lume? (*Murmurios.*) ¿Deberíamos reconsiderar esa solicitude de comparecencia?

Recórdellelo para que hoxe, que encheron de xustiza os seus discursos, atopen, talvez, un oco para a xustiza nas súas conciencias. (*Aplausos.*) Señorías, ¡con todo o cariño! (*Aplausos.*) deixen de protestar polas comparecencias que non se celebraron. Agradezan vostedes os ridículos clamorosos que lles temos aforrado e, sobre todo, exerzan hoxe a xustiza e pidan desculpas a aqueles aos que difamaron vostedes tan gratuitamente. (*Aplausos.*) Iso si sería unha mostra de respecto ás institucións. (*Aplausos.*)

Entrando a fondo no que nos ocupa, eu descoñezo se existe un baremo para medir o amor que cada un de nós sente pola xustiza. Pero, en cambio, creo que si existe un baremo obxectivo para comprobar cal é o grao de compromiso dos gobernantes coa xustiza. O vicepresidente aludiu de pasada, durante a súa intervención, a un bo número de investimentos que amosan o compromiso do actual Goberno coa mellora da xustiza na nosa comunidade: Tabacalera, na Coruña; novos edificios xudiciais de Ourense e Santiago; mellora de Ferrol; Cidade da Xustiza, en Vigo; novo edificio en Pontevedra; novo xulgado de Tui... E así un longo etcétera ata alcanzar un investimento previsto de máis de 100 millóns de euros para mellorar infraestruturas xudiciais en Galicia.

Porque, señorías, o compromiso político cos servizos públicos non se mide participando en concorridas manifestacións nin elaborando discursos grandilocuentes, mídese a través do compromiso orzamentario. E por iso a min me sorprende escoitar hoxe intervencións daqueles que si tiveron oportunidade no pasado de amosar o seu compromiso coa xustiza: orzamento de Xustiza do ano 2008, 99 millóns de euros; orzamento de Xustiza do ano 2009, 105 millóns de euros; orzamento de Xustiza do ano 2018, 14,6 millóns de euros. Ese é o grao de compromiso de cadaquén coa xustiza, un grao de compromiso medible e cuantificable.

Vostedes dispuñan de 2.000 millóns máis de orzamento global na Xunta de Galicia, pero adicaban 40 millóns menos á Xustiza que o actual Goberno, ao que pretenden darlle vostedes leccións. E leccións non, señorías, nin en materia de orzamentos nin en materia de Xustiza,

nin moito menos leccións de coherencia política, porque desas si que non poden dar nin unha, señorías, nin unha. (*Aplausos.*)

Acabamos de atravesar unha das crises máis profundas e complexas da nosa historia recente, unha crise á que nos conduciron a falla de planificación, unha teimuda negación da realidade e a actuación dun goberno de esquerdas profundamente irresponsable. Non resultou sinxelo superar esa situación, foron necesarias medidas moi duras, superar momentos moi complicados e un enorme esforzo colectivo do conxunto da nosa sociedade. Pero, afortunadamente, ese esforzo comeza a dar froitos e resulta comprensible que agora que vemos a luz ao final do túnel xurdan reivindicacións de distintos colectivos. É unha consecuencia lóxica da mellora da situación económica xeral e, ademais, parécenos lexítimo que se plantexen esas reivindicacións. Cousa distinta é que algunha organización sindical moi concreta aproveite esta circunstancia para tentar converterse na brigada de demolición contra o Goberno galego, utilizando os traballadores e cidadáns para fins espurios que nada teñen que ver coa reivindicación sindical.

Se van por esa vía, eu augúrolles un moi escaso futuro; en cambio, si concordamos en que a mellora da situación económica debe trasladarse progresivamente á sociedade; pero debe facerse de maneira xusta, sen que as reivindicacións duns poucos limiten as posibilidades do conxunto da sociedade, nin en materia de sanidade nin de servizos sociais, nin nos sectores produtivos, etc., etc.; todos temos dereito a desfrutar da mellora da situación económica.

Pero para que isto pase, señorías, é necesario establecer algún tipo de criterio lóxico. Eu non sei —podo confesalo— cal é o seu, ás veces penso que non teñen ningún, ás veces penso que o problema é o contrario, que teñen demasiados. Comeza a resultar evidente que carecen vostedes de calquera convicción propia, a súa opinión é exactamente a do último colectivo co que se reuniron, esa é a que lles vale. Dá igual o custo da reivindicación, dá igual as consecuencias que teña, dá igual que sexa coincidente ou contraditoria co anterior; se serve para desgastar o Goberno, a vostedes válelles. Nós cremos que os galegos esperan e merecen algo mellor dos seus representantes. (*Aplausos.*)

Señorías, eu quero agradecer o esforzo que está a realizar a Xunta para alcanzar un acordo que poña fin á folga. Acabamos de escoitalo: 12 xuntanzas, ofertas concretas de cada un dos puntos da negociación, 4 aumentos e subas, a última das cales sitúa o complemento autonómico por riba de dez, once e trece comunidades autónomas en función da categoría laboral. Eu entendo que se poida discrepar da oferta, o que non entendo é que se poida pretender melloralala non sentándose á mesa. Por iso creo que iso sería o razoable, que fixeramos todos un exercicio de cordura e pediramos a volta á mesa das organizacións sindicais. Pero claro, iso é razoable: vostedes nesta materia son máis creativos.

O señor Bará díxonos algunhas cousas interesantes. A primeira é que, despois de anos defendendo a soberanía e o autogoberno de Galicia, agora nos propón que as retribucións dos funcionarios galegos, que antes se adoptaban en Madrid, agora se fixen en Cataluña; con iso está todo arreglado. Nós entendemos que deberíamos ter en conta as posibilidades reais de Galicia e non as de fóra.

Pero tamén lle quero contestar algunha cousa que insinuou. A primeira, mire, nós si temos que facer certos recoñecementos, entre outros, que o contrabando en Galicia era algo usual. Mire se sería usual que hai algún ex-conselleiro nacionalista que incluso estivo acusado —¿verdade?— de traficar, de facer contrabando con medicamentos. (*Murmurios.*) Si, señoría, si. Mire se era normal o tema do contrabando.

E tamén me parece lamentable que veña vostede aquí acusarnos de atemorizar a poboación. Non, señor Bará. A poboación galega e española atemorizábana algunhas persoas coas que vostedes lles gusta moito facer fotos, eses si que daban temor, daban auténtico pánico ao conxunto da sociedade galega, non o Goberno de Galicia. Creo que debería vostede de situar o problema nos seus correctos termos, non falamos dunha devolución do roubado, estamos falando dunha lexítima solicitude de mellora salarial, non de recuperar dereitos perdidos, de mellora salarial.

E dende logo esa demagogia do soldo de Feijóo eu non lla podo admitir. O soldo de Feijóo baixou solidariamente cando baixaron os soldos dos funcionarios e subiu exactamente na mesma proporción cando tamén se lles subiu aos funcionarios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non veña vostede dar leccións de soldo. ¡Home!, xa que lles interesa tanto, vuelles dicir unha cousa. Mire, soldo do señor Feijóo publicado, ¡eh!: 73.400 euros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Soldo do señor Touriño: 84.659. (*Murmurios.*) Soldo do señor Quintana: 79.548. Cobraba máis o vicepresidente do seu goberno que o actual presidente da Xunta. Non veñan dar leccións demagóxicas, por favor. (*Murmurios.*)

Tamén está a cuestión da señora Vilán, que disimulou a súa falta de criterio, porque hoxe a señora Vilán descubriu que temos un problema dende os anos noventa coa Xustiza; ¡é interesante! Porque hai uns meses —catro—, durante a tramitación dos orzamentos, ese problema resulta que ela o resolvía con cero euros de mellora na retribución dos... Debe ser que desde os noventa tampouco se enterou. Agora di que duplica a oferta. ¡Oia!, ¿canto custa? ¿De onde sae? ¿De onde o pensa quitar? Tivo oportunidade de amosalo na tramitación dos orzamentos. Xa sabemos o que deu: a calada por resposta —o habitual, por outra parte—. Iso si, nunha cousa é coherente: cada vez que ten oportunidade, adícase a intentar faltarlle ao respecto ao vicepresidente da Xunta: «prepotente», «orgullosa», «altivo»..., en fin, o habitual. Xa sabemos que a modestia é unha das características que mellor a definen.

Por último deixo os señores da Marea. Hai que recoñecerlles a creatividade. En realidade, foron tan creativos nos seus argumentos ata agora que hoxe, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que hoxe... —dixen «señores»; pode sentirse incluída—, no debate de Xustiza tivo que participar vostede porque, probablemente, o seu antecesor pasouse de orixinal, pasouse de creativo; chegou incluso a desenvolver unha teoría na que a folga dos traballadores da Xustiza formaba parte da estratexia do Partido Popular para demorar a celebración de xuízos relacionados coa corrupción. ¡Toma ya! Supoño que para vostedes a condena por prevaricación do ex-alcalde socialista de Ourense, da conselleira socialista de Ourense, do conselleiro do BNG de Ourense e do director xeral do BNG eran eses servizos mínimos que por iso consideraban abusivos. Eu enténdoo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes ata se atreveron a pedir a dimisión do vicepresidente, se non é capaz de liderar e xestionar

este conflito. Señorías, como apliquen vostedes o mesmo criterio nese grupo, quédanlles dous días a vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...na poltrona, dous días. *(Aplausos.)* Válelles todo, señorías, de verdade que lles vale todo.

Eu remato xa, presidente, facendo un chamamento á cordura... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vaile gustar ao señor Bará. Mire, dicía... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, señora Santos, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Dicía que un insigne catalanista, o señor Francesc Cambó, afirmaba que había dúas maneiras de chegar ao desastre: unha, pedir o imposible; outra, atrasar o inevitable. Eu pídolles hoxe ás organizacións sindicais que abandonen estas dúas posturas: non pidan melloras que non poidan ser trasladables ao conxunto dos cidadáns e ao conxunto dos funcionarios deste país...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e, sobre todo, non atrasen máis o inevitable, que é que vostedes se volvan sentar na mesa de negociación para intentar resolver este conflito.

Por agora, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Réplica do vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, dicía ao principio, cando saudaba os representantes sindicais, que me agradaba que estiveran aquí para que viran o que había. Alégrome moito de que foran testemuñas en directo do que aquí se dixo, tanto pola señora Santos como pola señora Vilán; non sei se o señor Bará o dixo expresamente, pero quedou claro que este é un conflito político e que está politizado dende o principio. *(Murmurios.)* E así, claro, pasa o que pasa.

Eu estou seguro de que eu non vin aquí falar doutra cousa que intentar pechar o conflito que hai cos traballadores da Xustiza; vostedes non, están no seu conflito político, que é o que lles interesa, e, por iso, cando foron falar con vostedes, despois non fixeron nada nos presupostos, porque iso era solucionarlles un problema a eles, e non se trata de solucionarlles

un problema a eles, trátase de solucionar o seu problema: que son unha oposición que non é capaz de ter ideas. E claro, pasa o que pasa, e así veñen as cualificacións de «chulo», «prepotente», «arrastrado»; é unha moi boa maneira que me dedican a min, unha moi boa maneira de intentar pechar un conflito entre dúas partes. Vostedes axudando, non botando leña ao lume.

Despois, claro, teñen dez minutos e eu comprendo que agora, nesta comparecencia, fale en nome do seu grupo e non me fixo unha soa pregunta de Xustiza en toda esta lexislatura, pois claro, dez minutos fánelle moi grandes e ten que falar doutras cousas. E, entón, hai que falar de *Salvados*, hai que falar de *Fariña*, hai que falar da Gürtel, hai que falar de Esperanza Aguirre, e van pasando os minutos, porque dez minutos para falar de solucionar o conflito de Xustiza é moito, señora Santos, é moito; entón, hai que falar doutras cousas. (*Aplausos.*) Hai que falar da nómina do Goberno, da miña nómina... Por certo, menor que a súa, señora Santos; vostede gaña máis cartos ca min, teno que ter claro, teno que ter claro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se quere entrar nun debate de nóminas, non creo que aos señores que están aí arriba lles arregle absolutamente nada... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Pero vostede cobra máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E iso soluciónalles pouco aos traballadores da Xustiza en Galicia, que veñen aquí a ver se se pode pechar o conflito. E vostedes dedícanlle máis de dez minutos a falar doutras cousas: o señor Bará fala de contrabandistas..., fala de cousas que pouco serven. Se vostedes cren que insultando, insultándome a min, insultando o Partido Popular, insultando o Goberno de Galicia, vai solucionarse este conflito, estase equivocando moito; pero non é que o diga eu, non é que o perciba eu, é que o están percibindo os traballadores, que, ao mellor, eu estou seguro de que seguramente non todos, pero a maioría dos sindicatos pensan, lexitimamente, que o que hai que facer é vir aquí intentar pechar este conflito.

E, polo tanto, se vostede pecha a súa intervención non querendo retirar o cualificativo de «don Vito», é porque quere que o que quede da súa comparecencia é iso, porque cre que lle convén a vostede, á súa mentalidade de politizalo todo, pero iso non serve nada para os traballadores da Xustiza, señora Santos. Dígame en que contribúe que vostede se destaque por iso, por falar oito minutos de cousas que non teñen nada que ver co conflito da Xustiza e, despois, dous minutos, porque, ¡home!, algo lle porían despois de dous anos de lexislatura para intentar falar da Xustiza, porque supoño que, se todo estivera tan mal, algunha vez máis se tería dirixido vostede ao Goberno nese sentido. Non o fixo, e tamén é bo que se saiba, tamén é bo que se saiba.

O señor Bará empeza falando, na primeira intervención, para intentar solucionar o conflito dos traballadores de Xustiza preguntándome se me sinto contrabandista, falar da Lei mordaza...; da Xustiza, máis ben *poquito*, señor Bará.

Quedo cunha cousa, por intentar centrar o tema e intentar ver se somos capaces de solucionar un conflito, que é entre unha administración e os traballadores da Xustiza, que preten-

den e plantexan unha subida salarial —lexítimo plantexamento—; dixemos desde o principio que era necesario subir, o que discrepamos é nas cifras, e hai unha discrepancia grande aínda. Pero ese é o conflito, diso deberíamos falar. Agora, vostede dime que non concibe como non escoito os sindicatos, non concibe como non son capaz de chegar a un acordo con eles, de escoitar as súas lexítimas reivindicacións, que así non imos a ningunha parte.

Mire, señor Bará: por non ir máis alá, porque xa que me remontei na cronoloxía para explicar toda a orixe deste conflito, e non máis alá dos últimos meses, aos derradeiros meses do ano 2017, imos facer o mesmo con vostede, xa que me di que a clave é escoitar os sindicatos. Negociación dos orzamentos do Concello de Pontevedra, que me parece que era vostede o que os negociaba. ¡Oia!, presentación da mesa de negociación cos sindicatos, dos orzamentos, das condicións laborais que se van reflectir nos orzamentos. Todos os sindicatos, incluída a CIG —a quen vostedes lle pagaron unha merenda, incluso nin así—, votaron en contra, votaron en contra. (*Murmurios.*) ¿E sabe por que, señor Bará? Falla de diálogo —a vostede—, falla de negociación —a vostede—, imposición de horas extras á forza por non ter incrementado suficientemente o cadro de persoal —a vostede—; denegación sistemática de días por asuntos propios a pesar de recoñecer que hai un servizo de plantilla —a vostede—. Señor Bará, dá igual, votáronlle en contra de todo, non dialogou nada e non acordou nada. ¿E vostede vénme aquí falar de representación sindical e de escoitar os sindicatos? Páreceme moi ben, tenmo que dicir; pero dígolle o mesmo a vostede, porque o que non se pode dicir é que faga un o que non está disposto a facer na súa casa, e iso hai que sabelo tamén, señor Bará, e teno que ter bastante claro; cando menos, ter certa lexitimidade. (*Aplausos.*)

E, señora Vilán, efectivamente, trabuqueime na cifra. Mire, eu non sei se, efectivamente, para min é unha gran responsabilidade estar aquí e saber que están escoitando moitos traballadores e traballadoras, non só representantes sindicais, moitos traballadores e traballadoras que están sabendo se o seu conflito se vai poder solucionar. E, polo tanto, si, poida que estea nervioso, poida que me trabucara nas cifras. Efectivamente, non son cifras ao mes, son cifras ao ano. Pero tamén lle digo: foi un erro, coñezoo perfectamente porque está neste cadro. O que é menos desculpable é a ignorancia, é non saber, é vir aquí descoñecendo as cifras. Vostede acaba de dicir que o ministro Catalá está absolutamente abraiado pola discriminación laboral e pola desigualdade salarial que hai en Galicia. ¿Sabe canto cobran no territorio do Ministerio, señora Vilán? ¿Sabe que hai 115 de diferenza entre a proposta, cualificada de ridícula por algúns representantes sindicais, e o que está cobrando o Ministerio? ¿E vostede vénme dicir que está abraiado o ministro Catalá? Vostede o que pasa é que non sabe o que cobran no territorio do Ministerio, vén aquí falar descoñecendo as cifras, señora Vilán. Esta é a diferenza: unha cousa é estar nervioso e trabucarse e outra cousa é non saber e vir aquí e botarlle moita cara, que é o que vostede fixo. Aprenda as cifras; se non as sabe, despois pódollas dar. No territorio do Ministerio agora mesmo están moi por debaixo do que se está cobrando coa proposta da Xunta de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, ¡silencio!, señorías.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Estaban incluso por debaixo antes de que se fixera o plantexamento de subida, que había que facelo. Pero vostede non coñece estas cifras, e iso

preocúpame moitísimo máis, non é capaz. ¿Como pode dicir, se non, isto que dixo respecto do Ministerio? Polo tanto, intentemos centrar o tema, intentemos non politizar para intentar chegar a unha solución.

Dime que non hai investimentos en xustiza. Ben, os edificios debeunos facer o aire. E que non se fixo nada, que non se fixo ningunha mellora. Subimos un 33 % o presuposto de Xustiza nos últimos dez anos. Hai case 200 prazas novas, hai un antes e un despois en materia de novas tecnoloxías. Claro que hai moitísimo camiño por percorrer. Pero calquera que estea no xulgado lle di que non ten nada que ver o parque informático e mesmo as novas tecnoloxías, a implantación que se está facendo, co que había hai uns anos, e tamén é lóxico. Investíronse cartos de todos os galegos e galegas, pasaron anos e hai que ir facendo. Claro, se vostede vén aquí negar a maior e dicir que non se fixo nada e que todo é un desastre, é moi difícil que cheguemos a ningún tipo de acordo, señora Vilán.

Mire, en todo este tempo vostede tampouco me fixo ningunha pregunta, salvo cando se plantexou a folga. A vostede parécelle moi mal cando lle digo que din que son uns grandes preocupados pola Administración de xustiza, pero despois, teñen oportunidade cada dúas semanas, e nunca fan nada. ¡Non imos estar moi mal co persoal de Xustiza! Vostede dime que eu non me preocupo nada, que non teño ningunha relación. ¡Oia!, durante todo este tempo o seu grupo non me fixo ningunha pregunta concreta, ata hai uns meses, sobre a relación entre a Xunta e o persoal da xustiza galega. ¡Por algo será! ¿Que pasa?, ¿que ía todo moi ben, que non lle preocupaba absolutamente nada, que daba todo igual ou que o importante é politizar? Ao mellor é iso, e así non imos chegar a un acordo que solucione —que é o que eu estou facendo aquí— o conflito que temos entre os funcionarios e funcionarias da Administración de xustiza e a Xunta de Galicia; o conflito, o desacordo ou chámenlle como queiran, pero, desde logo, hai que pechalo.

E si, mire —dígolle—, dicía: vostede non se vai atrever a dicir aquí que os cidadáns, ao final, son reféns. Mire, eu volvo dicir, por suposto que teño que dicir, que os cidadáns están sendo moi prexudicados, tamén os traballadores e traballadoras. Eu son perfectamente consciente do que supón ou do que ten que supoñer non estar cobrando por estar en folga. E son tamén consciente dos seguimentos. Sei que tamén hai diferenzas en canto ao seguimento que dá a Xunta de Galicia, que o fai por un sistema obxectivo, e o seguimento que están dando os sindicatos. Pero, en todo caso, o seguimento é alto e nós somos conscientes e iso dá lugar a que non se estean prestando servizos fundamentais. Polo tanto, iso seino perfectamente, e sei que os prexudicados por non recibir servizos primeiro son os cidadáns, por iso se plantexou, e plantexei eu en nome do Goberno galego, esa suspensión, que non desconvocatoria da folga, mentres estamos negociando. Porque mire, o tema non é plantexar: é que se non sofren prexuízos os cidadáns, Rueda non se vai sentar. Non, non, Rueda, a Xunta de Galicia, e eu, na miña persoa, o que pretendemos é que os cidadáns deixen de sufrir eses prexuízos e que negociemos. Iso é o que estamos plantexando. Vostede tamén debería pensar niso; non debería, alegremente, dicir as cousas que di.

E mire, estamos sen resposta de ningún dos tres de algo fundamental, porque non teñen resposta, porque non saben que dicir e é de moi difícil explicación, estou de acordo; iso comprendoo. Díxenlles —e volvo dicilo nesta segunda intervención— que espero que agora, na

última intervención, polo menos dean unha explicación, non a min, á xente que está aí arriba, á xente que está aí fóra e á xente que está escoitando isto; e, dende logo, non só aos traballadores e traballadoras da Administración de xustiza, tamén aos cidadáns en xeral, que pagan cos seus impostos.

Cando vostedes se reuniron cos representantes dos traballadores, xa estaba o conflito aberto e tiñan oportunidade de mover as partidas para facer fronte ás reivindicacións. Vostede díxame que con 1.000 euros xa estaba solucionado. Eu dígolle: ¿co que vostede plantexou nos presupostos —cero euros— é capaz de dicirlles á cara que con iso xa estaba solucionado? Oia, pois, se quere, tómolle a palabra. Se cre que co que fixo o Partido Socialista, co que fixo o BNG e co que fixeron As Mareas de Podemos —hai que recoñecerlle que, catro euros ao mes, algo máis foi—, con iso vale, con esas incorporacións que fixeron ao presuposto... ¿Cre que con iso se pode pechar o conflito? ¿Cre que é serio dicirlles iso? ¿Cre que está ben dicirlles que si e despois desentenderse, como se desentenderon de tantas cousas da xustiza durante estas lexislaturas anteriores, e así despois din o que din?

Sexamos serios, señora Vilán, sexamos serios, señora Santos, sexamos serios, señor Bará. Isto non vai de política, isto non vai de desgastar o Partido Popular. Se queren, fágano, pero pensen que aquí hai un conflito que pechar, e cando un pensa só no seu partido é moi difícil pechalo.

A Xunta de Galicia e o Partido Popular non o están facendo, queremos pechar este conflito e faremos todo o posible para que así sexa.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Rueda, lamentamos que hoxe vostede veña aquí perder unha oportunidade de exercer de conselleiro, de realmente ser coherente, con esa man tendida. O que vemos realmente é que vén aquí exercer de voceiro do Partido Popular e facerlle oposición á oposición e aos sindicatos. Porque, claro, vostede o que veu dicir aquí é que, despois dun mes de folga, a culpa é da oposición. O Goberno non ten ningunha culpa, e ademais vén aquí facer de voceiro do Partido Popular de Pontevedra. Debe ser que non teñen moita confianza no señor Moreira. Non sei se é que pretende ser vostede o candidato para as próximas eleccións, pero vén vostede aquí dedicar —e di que os demais falan doutras cousas— dous minutos ou minuto e medio a falar da política laboral e das relacións laborais do Concello de Pontevedra. Déixelle traballo ao señor Moreira, que parece que agora está cambiando de liña política.

O que lle pedimos, señor Rueda, é que se reúna cos sindicatos, ¡así de fácil! Leva vostede nove anos de conselleiro e non se reuniu nunca coa representación sindical dos traballadores de Xustiza. Isto é un síntoma, isto é unha anomalía. ¿Que problema ten para reunirse? Ten

agora unha magnífica oportunidade, cando remate este debate, esta comparecencia, ten aí os representantes sindicais. Reúnase con eles, tenda realmente a man, tenda realmente pontes e non semente ventos para recoller despois tempestades.

A man tendida non son realmente as mentiras que vostede volveu repetir aquí. Di vostede que é unha reivindicación exclusivamente económica, salarial. Efectivamente, ese é un dos puntos principais da negociación, pero non é o único; é unha negociación que ten que ver, señor Pazos, coa devolución de dereitos salariais e laborais. Se non entenden isto, é que non entenden nada. O que queren é acabar coa discriminación, coa discriminación que sofren con respecto a outras comunidades en materia laboral e salarial. E está claro que non hai acordo porque a oferta do Goberno é insuficiente, porque esa oferta, que é unha oferta en diferido —e vostede sabe moito dos acordos en diferido—, é un acordo para o 2020, pero cero para 2018. É insuficiente porque vai seguir mantendo a discriminación —xa llo dixen aquí— nun 9 % con respecto á media, e isto supoñendo que non se incrementen, por outros acordos, no resto das comunidades, os salarios.

Mire, di vostede, señor Rueda, que nós non fixemos emendas ao orzamento. Se este é o problema, mañá mesmo, poña día e hora e sentamos nunha mesa e acordamos unha modificación orzamentaria para resolver este problema. Se ese é o problema, porque, claro, vostede di —á parte de que non nos aproban ningunha emenda—... Se ese é o problema, se realmente ese é o problema, de modificar o orzamento, mañá mesmo reunímonos e aprobamos unha modificación orzamentaria que dea solución a este conflito. Aí ten unha oferta seria e responsable de negociación por parte do BNG.

Tamén lle recordo que outros puntos do acordo, a discriminación salarial por enfermidade, as prazas de reforzo e as prazas amortizadas, están aínda sen resolver, están aínda sen concretar, porque a representación sindical pediulles documentación e aínda non lla deron. Polo tanto, hai que resolver estes temas.

E, ademais das mentiras, están os insultos, están os ataques, están os desprezos, e veñen aquí falar de salarios. Por certo, falando de salarios, señor Pazos —non farei máis referencia á súa intervención—, que lle quede clara unha cousa: o BNG os salarios cóbraos todos en A, exclusivamente en A, nada máis que en A. (*Aplausos.*) Vostede fala moito de leccións de coherencia. Tamén nos pode dar unha lección aquí de corrupción, porque disto, desde logo, é do que máis saben no Partido Popular.

Insultos, ataques e desprezos, señor Rueda. Así non se resolven os conflitos. O señor Feijóo falou de tics antidemocráticos. Vostedes o que estiveron intentando ao longo destas semanas é botarlles a sociedade enriba aos sindicatos e aos traballadores e traballadoras de Xustiza, chamándolles egoístas, chamándolles insolidarios e chamándolles privilexiados.

O director xeral de Función Pública —por iso se entende que pediran a súa saída da negociación— estivo nunha estratexia de provocación, chegándolles a dicir que marchasen fóra de Galiza, que marchasen para a emigración. Isto non é, desde logo, de recibo, isto non é man tendida; isto é unha provocación. E, como xa lle dixen, hai cada vez máis sectores e colectivos tamén que están manifestando o seu malestar, que é un clamor social.

Polo tanto, pedímoslle, señor Rueda que sexan sensibles, que realmente teñen hoxe unha oportunidade para tender a man, e pedímoslle aquí, agora, que poña día, hora e lugar para a negociación. Ten aquí esta tribuna á súa disposición para facer esta oferta e para poñer día e hora para a negociación, non con propostas pechadas, non con condicións, unha negociación sen chantaxes. Nós entendemos que ten que ser con mediación. Este conflito hai que resolvelo cunha mediación externa, que nós insistimos, señor Rueda, que ten que ser o Consello Galego de Relacións Laborais. Díganme aquí —fágolle a pregunta— que problema hai para a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais. ¿Por que non pode mediar o Consello Galego de Relacións Laborais? Dígame aquí cal é a razón, déame unha resposta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Eu creo que o deixou claro o señor Pazos na súa intervención. El presentou isto como un pulso e veu dicir que, se ceden, irán detrás outros moitos colectivos, e vostedes non queren abrir esta caixa de Pandora, que é a caixa da devolución dos dereitos salariais e laborais roubados aos traballadores e traballadoras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Señor Rueda, eu quero felicitalo, porque se de verdade vostede e o seu goberno queren tender a man aos representantes dos traballadores e queren pechar este conflito elixiron vostedes o deputado con máis capacidade de diálogo que hai nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Está ben que o señor Pazos saudase os representantes dos traballadores, porque é a primeira vez que os ten diante. É máis, o compromiso dun deputado nesta Cámara, ou dunha deputada, mídese polo número de iniciativas que fai en relación cun asunto, e creo que o señor Pazos, de xustiza, moitas non ten.

E, por certo —e láméntoo polo señor Moisés Rodríguez—, ¿onde está o edificio xudicial de Tui?, ¿onde está o edificio xudicial de Pontevedra, que aínda está sen rematar?, ¿onde está o de Vigo? Estaban xa previstos no Plan de infraestrutura xudiciais 2010, 2013, 2014 e 2015, e estamos no ano 2018. Eu falo da miña provincia e, dende logo, o avance non é ese que vostede nos quere contar, señor Rueda.

Efectivamente, houbo un acordo en decembro, e ese acordo no Parlamento, que é un órgano de representación dos cidadáns, que votan a través de eleccións ao Parlamento de Galicia, é unha cuestión de carácter político. Efectivamente, nós somos políticos, vostede tamén, e o presidente da Xunta tamén, e isto resólvese con política, que é a arte de resolver os conflitos a través do diálogo. Niso consiste a política; a política con maiúsculas, claro, porque hai outro tipo de política que non consiste niso.

No Parlamento instamos o Goberno galego, a vostede, a atender as reclamacións dos sindicatos, que representan o persoal de Xustiza, abrindo un período de diálogo permanente. Iso é o que pon a moción: abrindo un período de diálogo permanente. E só lle vou falar de dous puntos que están nesa moción: «mellorando as retribucións dos traballadores da Administración de xustiza con respecto á media do resto de comunidades autónomas». Primeiro, non son 19, son 17, e hai un documento escrito por vostedes onde pon 19. Son 17, hai 17 en España. Pero para xustiza non hai 17, hai 13, porque hai 12 coa xustiza transferida ás comunidades autónomas, e o territorio do Ministerio de Xustiza. Polo tanto, hai 12 transferidas e unha máis, hai 13 pagadores en España, non 17. E non é o mesmo estar de 9 en relación con 17 —xa non lle digo con 19—, que en relación con 13. A diferenza é grande, conselleiro, e precisamente por esa mentira e por ese engano que vostede quería facer, os representantes dos traballadores non estaban de acordo.

Logo está ese informe do catedrático de Dereito Administrativo, que nos gustaría saber onde está, porque reuníronse vostedes en outubro e aínda non hai... No Consello Galego de Relacións Laborais ese señor foi a unha reunión e prestouse a facer un informe, pero aínda non está. Podería aproveitar vostede, pídallo agora e súballelo aos representantes sindicais, que os ten aquí, e así poden facer fotocopias e pasárllelo aos traballadores.

E logo está o aboamento do cen por cento das retribucións dos casos de substitucións dun corpo superior, demandando ao Goberno do Estado a reforma da lexislación estatal. Isto foi o 19 de decembro. ¿Que demandaron vostedes ao Ministerio de Xustiza, que hoxe é día 6 de marzo? Dígano. Cando saia aquí, dígao. Diga: demandamos isto, isto, isto e isto e chamamos 75 veces por teléfono ao ministro, porque seguro, seguro que con iso, ao mellor, nos convence.

Señor Rueda, vostedes non son os campións da defensa dos cidadáns; os cidadáns non son reféns, son persoas libres, que votan a quen queren e que elixiron que gobernasen vostedes, que gobernase o Partido Popular.

Se vostede estivese tan preocupado, na Oficina de Atención á Cidadanía, incluíría servizos mínimos, e non os hai, e aí é onde se atenden as mulleres maltratadas, por exemplo. Pois non hai servizos mínimos. Polo visto, vostede non está tan preocupado.

E menos mal que recoñeceu que se equivocou na cifra. Catro veces, díxoo catro veces antes. Ao mellor, non é que se equivocara, ao mellor é que, se ninguén se daba conta, aí quedaba para os medios de comunicación que vostedes ofrecen 1.000 euros ao mes (*Aplausos.*)

O Ministerio do Interior está ofrecendo aos gardas civís e aos policía unha media de 650 euros mensuais. Eu supoño que os funcionarios de Xustiza —supoñemos— non serán menos —máis tampouco, pero non serán menos— que os gardas civís e os policía. ¿Canto implicaría esa suba de 650 euros ao mes coa situación de recesión —¡terrible!, porque todo foi culpa de Zapatero— no Goberno do Estado no seu día? ¿E hoxe canto implicaría no conxunto de todos os funcionarios do Estado? Pois aplíqueo aquí proporcionalmente e, ao mellor, é exactamente igual. Fale vostede co ministro do Interior e que llo conte el, que ao mellor as contas pódennlles cadrar a uns e a outros.

Hai tres opcións, conselleiro, aplique e utilice eses 740.000 euros para esa empresa, que fai un traballo que tiña que facer o seu departamento, ou ben utilice eses 400 millóns de euros adicionais que nós lle plantexabamos nas emendas ao seu orzamento. O orzamento faino vostede, conselleiro de Xustiza, porque nós non gobernamos, goberna vostede. Houbo emendas por parte do Grupo Parlamentario Socialista que implicaban 400 millóns de euros adicionais, e con iso non é que lle dea para pagar a suba aos de Xustiza, é que saca vostede a todos os traballadores de calquera servizo público de Galicia e xa lle dá para pagar a todos, todas as subas que soliciten.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: E incluso ten outra opción, e é a última. Eu non goberno, e, sen gobernar, ocórrensen cousas no Grupo Parlamentario Socialista; jmoitas máis se lles ocorrerán a vostedes, que están gobernando!

Aplique os cartos que ten no Fondo de Continxencia, que está para continxencias coma estas, porque unha folga require que vostede utilice o Fondo de Continxencias. ¡Se non, ¿para que o van utilizar?, porque a situación é de caos agora mesmo na xustiza!

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boas de novo.

Deputadas e deputados, porque quero comezar, ademais, no marco desta semana tan importante para as mulleres. Señor Pazos, eu non me sinto incluída no termo «señores». Aí xa volven amosar o ADN do Partido Popular, (*Aplausos.*) porque na linguaxe inclusiva, como saberá vostede, hai unha normativa que hai que cumprir.

Despois, quero seguir falando xa co señor vicepresidente, que dixo que está moi ofendido, supostamente, porque eu os insulto. Dende logo, tendo en conta que o seu grupo e o señor Feijóo son os que teñen o récord en insultar a oposición e a todas nós, a verdade é que me fai bastante graza que non acepten as bromas, como nós temos que aceptar os seus chascarillos habitualmente, e moitas veces de frases literais de vostedes.

Por suposto que temos que falar de política, e na política temos que falar da corrupción e temos que falar dos salarios, por suposto que si. E dígolle unha cousa, por dúas cuestións. Mire, con respecto ás nóminas, eu, como empregada pública, que deixei o emprego público para ser política, por suposto lle digo que esta é unha cuestión política, e un dos motivos que nos diferencia a algunhas persoas de vostedes, que nos fixo estar nesta nova era da política, é que non aceptamos que destrozaran a Administración pública, despois de todo o festival corrupto que protagoniza o seu partido como partido imputado, mentres vostedes non renunciaban a un só privilexio salarial. E nós participamos e formamos parte de proxectos po-

líticos nos que vostedes saben que doamos parte do noso salario, e sábeno perfectamente porque ademais *La Voz de Galicia* e a TVG non fan máis que falar das doazóns do noso grupo, cando non falan dos seus soldos. Non falan dos seus soldos. Iso si, nós non nos financiamos nin coa banca nin coas empresas, que despois están nos escándalos de corrupción.

¿E por que é importante neste eido? Porque se vostedes se adicaran a pelexar contra a corrupción e a que se devolvese o roubado, habería cartos de sobra para a sanidade, para a educación, para a xustiza, para non precarizar o emprego público e para non precarizar a todos estes traballadores e traballadoras. E por suposto que esta é unha reivindicación ideolóxica e política, por suposto que si. E vostede sábeo perfectamente.

Di que non lle fixen preguntas aquí neste pleno. Pois, ¿que quere que lle diga? Se teño como compañeiro e voceiro no grupo a unha das eminencias deste país en materia de xustiza, entendendo que a vostede lle xere incomodidade, como ao señor Feijóo, porque sabe moitísimo máis ca vostedes.

Pero da Administración non me vai dar leccións, nin de xestión, e teño exemplos como o do Concello de Madrid, que o deixaron totalmente arrasado pola corrupción e pola mala xestión. Pois de aí saen os cartos, de aí saen os cartos do partido imputado. Ademais, que o señor Moreira lle explique que eu, na comisión —debería informalo, e a señora Prado, que está aí xa protestando—, fago habitualmente propostas e preguntas de xustiza, que ata ao señor Moreira lle molestan, e sempre está protestando e dicindo por que levamos tantas iniciativas de xustiza, incluso repetidas.

Pero non se preocupe, imos falar de cuestións concretas, xa que o botou de menos. Di vostede que é necesario buscar unha solución, tender a man como Goberno galego. Pois non poña condicións para negociar como suspender a folga e sente na Mesa de Negociación. Se vostedes fosen conscientes do problema, estarían negociando e tendendo pontes —esas pontes que tanto lle gustan ao señor Feijóo nos Peares— e non metendo a cabeza no buraco e queréndolles botar a culpa da súa inoperancia política aos traballadores, que reivindicán dereitos.

Di que puxeron ofertas e que as melloraron, que ampliaron os puntos da negociación. Os representantes dos traballadores fixeron todo o posible para poder alcanzar unha negociación con vostedes, e non é certo o que está dicindo de que ampliaron nada, non é certo. Durante a negociación deron pasos atrás. A cada oferta que a Xunta fixo, o comité de folga contestou. Está mentindo.

Tamén por unanimidade o Parlamento nos chamou a negociar, e ademais houbo un recoñecemento de contidos que se está incumprindo, que vostedes votaron e que se está incumprindo. ¡Pero é que están dicindo mentiras aquí, e é que, ademais, está na acta de sesións deste Parlamento!

Sobre as ofertas da Xunta anunciadas na Mesa, engana sobre as cifras ofrecidas, porque non explica que cantidades son para 2021, non explica que en 2018 hai cero euros de incrementos, malia que En Marea xa nos orzamentos do 2018 —que di que non facemos o noso labor— propuxo unha emenda á totalidade para recoñecer as demandas por un valor de 500 millóns,

que tamén se recoñecía nas parciais, e que xa recoñecía tamén estes incrementos orzamentarios e estas melloras en materia de xustiza.

Ademais, segue ignorando o mapa autonómico. Desaparecían Euskadi e Nafarroa, e o territorio non transferido aparecía desglosado. Cando sinala cifras, engana sen especificar de onde saen nin en que prazos. O incremento é a catro anos e a cantidade de 1.000 euros non é nin anual. Directamente está mentindo, e equívocase, como xa vostede aquí recoñeceu.

A Xunta enganou, anunciou uns servizos que logo publicaron outros, porque os iniciais eran escandalosos, como no caso da Fonsagrada. E poderíamos seguir dicindo un montón de cuestións.

¿Como van poder quedar nunha mesa os representantes dos traballadores cando o director xeral da Función Pública os manda emigrar por non aceptar a súa oferta? ¿Pero a vostede lle parece serio, por parte dun alto cargo do Partido Popular, dicirlles iso a uns representantes dos traballadores e das traballadoras? ¡É unha indecencia! E por suposto que en política, ademais, iso é unha práctica habitual do seu goberno.

Despois, se empezamos a falar de todas as prazas, tiñamos aquí para tres horas, e da súa práctica habitual, no referente a como menten coas amortizacións e cos traslados de prazas. Non soamente na Administración de xustiza, habitualmente fano, e todos os empregados e empregadas públicas o sabemos. É unha cousa na que dá igual o corpo; sabemos que menten habitualmente e que se van os cartos de apoio aos funcionarios e aos empregados públicos. E tamén afecta o modelo precarizador da privada pola corrupción do seu partido e deste sistema corrupto que vostedes se empeñan en manter.

Por último, nós queremos dicir o mesmo —e xa remato— que a señora voceira do Partido Socialista de Galicia: que do mesmo xeito que van apoiar, ou parece que o PP defende un 40 % do incremento para as forzas e corpos de seguridade do Estado, entre gardas civís e policía nacionais, para equiparalos aos Mossos d'Esquadra, por favor fagan o mesmo no referente aos traballadores e ás diferenzas salariais existentes entre os traballadores das distintas comunidades autónomas e recoñezan, por favor, as reclamas, totalmente lexítimas, deste colectivo. E deixen de rexeitar negociar, senten e arreglen este conflito, que hai familias que non poden resistir máis semanas de folga. Non é unha folga por gusto. É que é unha irresponsabilidade política, tanto para eses traballadores e traballadoras, como para as familias dos galegos e das galegas, como xa lles expuxemos na anterior intervención, que sigan vostedes enrocados, aplicando con man de ferro a súa maioría absoluta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Bueno, señorías, imos intentar rebaixar a tensión un pouco.

¡Señor Bará, señor Bará, señor Bará!, (*Murmurios.*) eu creo que o traizo a vostede o subconsciente... (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Villares, eu lamento que á eminencia hoxe non a deixaran actuar, pero non me culpe a min, é cousa do seu grupo. (*Aplausos.*) Non me culpabilice a min disto. Ultimamente non sei que pasa no seu grupo, pero, cada vez que veño eu intervir aquí, é moita máis a xente que me increpa dos que non lles deixan falar que dos que si falan. Eu xa pedín no seu momento apoio para a liberdade de expresión da señora Barahona, e non teño ningún problema en sumarme tamén á liberdade de expresión para o señor Villares. Se non o deixan falar, eu apóioo, señor Villares, non teña problema por iso. (*Murmurios.*)

Pero estaba agora a falar co señor Bará, ou iso pretendía, (*Murmurios.*) ¡Home!, outro dos ilustres nudos desta Cámara, si.

En fin, dicía que o traizoou o subconsciente, porque o único que aspira a ser delfín desta Cámara en Pontevedra é vostede, señor Bará. ¿Pero vostede por que cre que o mandaron para aquí? ¡É que se lle nota demasiado! ¡É que lle pon demasiado interese! Ten que disimular un pouquiño máis.

Mire, eu, para vostede ser así coherente no seu plantexamento, supoño que hoxe ten que facer aquí un anuncio, que é que vai aumentar o soldo dos funcionarios do Concello de Pontevedra e que os vai equiparar aos do concello de maiores retribucións de España, no seu caso; e admito Galicia, para que non se me crispe demasiado. Iso sería coherencia. Pero, curiosamente, non o fai, e a solución que dá vostede é que para que non se discriminen os empregados públicos galegos respecto dos de Cataluña pois causamos unha discriminación interna no seo de Galicia pagándolles a uns unhas cantidades e a outros outras. A nós iso non nos parece razoable, señor Bará; non o é.

E teño que aclararlle outra cousa, señor Bará, é unha folga por un tema salarial. Non pasa nada, é lexítimo dicilo, o que pasa é que o BNG ten o costume de dicir que non pelexa nunca polo salario nin polos cartos, senón que o BNG pelexa pola dignidade; sempre é pola dignidade. A min recordábame unha escena dunha zarzuela na que un soldado francés lle dicía a un soldado español: «Eu pelexo sempre pola dignidade do meu pobo». E contestáballe o soldado español: «Eu pelexo polos cartos». E dicía: «Non ten vostede dignidade». E dicía o outro: «Non, non, o que pasa é que cada un pelexa polo que lle falta.»

Será que vostedes botan en falta a dignidade do pobo galego. Nós, non; nós o que botamos en falta son recursos, e por iso pelexamos polos recursos, señoría, non por outra cousa. (*Murmurios.*)

Por certo, quero aclararlle que me alegra saber que vostedes cobran todo en A. Nós, tamén; neste partido, tamén. (*Murmurios.*) Temos menos sorte ca vostedes coa lotería; (*Aplausos.*) coa lotería temos menos fortuna que algúns membros do seu partido, pero cobrar, cobramos todo en A, coma vostede.

En todo caso, comprenda, evidentemente, que, claro, se se fan cesións, van vir outros detrás. ¿Pero non lle parece lexítimo que outros tamén reivindiquen? ¿Ou é que temos que atender unha reivindicación exclusivamente e non deixar absolutamente nada para o que poidan reivindicar outros? Parece razoable que se traslade a mellora de maneira transaccional.

Mire, señora Vilán, eu por unha vez lle recoñezo a coherencia. Vostede, efectivamente, defende o dereito dos sindicatos a que elixan o seu interlocutor por parte da Xunta, e hoxe tamén pretende aquí elixir quen vai ser o seu interlocutor por parte do Grupo Parlamentario Popular. Laméntoo, toqueille eu. ¡Que lle imos facer! ¡Pois mala sorte!

Vostede ten un problema orzamentario ligado a un problema de coherencia, señora Vilán. Mire, antes pagáballes vostede aos funcionarios de Xustiza cero euros, nas súas propostas orzamentarias, e agora dóbralles a proposta da Xunta de Galicia. Antes aumentaba o orzamento da Vicepresidencia, porque queríamos aupar o señor Rueda, e hoxe vén aquí dicir que o señor Rueda perde peso na Xunta e que por iso está pasando o que está pasando. Debería vostede intentar practicar a nobre arte da coherencia.

Mire, hoxe incluso descubrimos que naquelas comunidades que non teñen a competencia transferida resulta que non existe a xustiza ou non existen os complementos. Vostede só se limita á media. ¡Sóbralle! ¡Dálle igual! Como dixó, efectivamente, ás veces ocórrenselle cousas, señora Vilán; o que pasa é que non é o mesmo ter ideas que ter ocorrencias, e vostede debería empezar a practicar esa diferenza.

Falou aquí da comparación entre a equiparación dos Mossos coa Policía e a Garda Civil. Eu quero aclararlle unha cousa. ¿Vostede sabe quen paga a Policía e a Garda Civil? ¿E sabe quen paga os Mossos? Porque, como vostede sinalaba antes, o pagador é único; é que os paga todos o Ministerio de Interior. Parecía bastante razoable que persoas que fan as mesmas... —rectifico—, que persoas que deberían facer as mesmas funcións —porque xa vimos ultimamente que uns as fan e outros non— reciban retribucións salariais diferentes cando o pagador é o mesmo. Iso parece bastante razoable; non ten nada que ver co feito das comunidades autónomas, que si teñen autonomía para tomar as súas decisións.

E, por último, señora Santos, eu non quería ofendela co de «señores», retíroo. De todas maneiras, o señor Cal tamén se sente incluído no termo «señoras», e non creo que sexa ofensivo nin o un nin o outro. Dende logo, eu non pretendía ofendela, vaia isto por diante.

Despois, teño que recordarlle algunha cousa. O do sentido do humor é que o di vostede en mala fecha, porque hoxe mesmo recordamos a broma que nos fixo vostede hai un ano, ¿non sei se se acorda? ¡Porque mire que trouxo cola aquela broma de como cualificaba os homes do Partido Popular! O seu sentido do humor é un tanto peculiar.

Falou tamén da doazón do seu salario. ¡Home!, vostede dóalle o seu salario a organizacións afíns que se manifestan contra o Goberno. Vostede non doa, señora Santos, vostede alimenta a maioría social, e faino para negar despois a lexitimidade dos gobernos que saen das urnas. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza. (*Aplausos.*) Porque doar tamén doamos nós. ¿Ou pensa que o noso partido se mantén do aire? ¡Tamén aportamos nós!, pero non imos facendo alarde diso. (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Pero cálmese, muller, que non pasa nada! (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: Mire, falou vostede de todo... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PAZOS COUÑAGO: ...menos da folga. Eu entendo que a vostedes esa folga da Xustiza lles interese pouco. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa entendo que se fora... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Santos, silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...unha folga de notarios ou de rexistradores da propiedade lles preocuparía máis, sobre todo na Coruña, porque aí si que bloquearía certas cuestións que para vostedes son interesantes. *(Murmurios.)* Pero a folga de Xustiza tamén importa. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Tamén importa, señoría! Hai que darlle a importancia que ten.

En fin, eu, despois de escoitar a súa intervención, a única pregunta que teño que facerme é: ¿por que tendo semellante eminencia no seu grupo a deixaron hoxe intervir a vostede?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Porque non coñece as cifras, non coñece as leis que se aplican, non coñece os acordos parlamentarios... ¡Non coñece vostede os acordos dos que participou!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Pero ¿en que parte do acordo dicía o que vostede dixo aquí? ¿Pero nin sequera coñece os acordos que votou vostede neste Parlamento? ¡Pero, home, por favor, sexa un pouquiño máis serio...! *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡Sexa un pouquiño máis serio! *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Sexa un pouquiño máis serio...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...estude un pouquiño máis... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e, se non, tome clases da eminencia... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que estou seguro de que dentro... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Pare un momento. ¡Pare! ¡Pare!

Señor Pazos, pare para que a señora Santos non interrompa. É mellor quedar calados para que non interrompa.

Pero agora xa terminou...

O señor PAZOS COUÑAGO: Non se preocupe...

O señor PRESIDENTE: ¡Agora xa terminou! *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Agora terminou!

O señor PAZOS COUÑAGO: Hai poucas cousas que me produzan tanta satisfacción como debater coa señora Santos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Terminou! Pero, para que non se anden interrompendo, calen. Cando lles interrompan, calen, é o mellor por ambos os lados. *(Aplausos.)*

Peche da comparecencia, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, o primeiro que quero facer é agradecerlles aos tres voceiros da oposición que, polo menos, nesta última intervención, se centraran un pouquiño no tema, que, dende logo, á Xunta de Galicia e seguro que aos representantes dos traballadores é o que lles importa. Faláron un pouquiño máis. Ao mellor era porque tiñan menos tempo e era máis fácil. Centráronse un pouco máis na xustiza e, polo tanto, creo que iso é bo.

Señora Santos, por falar un momento da cuestión de Xustiza, alégrome de que recoñecera, con independencia de a que adique vostede os cartos que gaña, que gaña máis que os membros do Goberno, polo tanto, sexa un pouco prudente... Xa lle dixo o señor Alberto Pazos a que os dedicaba, pero sexa un pouco prudente. Gaña máis que os membros do Goberno e ao erario público lle custa máis que os membros do Goberno. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Mire, unha cousa que dixo é certa, e xa lle recoñecín ao señor Villares..., que, por certo, se é a grande eminencia que sabe de todo no ámbito xudicial, ¿que fai aí sentado? ¿Por que non

é o que intervén? Postos a... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, xa sei que a este tema non lle dan a suficiente importancia. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Igual que non está a señora Pontón, igual que non está o señor Leiceaga —xa sei que o presidente non está—, pero debe ser que eles tamén teñen ocupacións moi importantes. Vostedes pediron a comparecencia, efectivamente, e nin o portavoz do Partido Socialista nin a portavoz do BNG están aquí. Este tema é un pouco de segunda. Hai outras cousas que facer, non vale a pena estar aquí. Xa están vostedes aquí. Gustaríame que tamén tomaran nota diso os sindicatos. *(Murmurios.)*

Igual que teñen que tomar nota de que... Efectivamente, o que lle dicía antes, recoñecinlle que si, que as Mareas de Podemos si que meteron nos orzamentos da Xunta algo para atender as reivindicacións do persoal de Xustiza: 4 euros ao mes. Si, si, vostede di: estaba contemplado. Efectivamente, 4 euros ao mes dun total —voulle dicir— de cartos que moveron. De 768 millóns de euros que moveron de partidas, ían 4 euros ao mes para atender as reivindicacións... *(Murmurios.)* *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)* ¡Pare! ¡Pare! *(Murmurios.)*

Imos parar. Non, non, eu non teño présa. Mellor é parar. Cando se estean interrompendo, paren, e a ver se así nos respectamos todos. *(Murmurios.)*

Non, non, tranquilos. Non hai présa. Reanudaremos cando haxa silencio. Non hai problema ningún nisto. A ver se así respectamos o uso da palabra de todo o mundo.

Prosiga, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Dicíalle, señora Santos, 4 euros ao mes, comparado co que destinaron. Despois de dicirlles que ningún problema, que á morte con eles —tanto o BNG como o PSOE—, 4 euros ao mes, pois, ¡joia!, é catro veces máis, e é de recoñecer. E, xa lle digo, se a solución do problema é poñer o que vostedes puxeron nos orzamentos, cando tiñan a oportunidade... E eles dirán: non, agora si poderían. Oia, pero é que, entón, cando estivo con eles, ¿que lles estaban?, ¿tomando o pelo? ¿Estábanlles contando un conto chino e olvidóuselles, non lle daban tanta importancia? ¡É que hai que ser coherentes para solucionar os problemas! E isto téñeno que saber os representantes sindicais.

E o señor Bará dime tamén que perdín a oportunidade da man tendida. Mire, non, o que hai que ser é coherentes, señor Bará. Agora dime que mañá mesmo e que vostedes se ofrecen. Claro, pero é que vostede volve dicir..., e non é por falar... Efectivamente, os dous somos de Pontevedra e, polo tanto, os dous coñecemos ben o que pasa aí. Claro, o que non se pode dicir é que o problema é que non falamos cos sindicatos, cando vostedes lles pasaron a api-soadora completamente hai apenas tres meses. Entón, claro, atende os sindicatos, sempre que non sexan os sindicatos quen lle pidan cousas ao BNG en Pontevedra, que, entón, non hai que atenderlos. Ao resto si. Hai que levarse ben cos sindicatos, hai que atenderlles todo,

pero, cando se trata de nós, non, entón, non fagas o que eu estou facendo. Iso foi o que pasou, señor Bará. Entón, vostede vén aquí pedir diálogo cos sindicatos, pois hai que saber o que fai vostede cando ten ocasión de dialogar cos sindicatos. Simplemente iso, por unha cuestión de coherencia para arreglar o problema.

Despois, mire, non é certo que non me reunín cos sindicatos hai tempo; eu reuníme cos sindicatos. Non pode dicir que nunca me reunín cos sindicatos. Se lles pregunta aos sindicatos —seguramente non lles preguntou—, non lle poden dicir iso. Bueno, pois, entón, estou seguro de que non son os sindicatos os que non contan a verdade, estou seguro de que non, polo menos a maioría dos sindicatos.

Señora Vilán, mire, o edificio xudicial de Pontevedra licítámolo ao mes seguinte a que nos deran os terreos. Se me acusa de retrasos, será, en fin... Eu, se quere, pódolle... E vostede é de Pontevedra e debería sabelo. ¿O edificio xudicial de Tui? Adxudícase este mes. ¿E a Cidade da Xustiza de Vigo? Debe ser a única persoa en Galicia que non sabe como está a Cidade da Xustiza en Vigo, porque me pregunta por ela. Ao final, ten que vir aquí encher o resto do tempo porque non lle dedica..., porque os dez minutos se lle fan moi longos para falar da folga de Xustiza e ten que empezar a dicir que a Xunta non fai nada en xustiza. Polo menos, infórmese un pouco máis. Igual que se ten que informar —insisto— dos soldos que pagan no territorio do Ministerio. E vostede sabe moito do cómputo na nosa comunidade autónoma pero en realidade non sabe o que pagan, co cal, ao final, ese argumento cáelle polo seu propio peso.

Pero dicíanme vostedes que perdín a ocasión para a man tendida. ¡Diso nada! Mire, dixen dende o principio que a Xunta negociou, negocia e negociará, por suposto; e que nos interesa pechar este conflito por enriba de todo. Somos perfectamente conscientes dos prexuízos que lles está causando aos traballadores que fan folga e non están cobrando o seu soldo, aos profesionais da Administración de xustiza, a todos aqueles que traballan directamente, e sobre todo aos cidadáns, que pagan a xustiza cos seus impostos —igual que nos pagan a todos nós— e que o que queren é que a xustiza funcione. Pero tamén é certo que o negociamos cos cartos dos galegos —quíxeno dicir dende o principio—, negociamos co mandato dos galegos e, polo tanto, estamos obrigados a negociar con responsabilidade.

Polo tanto, como estou seguro ou teño a intuición de que hai algún sindicato que non quere o acordo e de que fará todo o posible para que non se chegue a un acordo, tamén estou seguro de que a inmensa maioría dos sindicatos son responsables e farán todo o posible para que se chegue a un acordo. E, polo tanto, o que teño que dicir é que queremos seguir negociando. É certo que non nos levantamos da Mesa nós, pero se a cuestión é volver facer unha convocatoria, a Xunta de Galicia faraa. Mañá mesmo volveremos poñernos en contacto cos sindicatos para seguir negociando, para falar de todo e intentar pechalo todo, aquilo que está practicamente pechado e aquilo —e todos sabemos ao que nos estamos referindo— que está por pechar aínda. Desde logo, non imos non falar por ser inamovibles en ningunha oferta, por suposto, tampouco na económica, pero queremos pechar con esa responsabilidade.

Tamén é certo que se os sindicatos se manteñen nos case 3.000 euros ao ano, oia, nin con Rueda nin sen Rueda, non poderemos chegar a un acordo porque negociamos cos impostos

de todos os galegos. Pero como estou seguro de que á maioría —non todos, e dígoo aquí tamén— dos sindicatos lles interesa chegar a un acordo, e interésalles chegar canto antes, volvo facerlles o ofrecemento e vou dicir que mañá mesmo a representación da Xunta de Galicia convocará os sindicatos para volverse xuntar con eles. Se a folga se suspende e, polo tanto, os cidadáns volven recibir servizos que demandan e que necesitan, o conselleiro que lles fala estará presente na negociación; se non, en todo caso, estará presente unha representación da Xunta de Galicia directamente en contacto con todos nós e, dende logo, con toda a intención de pechar a folga e de pechala canto antes. Polo tanto, mañá mesmo volveremos xa convocar os sindicatos, e eu agardo que canto antes, se todos somos razoables —a Xunta de Galicia foino dende o principio e tamén desde a responsabilidade—, intentaremos chegar a un acordo e chegar canto antes.

Espero que polo menos nin fagan ruído nin fagan descualificacións e que intenten que cheguemos a un acordo. Cando tiveron a oportunidade, non fixeron absolutamente nada, espero que agora polo menos boten unha man, e boten unha man en positivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para abordar os obxectivos e desenvolvemento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020

O señor PRESIDENTE: Para a intervención desta comparecencia ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, comparezo hoxe, a petición propia, para dar conta do traballo que vimos realizando na Xunta de Galicia en materia de seguridade viaria, abordar e informar dos obxectivos e das liñas de actuación que vimos realizando e das que queremos realizar cara ao futuro dentro do marco do Plan de seguridade viaria 2016-2020, nun momento que consideramos acaído, xa que estamos no ecuador da vixencia deste plan, e, polo tanto, acaído para falar do que temos feito e dos plans de futuro. Pero de antemán quero deixar claro que nin moito menos pretendemos que sexa unha intervención triunfalista. Dende logo que mentres haxa unha soa vítima nas nosas estradas non podemos dar por rematado o noso traballo. Pretendemos un diálogo construtivo e falar dos avances feitos e, como dicía, falar tamén dos plans de futuro.

A seguridade viaria debe ser unha prioridade para as administracións públicas, para os poderes públicos. Debemos liderala e, dende logo, poñer todos os medios ao noso alcance para seguir mellorando a seguridade viaria, sendo conscientes tamén de que esa loita por mellorar a seguridade viaria debe ser un traballo conxunto e coa concienciación e a implicación de todos, de toda a sociedade en xeral.

Temos unha folia de ruta trazada, que é o Plan de seguridade viaria 2016-2020, que está a guiar a acción de goberno, e traballos transversais que comprenden todos os departamentos da Xunta de Galicia, pero un plan global tamén con medidas concretas e coordinando as accións de todos os axentes implicados.

Ao longo da miña comparecencia intentarei explicarlles coa máxima claridade posible como se fraguou este Plan de seguridade viaria, os factores que interviñeron e que se tiveron en conta para elaborar este documento, os piares básicos, os obxectivos e tamén o grao de desenvolvemento deste Plan de seguridade viaria.

Este plan parte da experiencia na xestión dos plans de seguridade viaria anteriores. Concluíu o Plan de seguridade viaria 2011-2015, con resultados proveitosos: reducíronse un 37 % as vítimas mortais en zonas interurbanas a 24 horas. O Plan de seguridade viaria 2016-2020 parte das directrices europeas do Plan mundial para o decenio de acción da seguridade viaria. Polo tanto, é unha liña de traballo en consonancia coa Unión Europea e coas Nacións Unidas. E froito dese intenso traballo, coordinado pola Axencia Galega de Infraestruturas, tivemos un primeiro documento que queriamos que fora o resultado dunha acción transversal e de encaixar e xuntar todas as propostas e actuacións de todos os departamentos da Xunta de Galicia.

Polo tanto, é un plan participativo que é froito dun traballo transversal con ese texto base que trasladamos aos diferentes axentes sociais para enriquecer ese primeiro texto base do Plan de seguridade viaria 2016-2020, incorporando reflexións e achegas de todos os axentes sociais cos que puidemos falar: usuarios de estradas, vítimas de accidentes, autoescolas, ciclistas, motoristas, psicotécnicos, enxeñeiros etc. Incorporamos as propostas, propostas que concretamos en medidas. Posteriormente trasladamos ese borrador de plan á Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade Viaria, na que están representadas dende a Administración central e a Administración autonómica á Administración local e tamén a Garda Civil de Tráfico e a Dirección Xeral de Tráfico. Finalmente, para completar este documento de participación e suma de esforzos, o Plan de seguridade viaria 2016-2020 foi aprobado polo Consello da Xunta o 4 de febreiro de 2016.

Como factores principais, piares básicos, deste plan, consideramos prioritarios o factor humano, o factor vehículo, as infraestruturas, a atención ao accidente e —importantísimo, dende logo, na miña opinión— a educación e a concienciación.

Polo tanto, a partir de aquí, en consonancia co Plan mundial para o decenio de acción para a seguridade viaria, establecemos cinco obxectivos estratéxicos: optimizar a xestión en seguridade viaria, acadar vías de tránsito e mobilidade seguras, apostar por vehículos máis seguros, traballar para conseguir usuarios de vías de tránsito máis seguros e mellorar a resposta tras os accidentes.

Foron 49 medidas concretas as incorporadas a ese Plan de seguridade viaria e, por poñer algún exemplo concreto, no ámbito da responsabilidade directa da Consellería de Infraestruturas, podemos poñer como exemplo a mellora da seguridade concreta para protexer os usuarios máis vulnerables e tamén actuacións con outros organismos ou en colaboración con outros axentes sociais, como poden ser os itinerarios escolares seguros.

Todo un conxunto de medidas e de traballo conxunto para reducir ao máximo o número de accidentes de tráfico e minimizar os seus efectos e medidas concretas que veñen acompañadas con respaldo orzamentario. No ano 2018, no presuposto deste ano 2018, a partida específica e concreta en materia de seguridade viaria increméntase un 48 %, e, sumando outras actuacións que melloran a competitividade, pero tamén contribúen á seguridade viaria, estamos a falar de que no ano 2018 son 80 millóns de euros os destinados a esta materia.

Polo tanto, dispoñemos dos recursos necesarios para o desenvolvemento e para conseguir obxectivos concretos que nos temos marcado, tendo claro que cada vítima é un drama e unha situación pola que ningunha familia debe pasar. E non pararemos dende logo ata conseguir ese obxectivo que queremos: que non haxa vítimas de accidente de tráfico. Pero queremos conseguir obxectivos, queremos avanzar con realismo e con ambición ao mesmo tempo. Temos un obxectivo prioritario, que é o que marca o Plan de seguridade viaria 2016-2020, como dicía, en consonancia coa directivas europeas, e ese obxectivo é que dende o ano 2011 ata o ano 2020 se reduzan nun 50 % as vítimas mortais nas estradas galegas, ambicioso pero alcanzable co traballo de todos.

E no actual plan o que teño que dicir é que destaca unha especial atención aos usuarios máis vulnerables, dende logo peóns, ciclistas, peregrinos, nenos e maiores e motoristas, aplicando medidas innovadoras tamén produto da xestión e da experiencia na xestión e na participación social.

Destaca a aposta por actuacións concretas nas marxes das estradas autonómicas, tendo en consideración, por exemplo, diferentes colectivos como poden ser os motoristas, executando e instalando xa os SPM (sistemas de protección de motoristas), mellorar as bifurcacións e, polo tanto, incidir por exemplo en mellorar a seguridade viaria para usuarios vulnerables como son os motoristas.

Na seguridade viaria, hai uns factores que compartirán comigo que son importantísimos e básicos: o factor humano, o factor vehículo e o factor infraestrutura.

Sabemos que o estado dos vehículos importa, os sistema de seguridade con que contan os vehículos son importantes. Dende a Xunta de Galicia estamos a apostar non só pola formación senón tamén pola innovación no sector da automoción para mellorar eses posibles sistemas de seguridade, tamén con inspeccións técnicas de vehículos; son 1,8 millóns de inspeccións de vehículos que se fan ao ano. En concreto, na Consellería de Infraestruturas e centrando esforzos en elementos clave que consideramos que son infraestrutura e tamén o factor humano. Dentro do factor humano, dende logo unha aposta decidida pola concienciación e pola educación.

Como dicía, 49 medidas concretas, específicas no Plan de seguridade viaria 2016-2020.

Prevedemos —e está en marcha— o Plan de reforzos de firme para actuar dende a Xunta de Galicia nas das súas competencias, que son 5.500 quilómetros, e estamos a executar e conservar. Non só é importante executar novas estradas, dende logo que tamén é importantísimo conservar as que temos. Actuación de Plan de reforzos de firme complementario ao

Plan de viabilidade invernal da Xunta de Galicia. Queremos chegar máis alá. No ano 2016-2017 con ese Plan de reforzos de firme que impulsamos conseguíuse mellorar máis de 1.000 quilómetros das estradas autonómicas, con 26 millóns de euros en dous anos, e neste ano 2018 continuaremos con ese Plan de reforzos de firme, incrementando a partida orzamentaria anual e incrementando en 5 millóns de euros, de 15 millóns de euros incrementar a 20 millóns de euros. Levamos xa licitado neste pouco tempo 9 millóns de euros e proximamente nos próximos días outros 2 millóns e medio máis para reforzos de firme en diferentes provincias e continuaremos incrementando nas vindeiras semanas actuacións de reforzos de firme.

Outras actuacións que tamén inflúen no que é a infraestrutura poden ser o acondicionamento da estrada Ordes-Mercurín, Lindín-Cruz da Cancela e tamén outras estradas en Mañón e A Lama.

Outra iniciativa importante no Plan de seguridade viaria 2016-2020 é o Plan de sendas de Galicia, Plan de sendas fundamental para o Plan de seguridade viaria, que nos permitirá executar 170 quilómetros, na vixencia deste plan, sendas seguras e útiles para fomentar esa mobilidade sostible, pero fundamentalmente esa mobilidade segura, protexer o máis vulnerable, os usuarios máis vulnerables e facer eses desprazamentos cotiáns de forma máis segura.

Comezamos a desenvolver ese Plan de sendas no ano 2016, nunha primeira fase, en sete comarcas galegas; tamén avanzamos nunha segunda fase noutras comarcas galegas; entre a primeira e a segunda fase xa temos concretadas 95 novas sendas e 130 quilómetros, pero o obxectivo, como dicía, é 170 quilómetros nesta lexislatura para fomentar unha mobilidade peonil máis segura e máis sostible. Temos mobilizado nestes dous últimos anos 24 millóns de euros para sendas útiles e seguras, construíndo 70 quilómetros. Exemplos importantes das outras que estamos a impulsar pode ser o itinerario, a senda na PO-308 —e moi necesaria— en Poio e Sanxenxo; na PO-340, en Gondomar á Ramallosa; e tamén na C-130, Ares-Mugardos.

E, como dicía, temos respaldo orzamentario con partidas específicas que incrementan un 48 % este orzamento no ano 2018 e que nos permitirá poñer en marcha —nos está permitindo xa de feito— a eliminación de todos os treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica.

Estamos a dar un novo paso e para conseguir ese obxectivo que nos temos marcado no Plan de seguridade viaria 2016-2020, cumprir esa resolución que aprobamos neste Parlamento galego de protexer os usuarios vulnerables e mellorar a seguridade en todos os treitos de concentración de accidentes. Estamos a falar de treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas que supón o 1,6 % da lonxitude da rede de estradas autonómicas, é dicir, 90 quilómetros de rede autonómica, pero onde se concentran o 18 % dos accidentes. Queremos priorizar e estamos a priorizar este tipo de actuacións, unha estratexia para a eliminación de todos os treitos de concentración de accidentes, os puntos negros para actuar en todos eles e eliminar os 52 treitos de concentración de accidentes das estradas autonómicas nesta mesma lexislatura; 12 millóns de euros concretos para eliminar estes treitos concretos e totalmente identificados. Hai poucos meses presentamos esa estratexia e esta-

mos traballando e xa temos resultados, porque xa temos sometidos a información pública dez proxectos correspondentes a estas actuacións.

Outra iniciativa tamén importante e tamén prevista nese Plan de seguridade viaria que estamos a desenvolver é a eliminación de obstáculos, apostando polo concepto «estradas que perdoan», que demos unha segunda oportunidade para eses erros puntuais que poidamos cometer. Neste ano 2018, 500.000 euros para ese concepto de «estradas que perdoan» en distintas estradas autonómicas.

Tamén dende a Xunta temos moi presente a problemática da sinistralidade que se rexistra nas nosas estradas como consecuencia dos atropelos de animais. Neste sentido, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, en colaboración coa Universidade da Coruña, desenvolveron un traballo para identificar eses treitos de alta accidentalidade por animais. Os datos de atropelo de animais rexistrados nos dez últimos anos, grazas a un traballo da Dirección Xeral de Tráfico, están perfectamente definidos, localizados de xeito preciso onde se producen os atropelos, principalmente por corzo ou xabaril, treitos viarios identificados onde se producen a maior concentración de accidentes por atropelo de animais, e temos por iso en marcha proxectos piloto na provincia de Lugo e na provincia de Ourense.

Polo tanto, diferentes medidas para o atropelo de animais, como poden ser peches reforzados, vías de escape de fauna, captafaros reflectores, repelentes, etc., e ademais traballando tamén nun equipo e nun grupo de traballo multidisciplinar, onde tamén está a Consellería de Medio Ambiente, para minorar os efectos dos accidentes polo xabaril; un grupo de traballo no que se integran todas as administracións titulares das diferentes estradas, dos distintos organismos, co fin de propoñer medidas concretas que diminúan os atropelos e os accidentes por animais.

Tampouco se pode esquecer o reforzo da seguridade viaria con outras actuacións que estamos a impulsar dende a Xunta de Galicia. Podo poñer por exemplo a actuación que xa temos licitada para impulsar a mellora da seguridade viaria en Seixalbo, unha actuación moi demandada na OU-105, e tamén outras como a mellora de interseccións na LU-664 en Monforte ou na AC-840 en Curtis, esa intersección que consideramos que debe mellorarse.

Polo tanto, novas infraestruturas con criterios específicos e concretos para mellorar a seguridade viaria. E neste apartado tamén hai outras actuacións que melloran a competitividade de Galicia, pero dende logo que contribúen tamén de forma substancial á seguridade viaria. Temos exemplos dese tipo de actuacións como son a variante de Aradas, o traballo que estamos a facer para o futuro desdoblamento Sarria-Monforte e dende logo unha actuación de seguridade viaria específica como pode ser a autovía do Morrazo, 7 quilómetros que moi pronto veremos en servizo e, polo tanto, contribuindo tamén á mellora da seguridade viaria.

Na liña habitual de colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico levamos colaborando de forma intensa coa Dirección Xeral de Tráfico e coa Garda Civil. Puxemos en marcha campañas de concienciación, concienciación para peóns, concienciación para ciclistas, concien-

ciación para maiores; concienciación e, dende logo, tamén educación; campañas específicas de repartición de elementos reflectantes, prendas reflectantes que son auténticos chalecos salvavidas, e, polo tanto, previr atropelos nas nosas estradas.

Iniciamos este traballo da man da Dirección Xeral de Tráfico hai anos; en concreto, no ano 2016 foron 2.000 chalecos reflectantes; en 2017, 1.000 novos chalecos reflectantes, acompañados con xornadas informativas para un colectivo específico, e onde temos identificada realmente a vítima do atropelo, que é a persoa maior, con prendas escuras, que se move principalmente polo noso rural. Queremos que se fagan visibles, que se fagan ver, e por iso destinamos eses novos chalecos e charlas informativas en colaboración coa DGT para este tipo de elementos reflectantes.

Tamén, cortaventos reflectantes, da man da Federación Galega de Ciclismo. Son usuarios vulnerables, queremos previr atropelos tamén a este colectivo e que se fagan tamén visibles, unha prenda que o propio colectivo considera axeitada para facilitar a práctica dese deporte. En 2016, en 2017, da man e colaborando coa Federación Galega de Ciclismo, repartimos 1.600 cortaventos reflectantes. Dúas campañas polo tanto de concienciación con, entre 2016 e 2017, 4.600 prendas reflectantes, 4.600 polo tanto elementos para facerse ver.

E continuaremos con esa liña e mañá mesmo publicaremos tamén no *Diario Oficial de Galicia* un novo contrato para adquirir 30 novos chalecos reflectantes e 3.000 novos cortaventos para ciclistas, 140.000 euros, co obxectivo de facerse ver e, polo tanto, seguir apostando por esta liña de colaboración cos colectivos máis vulnerables.

De cara a incrementar a seguridade viaria dos ciclistas, tanto tamén deportivos como o pai que pode ir co seu fillo en bicicleta polas nosas estradas, iniciamos tamén unha liña de traballo, unha nova canle de colaboración coa Federación Galega de Ciclismo, e tamén da man da Dirección Xeral de Tráfico, para identificar eses treitos frecuentados por ciclistas. Temos identificados doce treitos, en concreto 700 quilómetros, tres en cada unha das provincias en total. Temos asumido o compromiso de eliminar obstáculos, de sinalar axeitadamente o paso frecuente por ciclistas, co obxectivo tamén de incidir e reforzar a seguridade viaria neses treitos, pensando, dende logo, nun ser vulnerable como pode ser o ciclista.

Co mesmo obxectivo de conseguir vías de tránsito máis seguras, outro colectivo vulnerable son os motoristas. Dende a Xunta de Galicia organizamos cursos de condución segura para motocicletas, da man da Escola Nacional de Condución de Motocicletas. A través destes cursos gratuítos, na Coruña, Lugo, Ourense, en Vigo, 160 persoas melloraron a súa técnica de condución para reforzar a seguridade viaria. Queremos seguir impulsando este tipo de iniciativas de formación e de sensibilización, para incidir na seguridade viaria. Á vista da boa acollida desta iniciativa, tamén mañá mesmo publicaremos o anuncio da contratación da organización de novos cursos de condución segura para motocicletas.

Outra iniciativa, tamén prevista nese Plan de seguridade viaria 2016-2020, é que activamos unha campaña nos medios de comunicación deseñada especificamente a sensibilizar sobre as distraccións ao volante polo uso do teléfono móbil. Para tratar de atallar esta nova tendencia que se vén rexistrando, aconsellamos concienciar e sensibilizar contra estas distrac-

cións, distraccións ao volante que no 2016 pasaron a ser o primeiro factor concorrente para sinistros con vítimas, algo que podemos dicir que foi a primeira vez na historia, e no 2017 tamén unha das causas principais —o 30 %— foi consecuencia de distraccións.

E, como dicía tamén ao principio, por suposto unha das actuacións máis relevantes —e que está prevista tamén no Plan de seguridade viaria 2016-2020— son campañas de sensibilización, educación e concienciación aos máis pequenos. En colaboración coa Consellería de Educación, xa no ano 2016 iniciamos unha campaña para educar os nosos cativos: «O corazón está do teu lado», unidades didácticas dirixidas a rapaces entre 6 e 8 anos, en oito colexios do rural. Repartimos 5.000 dispositivos led e unidades didácticas, «o Latexo», coas que queriamos chamar a atención dos máis pequenos, que utilicen as sendas, que circulen polo lado esquerdo —é o lado onde está o corazón—, e, polo tanto, para poder ver o vehículo que vén de fronte e que se fagan ver o máximo posible.

Somos conscientes dende a Xunta de que unha das liñas máis efectivas para reducir os accidentes de tráfico —como volvo insistir— é a educación, a concienciación, a sensibilización, e dende logo inculcalo e darlles estes valores tamén aos máis novos, aos nosos fillos, aos cativos. Promovendo, polo tanto, a cultura da seguridade viaria entre os nosos nenos, tamén nesta mesma liña mañá mesmo iniciaremos unha nova campaña de «O corazón está do teu lado», campaña máis ambiciosa para chegar a máis centros e a máis nenos do noso rural galego.

E mesmo vinculado a estes itinerarios escolares seguros, tamén que saiban vostedes que estamos colaborando con Stop Accidentes para fomentar eses hábitos de seguridade viaria en zonas escolares do noso rural. Temos un proxecto piloto, iniciado no ano 2017 no Colexio José García García, en Mende, na provincia de Ourense. Traballos que están a piques de rematar, para definir e concretar itinerarios seguros para os nenos, e queremos estender tamén este tipo de iniciativas a outros colexios do noso rural galego.

Señorías, como poden comprobar, é un conxunto de actuacións, un conxunto de medidas que se enmarcan neste Plan de seguridade viaria 2016-2020, medidas a meirande parte delas xa moi avanzadas; a pesar de que estamos na metade da vixencia do plan, practicamente todas están moi avanzadas. O que queremos é conseguir ese obxectivo que nos temos marcado no Plan de seguridade viaria: reducir un 50 %, dende o ano 2011 ata o ano 2020, as vítimas mortais en accidentes de tráfico.

Hai xustamente unha semana celebramos unha nova xuntanza da Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade Viaria, na Delegación do Goberno. Nesta xuntanza tivemos a oportunidade de analizar os datos de sinistralidade no ano 2017, tamén as súas causas. O certo é que estamos nunha tendencia positiva. Descenderon de forma importante os accidentes pero —volvo insistir— non queremos interpretar estes datos con triunfalismo, senón como puros indicadores da evolución dos datos de sinistralidade no ano 2017; 30 falecidos menos en vías interurbanas, un 28 % menos, en Galicia. Polo tanto, o maior descenso é na nosa Comunidade Autónoma, Galicia, porque a media do Estado incrementouse un 3 %.

Isto ¿que quere dicir? Que demostra que, grazas ao traballo de todos, de todos os condutores, peóns, ciclistas, motoristas, asociacións, institucións, administracións, estamos máis preto

dese obxectivo que nos temos marcado, ambicioso pero alcanzable, de reducir nun 50 % as vítimas mortais no ano 2020. Imos polo bo camiño, pero dende logo non hai que baixar a garda e dende logo todos temos que traballar xuntos.

Temos que estar atentos, vixiantes, manter esta tendencia á baixa, insistindo e apelando á prudencia, á responsabilidade ao volante, sumando esforzos entre todos, entre todos os axentes implicados, e dende logo nese camiño queremos tamén a implicación de todos os grupos desta Cámara. A seguridade viaria, na miña opinión, é cousa de todos, das administracións dende logo, coa súa cota de responsabilidade, pero ningún plan, de ningunha administración, pode suplir a prudencia, o respecto e a responsabilidade ao volante. Como sociedade debemos implicarnos todos, traballar arreo, promover condutas responsables e, dende logo, empezando por nós mesmos, dando exemplo aos demais.

Señorías, esta é a miña primeira intervención para falar de seguridade viaria, das principais liñas de traballo deste Plan de seguridade viaria 2016-2020, do seu grao de desenvolvemento; escasos 20 minutos ou 25 minutos, que, dende logo, non abundan por debuxar cada unha das 49 medidas previstas neste Plan de seguridade viaria. Nas próximas intervencións intentarei tamén falar doutros aspectos e ampliar a información, puntos concretos que me queiran trasladar.

Dende logo, quedo á súa disposición para completar calquera cuestión, escoitar moi atenta as súas achegas, co obxectivo de traballar xuntos e de traballar entre todos por mellorar a seguridade viaria das nosas estradas en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda dos grupos parlamentarios ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día de novo, señora conselleira.

Teño que comezar agradecéndolle esta comparecencia, ¡como non!, parécenos un tema importante. E tamén teño que comezar pedíndolle unha desculpa, porque vostede a semana pasada dixo publicamente que como muller non se sente discriminada na sociedade actual e no traballo actual que desempeña, que se sente ben valorada, e parécenos moi ben. Pero isto non é unha cuestión persoal. O debate sobre a situación social, laboral da muller non é unha cuestión persoal. Vostede pode ser unha persoa privilexiada, porque está ben tratada, pero a inmensa maioría das mulleres non están nesta situación e, polo tanto, debe respectar os dereitos de folga, porque é unha folga —aclárollo— non para vostede, para resolver o seu problema —que vostede xa ten resolto—, senón para resolver o problema das mulleres que sofren discriminación salarial, que sofren a desigualdade, que sofren a violencia. Para iso é esa folga.

E, dito isto, dicía que lle agradezo a súa presenza aquí, porque, efectivamente, este é un tema moi importante, que o BNG xa trouxo en numerosas ocasións a esta Cámara e que,

ademais, nós pensamos que ten que ser abordado desde unha perspectiva ampla, desde unha perspectiva global.

É un debate sobre a mobilidade, sobre a planificación e sobre a ordenación do territorio, sobre todas as formas de mobilidade, non só sobre a mobilidade motorizada, porque hai que combater un modelo que nós consideramos que é agresivo, que é regresivo, que está pensado sobre todo para os vehículos, para os coches, e non para as persoas e que ten que enmarcarse, ademais, nun debate global sobre a sustentabilidade, sobre a necesidade dunha estratexia galega pola mobilidade sustentábel, saudábel e segura.

Neste sentido, quero facerlle unha pregunta, porque temos moito interese en saber que pasou co Plan director de mobilidade alternativa, que foi licitado polo Goberno galego e a Xunta de Galiza no ano 2010, por 340.000 euros, señora conselleira, e que está gardado nun caixón. Elaboráronse tres documentos; o terceiro foi o Plan director para fomentar modos de transporte non motorizados, e vostedes teñen os modos de transporte non motorizados gardados nun caixón. E isto a nós parécenos mal, porque, ademais, é un dispendio de fondos públicos, porque se gastaron 340.000 euros nesta materia.

Polo tanto, queda aquí a nosa proposta de chegar a acordos nesta cuestión, como xa o falamos noutros debates que tivemos, en debates de orzamentos e nas súas comparecencias aquí, que para nós ten que pasar por realmente unha estratexia diferente, baseada na coordinación e na cooperación institucional, que ten que liderar a Xunta de Galiza, non só reunirse coa Administración do Estado senón tamén con outras administracións, e tamén pola participación dos axentes sociais, e botamos moito de menos esa mesa de participación.

Diciamos que o BNG fixo numerosas propostas, e, ademais, son propostas feitas desde a experiencia, humildemente, desde a experiencia nos gobernos, fundamentalmente a experiencia de Pontevedra, no Concello e na Deputación, pero principalmente no Concello de Pontevedra, que está indo por todo o mundo. Estamos precisamente nestes días en Salzburgo e iremos tamén a Estocolmo para precisamente presentar un modelo exitoso que está conseguindo acabar ou reducir drasticamente os accidentes graves e acabar coas vítimas mortais no ámbito urbano. Porque vostede deu aquí datos das vías interurbanas, que son datos preocupantes; en todo caso, aínda que hai unha tendencia á baixa, non nos falou das zonas urbanas. Nós ofrecémoslle a experiencia de Pontevedra para chegar a acordos e para avanzar tamén e para que desde a Xunta de Galicia se lidere tamén o traballo que teñen que facer as cidades e as vilas neste ámbito.

Porque hai que cambiar a xerarquía, esta xerarquía actual que pon en primeiro lugar os coches, os vehículos motorizados, e hai que poñer en primeiro lugar as persoas, primeiro as persoas, creando contornas saudábeis e seguras fronte ás contornas agresivas, hostís e perigosas que son neste momento as estradas galegas, e principalmente —non é por nada— as estradas, señora conselleira, da provincia de Pontevedra. Porque este mapa mete medo, este mapa mete medo. *(O señor Bará Torres mostra uns mapas.)*

Na Coruña, tamén hai zonas moi preocupantes, pero se mira este mapa, toda a franxa occidental da provincia de Pontevedra son estradas que teñen en total corenta puntos de con-

centración de accidentes, que é un dos principais problemas —non o único— que hai que resolver, e non lle vemos trazas. Desde logo, con 12 millóns de euros ata o 2020, este problema, este mapa que mete medo, de corenta puntos de concentración de accidentes, vemos moi difícil que o poidan resolver.

Pensamos que ese modelo exitoso, con adaptacións, pódese adaptar a toda a rede viaria, —xa digo— con adaptacións e con actuacións non só paliativas, con actuacións preventivas que actúen na totalidade da vía pública e non con actuacións parciais e parches, porque vostedes están vendendo como gran medida o Plan de sendas e realmente xa llo dixemos na comisión: é un plan de beirarrúas, pintadas de cor, pero un plan de beirarrúas, que, ademais, non cumpren os estándares e os mínimos de ancho legal, porque fomos medilas ademais e nalgúns casos están por debaixo do metro de ancho, porque teñen 1,20 e co mobiliario urbano quedan en 90 centímetros; entón, non cumpren ningunha normativa. E non cumpren tampouco a normativa nin os criterios que vostedes mesmos elaboraron sobre a mobilidade ciclista. Non veña aquí dicir, non o digan por favor máis, que son sendas de uso compartido para peóns e ciclistas, porque non cumpren os parámetros mínimos para isto.

E remítome a ese Plan director de mobilidade alternativa, que ten un documento que se chama «Criterios e recomendacións para o trazado e deseño de vías ciclistas», que vostedes teñen gardado no caixón e que non aplicaron, porque non fixeron ningunha desas actuacións, que non permite a circulación en dobre sentido neste tipo de sendas. Entón, por favor, non falen máis desta cuestión.

Efectivamente, nos últimos quince anos houbo avances, e teñen moito que ver tamén con algúns dirixentes, e hai un señor que ao mellor hai que citar aquí, que é o señor Pere Navarro, que fixo un gran labor no ámbito estatal, impulsando políticas que realmente conseguiron reducir os accidentes e as vítimas mortais; é unha evolución moi positiva nos últimos quince anos.

Pero tamén lle digo que nos últimos cinco anos, catro-cinco anos, os seus propios informes demostran que hai unha tendencia preocupante, que hai un repunte dos accidentes, e que houbo tamén o ano pasado un repunte das vítimas, no ano 2016 —perdón, no 2017— houbo unha baixada de vítimas mortais, pero en todo o período —e temos que analizar ciclos— o número de accidentes mantívose ou incluso algúns anos aumentou, polo tanto, sexamos prudentes.

Efectivamente, vostedes, atendendo as recomendacións e os compromisos da ONU e da Unión Europea, elaboraron o Plan director 2010-2015. Por certo, fixeron un balance intermedio dese plan pero non fixeron o balance final, e neste plan do 2018 botamos tamén de menos que non haxa un balance intermedio. Vostede vén aquí comparecer, pero esperemos que haxa tamén un balance intermedio do grao de cumprimento das medidas incluídas neste plan, que establece os obxectivos e medidas que están pendentes de cumprir.

Por certo, vostede, no ámbito escolar, falounos dun plan piloto do 2017 para un colexio. Se se conforman con isto, realmente parécenos un balance moi pobre, señora conselleira. En Pontevedra temos unha experiencia acreditada, e noutros concellos tamén, dos camiños escolares seguros, que tamén pode ser útil. Poden vir alí, falamos e aproveitamos as experiencias.

Falan vostedes tamén de manuais de boas prácticas, pero non vimos ningún. Falan do Portal de seguridade viaria e tampouco o vimos. En fin, tamén lle digo que houbo propostas que se incluíron no plan por parte de colectivos, mesa de coordinación institucional, auditorías de seguridade viaria, reposición do Noitebús... Por certo, fan vostedes de Stop accidentes, pois Stop accidentes e outros colectivos pediron a reposición do Noitebús, e seguro que salvaría nestes anos moitas vidas de xente nova. Repoñan o Noitebús, esa sería unha medida, desde logo, avanzada que lle pediron os colectivos.

Xa no ano 2014 e 2015 a Dirección Xeral de Tráfico advertiu dos accidentes con fauna e propuxo medidas concretas que aínda non se adoptaron e que teñen que adoptar xa, que é sinalizar os puntos negros de concentración de atropelos de animais, por exemplo. Ou que se fagan indicadores de tempo medio de atención dos medios de resposta ante os accidentes.

Mire, este tema, dende logo, é un tema moi serio. Hai que ser prudentes, hai que evitar o triunfalismo e hai que actuar con responsabilidade, con rigor e co máximo de coordinación e de participación. Porque xa lle digo que os datos da rede viaria autonómica non son para lanzar as campás ao voo. Houbo un incremento de accidentes con vítimas no período 2012-2016, dío a súa memoria, a memoria que publicaron —e á que non lle deron practicamente publicidade—, do ano 2016. Houbo 43 accidentes no 2012, 44 no 2016, e máis do 40 % dos accidentes na totalidade da rede viaria son na rede autonómica, un dato para preocuparse, porque vostede está dando os datos globais da rede interurbana, pero fale da rede autonómica, que é a súa principal responsabilidade.

Os datos de atropelos de peóns na rede autonómica non descenderon, mantéñense estabilizados. Hai que actuar nesta cuestión porque, ademais, a maior parte prodúcese en travesías e en treitos que teñen beirarrúas polos dous lados, señora conselleira, polo tanto, hai que actuar na cuestión clave, porque o 90 % dos accidentes se deben ao factor humano, e a única maneira de corrixir o factor humano é calmar o tráfico, moderar a velocidade, tomar medias físicas drásticas para evitar a velocidade, sobre todo nas travesías, que é onde se producen a maior parte dos atropelos.

E hai datos tamén preocupantes na rede autonómica, por exemplo, a respecto das provincias de Lugo e A Coruña, porque non é todo cuantitativo. Efectivamente, os puntos de concentración dos accidentes están na provincia de Pontevedra, pero os datos de Lugo son realmente preocupantes, porque Lugo ten o 11 % dos accidentes e ten o 25 % das mortes na rede viaria autonómica. Polo tanto, tomen nota disto e actúen tamén na rede viaria de Lugo e na provincia da Coruña, que teñen o 39 % dos accidentes e o 48 % das vítimas, e este tamén é un dato a ter en conta.

Tamén houbo acordo neste Parlamento a respecto dos puntos negros da rede estatal, e exixímoslles que tomen medidas e que negocien coa Administración estatal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...agora que veñen aí chuvias de millóns, e que actúen nesta, que é unha cuestión prioritaria, igual que nos camiños de Santiago, que hai un acordo parlamen-

tario que establece a prioridade no ano 2018 de eliminar os puntos negros no Camiño portugués, que realmente está nunha interferencia constante coa nacional 550, e hai que actuar xa e con medidas eficaces.

Polo tanto, señora conselleira, o noso ofrecemento ao diálogo, ao acordo, desde a prudencia, evitando o triunfalismo, evitando o oportunismo, desde a preocupación, porque estamos falando de mortes, de vítimas, de dor, de traxedias. Hai que facer un esforzo de coordinación institucional e política; hai que poñer medios... Dende logo, con 12,3 millóns de euros para os puntos negros non chega, nin sequera con eses 80 millóns dos que falou vostede. O señor Feijóo díxonos que a AGI ten 561 millóns para os anos 2018 e 2019, a axencia de infraestruturas. Teñen que poñer máis medios para esta cuestión, que é unha cuestión fundamental, e teñen sobre todo que asumir e demandar as competencias en materia de tráfico, de seguranza viaria e de policía, que ten que pasar a Galicia para ter realmente unha actuación coordinada e eficaz nesta materia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bo día a todas e a todos.

Señora Vázquez Mourelle, señora conselleira, bo día.

Permítame que escomence a miña intervención amosando a solidariedade e apoio do noso grupo, coa seguridade de que é un desexo compartido por todos os grupos da Cámara e polas persoas presentes, un desexo de solidariedade e apoio a todas as persoas que durante o ano 2017 tiveron a desgraza de sufrir as consecuencias dun accidente de tráfico. *(Aplausos.)*

E, en segundo lugar, o Grupo Socialista queremos manifestar o noso recoñecemento ás institucións, organizacións, asociacións, colectivos profesionais e civís individuais que se involucran diariamente no obxectivo de cero sinistros.

Por último, tamén queremos agradecer, como membro da Comisión especial non permanente de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia, en representación do Grupo Socialista, a masiva comparecencia dos máis diversos colectivos e sectores, así como as súas aportacións e entusiasmo de colaboración para mellorar as condicións da seguridade viaria en Galicia.

A todos eles, e a civís anónimos implicados nesta tarefa, moitas grazas e noraboa.

Señorías, todos somos potenciais vítimas dun sinistro viario, como peóns, ciclistas, motoristas, como condutores ou acompañantes. Esta materia abrangue a todas e todos, e polo

tanto debe involucrar a toda a sociedade, e iso conleva un proceder sistemático dos máximos responsables políticos, alonxado nas formas e no fondo de tentacións opacas, vantaxistas e triunfalistas. Estes adxectivos son incompatibles coa materia de seguridade viaria, e son incompatibles porque producen desavenencias e relaxación nunha cuestión na que debe estar toda a sociedade, e coa máxima implicación, para conquistar os obxectivos.

Señora Vázquez Mourelle, se me permite, señora Ethel Vázquez Mourelle, non teño nin a máis mínima dúbida sobre a súa alta sensibilidade coa seguridade viaria, coa mesma claridade e rotundidade, señora conselleira, que non comparto nin no fondo nin nas formas o exercicio da súas responsabilidades como tal, neste caso en materia de seguridade viaria.

Algo de historia. Vostede tomou posesión como conselleira en xuño do 2014, hai case catro anos. Ten as competencias de vivenda, infraestruturas e transportes, e, por certo, non oín nada da palabra transportes na súa primeira intervención, cando parece unha cuestión bastante importante o transporte colectivo das persoas para minimizar a presenza de vehículos particulares. Digo infraestruturas e transportes, ligada directamente á seguridade viaria. Ten vostede evidentes competencias na seguridade viaria en Galicia.

Non sei se é consciente de que esta é a súa primeira comparecencia para tratar esta cuestión, case catro anos despois de tomar posesión. Díxonos que viña falar do pasado, do presente e do futuro da seguridade viaria. Do pasado, ¡xa era hora! Do presente, notei claras ausencias de cuestións que teñen que ver coa seguridade viaria. Do futuro, creo que ten que cambialo, modificalo, porque se necesita a participación de todos. Por certo, sen documentación coñecida polos grupos da oposición, igual que sucedera anteriormente co seu antecesor.

Señora conselleira, non me negará que resulta peculiar o tratamento que desta grave problemática realiza o Goberno galego en relación coas comparecencias parlamentarias. O seu antecesor, señor Hernández, compareceu por esta materia dúas veces no transcurso de cinco meses, o 10 de setembro do 2013 e o 11 de febreiro de 2014, e dende entón castigáronnos cun apagón, ata hoxe, sobre seguridade viaria nesta Cámara.

Vostede, primeira comparecencia en catro anos, e isto é a pesar de que o señor Hernández manifestou en sede parlamentaria que, mentres haxa vítimas, haberá que falar desta cuestión nos plenos da Cámara. E vítimas houbo en 2014, en 2015 e en 2016, pero vostede non compareceu. Prégolle que me responda por que motivo non foron presentados anualmente balances anteriores neste Parlamento, por exemplo, nos anos 2014, 2015 e 2016. Por que non trouxo ou presentou a este Parlamento o Plan de seguridade viaria 2016-2020, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o 4 de febreiro de 2016.

Comparece vostede, señora conselleira, segundo reza na súa petición de comparecencia, para abordar os obxectivos e desenvolvemento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020. Por certo, un plan que ten como obxectivo principal reducir ao 50 %, en 2020, as vítimas que se producían en 2011.

Señora conselleira, este plan aprobouse no 2016, significaba reducir o 50 % irse a 2020 con 93 vítimas. Señora conselleira, no 2015 —no anterior á aprobación do plan— xa estaba superado iso porque houbo 92 vítimas.

Lamento lembrarlle que este plan foi elaborado e aprobado exclusivamente polo Goberno do Partido Popular, excluindo a participación dos grupos parlamentarios e da sociedade. Este non é un plan participado e incluínte, é un plan de parte, limitativo, individualista, un plan que na súa elaboración, aprobación e desenvolvemento seguiu un proceso xusto o contrario do que recomentan os organismos internacionais en plans de seguridade viaria.

Vostede renunciou a un macroplan, un plan de país, para reduci-lo a un microplan, un plan do Partido Popular. Vostede, e o seu goberno, renunciaron a compartir este plan coa sociedade. Se o compartiran, os éxitos e fracasos serían de todos. Preferiron individualizalo, e isto conleva a tentación de manipular os tempos —non comparencias cando non son favorables as estatísticas— e os datos en beneficio propio e non colectivo. Por exemplo, antes creo que a castigou o subconsciente e falou de repartición de chalecos reflectantes en 2016, agora outra vez. Señora conselleira, se fora un proxecto de país, recoñecería que os gobernos anteriores tamén repartiron chalecos reflectantes, xa durante o Bipartito. (*Aplausos.*) E non pasa nada en recoñecelo. Non pasa nada, que é un labor de continuidade dos gobernos anteriores para chegar ao obxectivo final, que é sinistros cero.

Por exemplo, ¿por que compareceu en 2018 cos datos de 2017 na man, e non compareceu en 2017 cos datos de 2016? Podo dicirlle que houbo cidadáns que me deron unha explicación moi sinxela, que eu non creo, pero moi sinxela. Non compareceu en 2017 porque os datos de 2016 reflectiron un aumento de 15 vítimas mortais respecto do 2015. E comparece en 2018 porque os datos de 2017 reflecten unha diminución de 29 vítimas respecto ao 2016. Iso, se fora un proxecto de país, non tería importancia, pero da outra forma si a ten. É obvio que nun plan individualista as estatísticas benefician ou prexudican dependendo de se son boas ou malas. Se o plan fora da sociedade, a realidade dos datos sería asumida polo conxunto, sen beneficiarios ou prexudicados individualistas, ou individuais.

Señora conselleira, os datos fundamentais con respecto ao 2017 xa foron adiantados na reunión da Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade Viaria celebrada o 27 de febreiro. Alí, igualmente, foron adiantados por vostede, a través da correspondente nota informativa, os principais datos que acaba de referendar; escasas novidades neste sentido na súa comparencia.

O que si se ten convertido en crónico pola súa parte nas comparencias é a aportación de datos retorcidos ata desfigurar a realidade, o lóxico dun proxecto individual no que vostede se autoerixiu en salvadora da seguridade viaria.

Permítame que escenifique as discrepancias do Grupo Socialista respecto dos datos e estatísticas que vostede aporta. Non compartimos ese titular do aumento dun 34 % dos investimentos da Xunta de Galicia, entre outras cuestións, porque non é certo. No Programa de construción e conservación de estradas o aumento no 2018 respecto do 2017 é a sexta parte da porcentaxe anunciada, inferior ao 6 %.

Segundo. O número de vítimas mortais nas estradas galegas ascendeu a 76 persoas en 2017. É certo que Galicia é a comunidade autónoma que tivo un descenso maior en 2017, pero igual de certo resulta ser que Galicia fora a segunda comunidade con maior aumento en 2016, ano no que vostede non compareceu —a diferenza de hoxe—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Se tomamos antes estes dous exercicios, os primeiros do Plan viario da Xunta 2016-2017, Galicia xa perdería ese liderado a favor de Castela-León.

Por outro lado, as estatísticas existentes prefiren reflectir a taxa de persoas falecidas por millón de habitantes. Galicia ocupa o décimo lugar entre as comunidades autónomas.

Terceiro —e xa vou terminando—, construción e conservación de estradas, importantes para a mellora da seguridade viaria e a área básica da súa competencia. Este capítulo foi un dos que sufriu un dos maiores recortes nos seus investimentos nos anos do Goberno do señor Feijóo. Só un dato, nos anos 2008 e 2009 o investimento en estradas autonómicas representaba arredor do 0,8 % do PIB galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...no ano 2018 representará arredor da metade, sobre o 0,44 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Aínda ten outro turno, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Remato.

De máis de 500 millóns de euros en 2008 pasouse a menos de 300 en 2018.

Continuarei na réplica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Primeiro, quería dicirlle unha cuestión ao señor Pazos, e é que é bastante patético que un representante público siga sen entender absolutamente nada do que significa a linguaxe inclusiva. É unha falta de respecto que diga «señores». Despois retirouno, pero igual debería reflexionar por que é... Agora non ten moito interese, non quere escoitarme, pero non me importa, despois pode ver o vídeo repetido. Si, estou falando con vostede, señor Pazos. (*Risos.*) ¡Oh! ¡Que intelixente! Eu tamén, eu son muller e, mira ti, son capaz de facer dúas cousas e incluso tres á vez. Pero debería reflexionar por que é que a nós se nos chama «señores», pero a vostedes non se lles chama «señoras», ou sobre todo de por que nunca a ningunha deputada se lle ocorreu chamarlle a ningún deputado «señorito». E co de «se-

ñorita», nós, no noso grupo, máis dunha xa tivemos que escoitar que eramos «señoritas, perdón, señoras». Entón, quizais debería reflexionar sobre que non ten nin idea do que significa a linguaxe inclusiva, ¡nin idea!, e pensar un pouco... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Si, vostede! Si, si, si, vostede debería reflexionar sobre que significa iso...

O señor PRESIDENTE: Non dialogue.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...da linguaxe inclusiva... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...e sobre por que as mulleres levamos tantos anos reclamando que se nos nomee, porque non existimos.

E outra cuestión tamén, que é bastante un ataque machista pola súa parte e tamén pola banda do conselleiro. As mulleres falamos aquí, e temos igual capacidade —todas as compañeiras, todas as deputadas— de falar de todos os temas; tamén de xustiza. Tamén temos a capacidade de falar de xustiza. E falamos porque estamos fartas de que ás mulleres constantemente se nos queira recluídas na casa e tamén recluídas unicamente nuns temas. *(Aplausos.)* Queremos falar de coidados e de educación, pero tamén podemos falar de moitos temas. *(Aplausos.)* Entón, señor Pazos, reflexione, debería pedir perdón... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Silencio.

Non, non, dialoguen. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

Imos á seguridade viaria, por favor. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

Seguridade viaria, por favor, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Si, xa vou á cuestión, pero era imprescindible facer esta declaración, sobre todo nos arredores da folga feminista, que vai ser histórica, despois da mobilización do último domingo.

O primeiro que quero dicir —e que xa se comentou—, por suposto, é que pensamos que esta comparecencia era moi necesaria. Estamos falando dunha cuestión imprescindible. De feito —como xa se comentou—, obviamente, estamos falando dunha cuestión moi importante na vida das persoas, porque, en realidade, cando falamos de seguridade viaria, falamos diso, de salvar vidas.

O que pasa é que entendemos que, a pesar de que esta comparecencia era necesaria, non se fai un balance crítico, nin se fai unha avaliación —digamos—, nin se poñen en marcha me-

didadas que realmente vaian á raíz do problema. E a pesar de negalo, nós si cremos que fan unha lectura algo triunfalista, non diría en exceso, como noutras ocasións, pero si unha lectura que non se corresponde coa realidade, porque, se facemos un balance das políticas dos últimos anos, a conclusión é moi clara: falamos de fracaso das políticas de seguridade viaria porque Galicia segue estando á cabeza da sinistralidade do conxunto do Estado español. Por iso nós, por suposto, celebramos os datos do ano 2017, pero o que nos parece moi preocupante é a tendencia xeral á que levamos asistindo nos últimos anos. Despois dunha década cunha tendencia positiva, vimos como dende o ano 2014 esa tendencia se rompe e asistimos a unha tendencia negativa. E, de feito, queremos salientar que os datos son tremendamente preocupantes porque continuamos en Galicia disputando, por exemplo, o primeiro posto en canto a atropelos de peóns e ciclistas no conxunto do Estado. Tamén seguimos tendo o punto negro con maior sinistralidade do Estado en autoestradas, na AP-9. E, ademais, na provincia de Pontevedra, temos o punto negro con maior sinistralidade en autovía de toda a rede de estradas do conxunto do Estado, na A-55, en Mos. Este punto é especialmente preocupante porque duplica a sinistralidade do segundo punto cunha porcentaxe máis alta. E, ademais, seguimos contando coa maior concentración de puntos negros por extensión na nosa rede de estradas. Por iso entendemos que a valoración que se fixo non se corresponde con estes datos, que os avances que se fixeron son totalmente insuficientes e que precisamos unha valoración máis crítica coas medidas postas en marcha.

E sobre todo tamén temos que dicir que vemos moitas contradicións entre o que enuncian, entre o que din e o que logo levan adiante. Primeiro, quería preguntarlle pola cuestión da educación. Xa que falou do tema da prevención, de charlas, déanos datos concretos de cantas charlas, de en cantos centros educativos e de a cantos alumnos. E sobre todo díganos por que se negan a incluír esta cuestión de maneira transversal na educación.

Despois, entendemos que unha das maiores incoherencias que tamén teñen é que, por unha parte, falan de que apostan por mellorar a seguridade viaria, pero á vez van deteriorando de maneira progresiva o transporte máis seguro para mobilidade por terra; neste caso falamos do ferrocarril. Dunha maneira moi clara as súas políticas priorizan unicamente o transporte individual por riba de calquera medio ou calquera outra forma de mobilidade. Priorizan, en realidade, o transporte con maior sinistralidade. Por iso non entendemos que tampouco falen —como xa se comentou— de transporte colectivo, porque falar de seguridade viaria está moi vinculado tamén con falar do Plan de transporte de Galicia, que é onde vimos a última evidencia da Xunta de Galicia... (Risos.) De verdade que se están orgullosos do seu Plan de transportes é para repensalo. Deberían pensar como están moi satisfeitos cun plan de transporte feito unicamente con criterios económicos, que non se corresponden en absoluto coa realidade, que está feito con *Google Maps* por empresas de fóra, que non se adecúa á realidade, co que houbo moitísimos problemas, que hai liñas de autobús que non chegan e que hai moitísimas vilas do país que non teñen un transporte axeitado. Eu pediríalles que reflexionaran, que abran un debate realmente na sociedade, cos axentes sociais, fóra deste Parlamento, e que realmente fagan autocrítica. Porque este Plan de transporte, obviamente, é un desastre. Pero, obviamente, necesitamos outro plan de transporte que se enmarque dentro doutras políticas públicas para outro modelo de país.

Tamén creo que é importante falar, en parte, da seguridade dos peóns e dos ciclistas. Por unha parte, porque a pesar de que en todos os discursos parece que todos os grupos parla-

mentarios —tamén o Goberno— están de acordo coa potencialidade desta forma de mobilidade, despois na práctica non se aposta de maneira clara por esta forma de mobilidade. De feito, falou do Plan de sendas e do Plan de creación de vías ciclistas e peonís, pero, como sempre, isto é moita literatura e despois, na práctica, é un fracaso, porque moitas destas vías ciclistas non cumpren os requisitos mínimos de seguridade para a mobilidade peonil e ciclista. E non son as opinións do Grupo Parlamentario de En Marea, senón que son as opinións dos colectivos que xa coñece de sobra. Precisamos carrís bici, precisamos carrís mixtos, pero sobre todo precisamos que estean ben feitos.

Outra das causas polas que entendemos que a rede viaria non é segura é que as autoestradas que vertebran o noso país pasen polo centro de moitos núcleos poboados e non contén coas medidas de calmado de tráfico no casco urbano. Hai moitos exemplos; eu voulle dar só un, pola cantidade de tempo que leva reclamándoo o Concello e as veciñas, que é a PO-551 ao seu paso por Marín, Bueu, Cangas e Moaña. Lévese reclamando moito tempo que se tomen medidas, e incluso reclamando poder tomar medidas, que case tiveron que ter un toque de atención por pintar pasos de beirarrúas no propio concello. Son cuestións que debería efectuar a Xunta de Galicia, pero que, a pesar de que se reiterou en numerosas ocasións esta reivindicación, non escoitaron en ningún momento.

E tamén, cando falamos de seguridade viaria, temos que falar da adecuación das sinalizacións e limitacións de velocidade en función da sección da vía, como recolle o actual borrador do Regulamento de circulación da DXT. Nós xa trouxemos propostas e iniciativas sobre esta cuestión para facer efectivas estas cuestións que se enuncian neste Regulamento: medidas de calmado de tráfico, crear rondas urbanas onde teñamos altos índices medios de vehículos. O Partido Popular votou en contra. Por iso, non entendemos por que realmente apostan, senón que unicamente utilizan esta comparecencia para facer un pouco de propaganda e dar un par de titulares, pero non queren arranxar realmente os motivos de fondo.

E, por último, se falamos de seguridade viaria e de transporte colectivo, por suposto temos que falar da relación do Goberno galego co Goberno central. A débeda de Fomento con Galicia non ten resposta nunca pola súa parte. Os datos de execución están aí, rondan o 50 % de execución. Precisamos maior firmeza e que realmente se salde esta débeda histórica.

Nós, polo tanto, entendemos que o que se precisa é vontade política, pór no centro das decisións sempre o ben común e non unicamente os intereses económicos —como se fixo co Plan de transporte de Galicia—. E as decisións teñen que tomarse priorizando sempre o transporte colectivo, os intereses desta maioría, e non unicamente os dunhas minorías.

Por iso nós, a pesar do que remataba a conselleira dicindo, cremos que non imos no bo camiño. Precisamos que se faga moito máis, e sobre todo entendemos que falta ambición e que tamén falta moita concreción.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señora Quinteiro, só moi brevemente lle quero dicir que eu son muller, que son do Partido Popular e que non me sinto en modo ningún reclusa nin que ninguén me queira ter reclusa. Lamento que vostede veña a esta tribuna —vostede, que xa puxo algún exemplo de linguaxe no que poñía en cuestión a igualdade— cun discurso tan trasnoitado e nun momento no que hai moito que facer, certamente. Creo que non aporta nada con esas manifestacións ás que vostede se refire. (*Aplausos.*)

Mire, verdadeiramente, señora conselleira, eu quero darlle os parabéns, agradecerlle esta comparecencia, na que vén de dar conta dos esforzos do Goberno galego para reducir a sinistralidade nas estradas galegas, e de modo moi especial o número de vítimas, tanto os falecidos como os lesionados. E permítame tamén que recorde todas esas vítimas, todos eses graves lesionados que deixaron a súa vida ou a súa saúde nas estradas galegas, especialmente os que o fixeron no último ano, e tamén o noso desexo sería que non se producise ningunha desas lamentables traxedias e tamén o noso recoñecemento a todos os colectivos que traballan a prol da seguridade viaria.

Miren, veñen vostedes de cuestionar a comparecencia da señora conselleira, concretamente o Grupo Socialista vén de dicir que por que se comparece agora, catro anos despois. Eu diríalle que é lamentable, verdadeiramente, que plantexe esta cuestión cando tamén habería que facer algo de autocrítica, porque levamos unha comisión de seguridade viaria en dúas lexislaturas que non foi quen de acadar un ditame. Creo que iso tamén hai que telo presente, e namentres o Goberno galego seguiu traballando cun plan de seguridade viaria, o do 2011 ao 2015, agora cun plan de seguridade viaria 2016-2020, por tanto, creo que, lonxe dos triunfalismos, nos parece que é un plan que non debe ser atacado, porque nós cremos que é un plan que merece os nosos parabéns, non só polo contido do plan en si mesmo, senón tamén porque se lles deu participación na súa elaboración a outros departamentos da Xunta, a outras administracións, mesmo tamén a colectivos que fixeron aportacións; o que non sabemos é cales foron as súas propostas, porque o Plan de seguridade viaria veu tamén ao Parlamento, entón, gustaríanos saber por que esa manifestación de que se renuncie a compartir o plan coa sociedade, que non foi un plan participativo, cando vostede sabe que moitos colectivos participaron del.

Pregunta que por que non compareceron cos outros do 2016. Oia, porque o plan se aprobou en febreiro do 2016, e, loxicamente, parécenos que hai que darlle un tempo, un recorrido para implementar estas medidas. E, dende logo, falan da redución dos orzamentos para a construción de estradas. Así se manifestaba o portavoz do Partido Socialista e tamén o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que demandaba máis recursos.

En relación co portavoz do Bloque Nacionalista Galego direille que dificilmente se pode entender que vostedes plantexen aquí unha cuestión que teña que ver cos recursos, sobre todo cando vostedes nas súas emendas reducían de maneira moi apreciable os recursos da Axencia Galega de Infraestruturas; por tanto, moitas das infraestruturas e das medidas que se están

a implementar non poderían poñerse en marcha con esas propostas que vostedes facían. Porque mire, propoñían reducir o orzamento da Axencia en 74 millóns de euros. Estamos ante un plan que este goberno dotou dun importante incremento, 48 % vén de dicir a señora conselleira, máis de 80 millóns de euros dedicados a actuacións en seguridade vial. E vostedes propoñían unha redución deste orzamento que o reducía en 74 millóns de euros. Xa me explicará, señor Bará, que pretendía facer con esta redución. Pero non anda moi lonxe En Marea, que reducía as partidas en 43 millóns de euros.

Por tanto, miren, pouca credibilidade teñen que veñan aquí demandar máis recursos se cando vostedes teñen a oportunidade fan estas propostas.

E cando me refería antes á cuestión ou á crítica que facía o Partido Socialista de por que comparecía agora a señora conselleira, pois tamén nos chama a atención que vostedes non foran quen de pedir antes esa comparecencia, ou que fagan a reflexión de cantas veces lle preguntaron ao Goberno galego sobre a cuestión da seguridade viaria; por tanto, estas reflexións tamén as hai que facer cando vostedes veñen aquí pronunciarse neste sentido.

Miren, a nós este plan, señora conselleira, parécenos que con este incremento orzamentario é unha demostración de que as medidas que recolle o plan de cara ao ano 2018 se van seguir implementando e, por tanto, que se vai seguir traballando na mellora da seguridade viaria. Pero a min gustaríame referirme a todas estas medidas das que vén de dar conta, e concretamente quero referirme ao Plan de reforzos do firme. Mire, é moi importante, porque uns dos elementos que inciden na seguridade viaria e na produción de accidentes —como ben dicía a conselleira— son: o estado das estradas, o estado dos vehículos e, tamén, a conducta humana; a conducta de todos os que estamos implicados na seguridade viaria, xa sexa como condutores, como ciclistas, como peóns ou como motociclistas.

De feito, a min gustaríame facer unha referencia ao Plan de viabilidade invernal, porque está moi acaído e porque creo que é unha demostración do que —e ademais está moi recente— debe ser o control, a prevención e a actuación dilixente en materia de seguridade viaria. E recórdolle, concretamente, que neste sentido hai un operativo que funcionou perfectamente, señora conselleira, nestes últimos meses en relación cos riscos que representan as inclemencias do tempo, e fronte a iso, para aproveitar a comparativa, quero poñer como exemplo ese despropósito de escenario de exemplo que deu a Deputación de Lugo onde lle desapareceron centos de toneladas de sal e non había sal para atender estas necesidades. Por tanto, vostedes veñen aquí reclamar, a reivindicar, pero onde vostedes gobernan tampouco fan nin tampouco xestionan coa mínima dilixencia que require esta cuestión.

Respecto do reforzo dos firmes, a dotación orzamentaria para o 2018 increméntase de 15 a 20 millóns de euros, o que acredita este compromiso do Goberno galego. O mesmo lle pode dicir do Plan de sendas, o certo é que ao señor Bará non lle gustan as sendas, pero contamos con 70 quilómetros de sendas que hai dous anos non tiñamos, e vanse incrementar noutros 100 quilómetros. A vostedes non lles gustarán, pero é unha maneira de garantir a seguridade dos ciclistas, dos peóns, que non só no ámbito deportivo, senón tamén no ámbito dos desprazamentos, favorece un desprazamento sostible.

E a min gustaríame aquí facer tamén unha reflexión no que atinxe ao reforzo dos firmes, á mellora, á conservación das estradas, porque cando falamos de seguridade viaria non nos podemos referir, unicamente —aínda que valoramos os datos— á comunidade galega, pois en Galicia non só responde o Goberno galego respecto da conservación das súas estradas propias, das que son de titularidade autonómica, pero é que hai outras estradas de titularidade doutras administracións que tamén se teñen que comprometer con este obxectivo de reducir o número de accidentes e o número de vítimas mortais nas nosas estradas.

E eu quérolle dicir que hai un exemplo, ou ao contrario, que non debe servir de exemplo do que está a acontecer. Por exemplo, na provincia de Lugo 4.112 quilómetros de estradas provinciais, pouco menos que o que ten a Xunta e ao que destina 23 millóns de euros. Pois mire, en Lugo nestes últimos anos resulta que se destinaban entre 6 e 9 millóns de euros, e este ano faise un plan único por un compromiso co Partido Popular para poder atender o mal estado e o deficiente e lamentable estado no que se atopan as estradas provinciais.

Pero fálolle de Pontevedra, onde o decálogo de actuacións indicaba que non se recomendaba, ou se restrinxía, a actuación en estradas que tiñan unha frecuencia de tráfico por debaixo dos 3.000 vehículos diarios. Oia, se temos en conta que a maior porcentaxe de accidentes se producen nas inmediacións do propio domicilio e, dende logo, en estradas convencionais, xa me contará en que situación queda o rural da provincia de Pontevedra.

Quérolle dicir, por outra parte, señor Bará, que fala vostede do modelo, o seu modelo exitoso do Bloque Nacionalista na cidade de Pontevedra. Pero, ¿como pode comparar a seguridade viaria dunha cidade coa seguridade viaria das estradas convencionais e das autoestradas, das autovías da comunidade galega? Verdadeiramente, vostedes o que queren é restrinxir, vostedes o que queren é limitar, porque mire, nas estradas os coches existen, ¡eh! Isto pódese facer peatonalizando toda unha cidade, pero o que non se pode facer é nunha comunidade autónoma restrinxir absolutamente a circulación dos vehículos.

Falaba tamén da sinalización dos puntos negros de concentración de accidentes de animais, cando vostede sabe, porque está na Comisión de Seguridade Viaria, que alí mesmo responsables nos dixeron que non se podía exceder a sinalización, porque chegaba un momento en que era pouco útil, e se colocabamos sinalización en 3 quilómetros e a outros 3 quilómetros a repetiamos outra vez, pois que a eficacia desa sinalización se perdía.

Por outra parte, falaba vostede de Lugo e das cifras de Lugo, que di que é onde máis baixa o número de falecidos; ben, pois eu quérolle recordar que dicía que era onde máis falecidos había, e quero recordar que nesta anualidade é onde máis baixa na comunidade autónoma de Galicia o número de falecidos.

Por tanto, e ditas estas anotacións con respecto a estas cuestións que plantexaron os grupos da oposición, nós, señora conselleira, queremos felicitar, parécenos moi acaída esta comparencia, cremos que é moi importante. Tampouco lle gustaba ao señor Bará que se repartan prendas reflectantes, pero nós cremos que a concienciación, que a educación aos menores, que o proporcionar e sensibilizar as persoas maiores de que teñen que adoptar medidas de seguridade viaria, consideramos que incrementar a seguridade dos ciclistas, in-

crementar a seguridade dos motociclistas, incorporar as medidas que eles mesmos propuxeron a este plan nos parece moi necesario e acaído.

E eu creo que estes datos que aporta o balance de seguridade viaria á Dirección Xeral de Tráfico para o ano 2017, que indica que se produce un descenso do 28 % en Galicia do número de mortos e que pasamos de 106 a 76, e que ademais isto se contrapón co incremento do 3 % no conxunto de España, pois o que nos confirma é que estamos no bo camiño, que hai que seguir traballando, que hai que seguir implementando estas medidas que recollen o Plan de seguridade viaria 2016-2020; por tanto, nós cremos e, señora conselleira —e felicitámola—, esperamos que estas medidas dean o seu froito, que verdadeiramente se poida acadar ese obxectivo que se ten marcado de reducir ao 50 % o número de falecidos nas estradas galegas no ano 2020 con respecto aos que se producían no ano 2011. Cremos que estamos na boa senda, porque estes resultados que veñen de darse no ano pasado así o indican. E, dende logo, co obxectivo non nos podemos poñer triunfalistas, como vostede dicía, porque o obxectivo, verdadeiramente, sería que non houbera ningunha vítima.

Para iso hai que traballar, hai que traballar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...todos conxuntamente, hai que implicar toda a sociedade, como vostede dicía, pero, sobre todo, hai que implicar todas as administracións que teñen responsabilidades nas estradas que percorren o territorio galego e, por suposto, que cada unha asuma o que lle corresponda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...na súa mellora e na súa conservación.

Nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Réplica, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Antes de entrar en consideracións concretas xa de materia de seguridade viaria, señor Bará, dende logo que a igualdade entre homes e mulleres é un tema moi serio, pero máis serio tamén —e tamén tan serio— é a seguridade viaria. Eu veño aquí falar a petición propia, ningún de vostedes pediu a miña comparecencia en materia de seguridade viaria. ¿Por que? Porque nos preocupa e porque estamos volcados, podemos facelo mellor ou menos mellor, pero, dende logo, preocupación e volcados en materia de seguridade viaria eu creo que non hai dúbida, o traballo fala por si mesmo. (*Aplausos.*)

Señor Bará, fala vostede con bastante frivolidade do Plan de sendas, e paréceme dunha imprudencia tremenda, non sei se pensa vostede que vou deseñar e medir a senda e facelo eu, é unha imprudencia descualificar os técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas. É unha cuestión que reiteradamente nalgúns grupos políticos a vexo, os poderes públicos estamos para poñer orzamentos e medidas que consideramos estratéxicas, como é a seguridade viaria, que, insisto, incrementou o 48 %, e pódollo transmitir e explicar ao señor Fernández sen problema ningún, e así é, se non non o diría, pero dende logo é unha frivolidade..., parece que non queren que fagamos o Plan de sendas. E, por certo, o Plan de mobilidade natural de Galicia a escala concreta das comarcas é o Plan de sendas de Galicia. É así.

Señor Bará, como levo moitos anos xa na Administración, e na Dirección Xeral de Infraestruturas con anterioridade, pódolle garantir que é así. Materializar un plan de mobilidade alternativa é materializar como estamos facendo, executando sendas sostibles, seguras. Parece que vostede non quere que fagamos sendas. Dende logo, a min impórtame realizar sendas útiles e seguras para os peóns, que son os usuarios vulnerables.

E, señor Bará, sinceramente, a dar leccións de seguridade viaria calquera chega; ¡faltaría menos!, hai que ser construtivos. Pero falando de Pontevedra que me traslade o tema de transporte público e seguridade viaria nun concello, que me poña o exemplo, que non ten transporte urbano é tremendo, dende logo. No transporte público, competencia da Xunta de Galicia, o fácil é pedirilles aos demais, traballo aos demais, eu exixo aos demais; primeiro exíxase un mesmo e logo hai que exixir aos demais. Pero nun concello onde non hai transporte público nin por asomo, nin se lle ve a curto prazo... Por tanto, rigor, rigor en materia de seguridade viaria...

Vou concretar máis o que quero dicir e non irme polas ramas, pero o certo é que tamén me sorprende a súa aposta pola seguridade viaria e poñendo o exemplo do concello de Pontevedra, co que están plantexando na ponte da Barca. Si, si, si, si, señoría, ¡por favor! Si, si. O certo é que está vostede falando aquí como se o concello de Pontevedra fose un referente, e un referente cun tema que sabe vostede que ensanchar as beirarrúas acurtando os carrís de circulación onde non hai nin beiravía o problema é o peón e a seguridade viaria. E, polo tanto, coa seguridade viaria non se xoga nin van xogar os técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas, nin nós tampouco. Soamente por pintar..., pintar é moi bonito e queda moi ben, pero a realidade é a que é, e coa realidade, dende logo, da seguridade viaria a Xunta de Galicia e esta consellería non van xogar.

Tamén falaba da diferenza de actuacións e poñendo exemplos, a cidade de Pontevedra con respecto das vías interurbanas da Xunta de Galicia; eu creo que non se poden mesturar conceptos, tráfico distintos, mobilidade distinta, tráfico local, tráfico de longa distancia. Señor Bará, non mezclemos conceptos, que para conceptos xa están o técnicos, que saben concretar ben os temas.

Eu quero trasladar que foi un plan o 2016-2020 participativo, incorporamos achegas de moitos axentes sociais que falamos con eles, que se concretaron con medidas específicas, con ese texto base que comentei na miña primeira intervención, que serviu para debater con todos os axentes sociais; eu, claro, non podo relacionar cada unha das persoas coas que fa-

lamos. Trasladóuseme que non falei de transporte, etc., pero bueno, podo mencionar todos os sectores e todos os axentes cos que puidemos falar, vítimas de accidentes, usuarios habituais das estradas, condutores, peóns, ciclistas, motoristas, peregrinos, colectivos de maiores, asociacións xuvenís, sector do transporte, representantes de centros médicos, psicotécnicos, autoescolas, centros formativos, fabricantes de vehículos, enxeñeiros, etc., etc., aseguradoras. Falamos con moitísimos, todo o mundo que quixo falar, con axentes sociais.

E esas achegas e medidas. Vostedes tiveron a oportunidade de facer achegas ao Plan de seguridade viaria 2016-2020, vostedes tiveron a oportunidade. Eu mandei ao Parlamento de Galicia un documento, sigo esperando polas súas achegas construtivas. Non fixeron ningunha, nin a mínima consideración ou observación á achega construtiva ao Plan de seguridade viaria 2016-2020. Polo tanto, o fácil é falar do traballo dos demais, pero, en calquera caso, supoño que no ánimo construtivo de que todos estamos implicados en seguridade viaria, creo que esas achegas que puideron facer serían importantes.

Señor Fernández, falaba vostede do ano 2014, aquí estamos a falar do Plan de seguridade viaria 2016-2020 a petición propia, foi petición propia, ningún de vostedes solicitou a miña comparecencia en seguridade viaria, que viría —dende logo— encantada falar de seguridade viaria. E falou vostede de elementos reflectantes. Eu permítame estar aquí na tribuna para comentar os elementos reflectantes da época do Bipartito. Porque eu o certo é que cando cheguei á Dirección Xeral de Infraestruturas parece que había moi poucos cartos, había que pensar e innovar, e buscar e facerse máis eficientes. ¡Miles de chalecos en caixas pechadas!, que tivemos que recuperar e facelo de forma construtiva, utilizar as profesionais — que é a DXT e a Garda civil— para repartir eses elementos reflectantes, que na miña opinión son elementos salvavidas.

E volvo insistir, di que é a primeira vez que veño aquí falar de seguridade viaria. Tiven dúas comparecencias a petición propia: unha liña estratéxica e a da seguridade viaria, ¡faltaría menos tendo as competencias da Axencia Galega de Infraestruturas! E nas miñas catro comparecencias de orzamentos tamén falei de seguridade viaria.

Polo tanto, algún nome debeu de escoitar, pero non lle debeu preocupar; pero nas miñas comparecencias aquí no Parlamento falei sempre, cando tiven ocasión, de liñas estratéxicas e de orzamentos de seguridade viaria.

E aquí falan vostedes de transporte público. A señora Quinteiro, de criterios económicos; tamén o señor Fernández e o señor Bará. Eu de verdade o digo, non creo que a oposición estea moi lexitimada para falar de transporte público secundando de forma escandalosa os argumentos da patronal das grandes empresas de transporte. Porque se fose por vostedes, Galicia quedábase sen transporte público, e conseguimos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Secundaron vostedes os argumentos das empresas de transporte, que elas si que tiñan criterios eco-

nómicos, ¡claro que si! Vostedes do lado das empresas, ameazando, que ameazaban con deixar Galicia sen transporte público, porque as empresas renunciaron a liñas de transporte xeral e vostedes secundaron, liderando esa demanda.

E, ¿que goberno implantou o Plan de transporte metropolitano? ¿Esa Tarxeta Metropolitana que é un auténtico bono social, un plan social de transporte para mellorar o transporte público e dar facilidades ao transporte público? Foi este goberno, que cada vez medra máis e cada vez máis concellos queren achegarse. ¿Quen foi ou quen implantou a Tarxeta Xente Nova para que os menores de dezanove anos nesas áreas interurbanas, metropolitanas, onde está implantado o Plan de transporte metropolitano, poidan viaxar gratis no transporte público? ¡Foi este goberno! (*Aplausos.*) Non foron vostedes en cidades que, dende logo, non apoian implantar esta medida para os menores de dezanove anos, como o Concello da Coruña, o Concello de Ferrol ou o Concello de Santiago, para implantar esta medida da Tarxeta Xente Nova para que os menores de dezanove anos poidan ir en autobús de forma gratuíta e fomentar o transporte público.

E fálame vostedes do concello da Coruña. No plan de entrada de autobuses interurbanos ao centro da Coruña— si, algún rise, pero é que estamos a falar dun tema moi serio, e se me falan de transporte público, pois eu falo de transporte público relacionado con seguridade viaria— o único que atopamos foron atrancos; non lles importaban os criterios técnicos de que entren os autobuses se ía haber moitísimos atascos. Pois a realidade veulle dar a razón ao sentido común.

E, dende logo, traballamos coa loita para que teñamos mellores servizos públicos tamén de ferrocarril; así que leccións de transporte público, eu creo que, dende logo, non debería haber ningunha.

E señora Quinteiro, aínda máis alá, que me fale vostede de seguridade viaria cando o Concello da Coruña —o seu grupo das mareas de Podemos— confunde a seguridade viaria coa seguridade dos anfibios, sorpréndeme bastante, porque iso é o que plantexan en Alfonso Molina. E vou aínda máis alá, que me falen vostedes de seguridade viaria no Concello da Coruña cando se poñen a deseñar planos moi bonitos con árbores de folla caduca, vostede saberá que as árbores de folla caduca en pleno Alfonso Molina implica que sexa unha pista de patinaxe. Polo tanto, criterio de seguridade viaria, non nos poñamos a pintar cousas moi bonitas, o tema é a realidade, xestionar a realidade e saber exactamente que pasa nas interseccións, etc., e non deseñar pistas de patinaxe cos problemas conseguintes.

Sabemos, e temos coñecemento no Goberno galego, por suposto, do traballo que se está a facer aquí no Parlamento na Comisión de Estudo de Seguridade Viaria, coñecemos ese traballo de grande interese e, por suposto, nesa comisión daremos conta, como está previsto, co director da Axencia Galega de Infraestruturas, e eu agardo conclusións, que ese sexa un debate construtivo para que sexan tidas en conta, dende logo, no Goberno galego para seguir mellorando máis todo o relacionado con seguridade viaria.

Pero eu insisto, e comparto totalmente o que dixo o señor Fernández, a seguridade viaria é cousa de todos, das administracións públicas dando exemplo, poñendo todos os medios, os

recursos. Dende logo, estamos demandando tamén do Estado que actúe nesas vías nas que temos detectadas eivas, que tamén teñen que actuar. Tamén as deputacións, tamén os concellos, todas as administracións deben de telo como prioridade. E os colectivos e os partidos políticos, porque o certo é que aínda que todas as administracións poñamos todos os nosos medios, todos os plans e actuacións que queiramos, desde logo que non van ser capaces de substituír a prudencia e a responsabilidade ao volante.

É insubstituíble, polo tanto, a prudencia, a educación —xa que temos nenos na tribuna—, a concienciación e a educación nos valores da seguridade viaria. Importantísimos, porque temos que entre as institucións fomentar a cultura da seguridade viaria e transmitir eses valores aos nosos fillos, aos nosos nenos, aos nosos mozos. O certo é que o condutor de atrás, moitas veces impaciente, empeza a pitar porque estamos parados para dar paso a uns peóns nos pasos de peóns, e o certo é que todos debemos de estar agradecidos coa cordialidade ao volante e a educación e a concienciación, que botei bastante en falta nas súas intervencións, por certo, e, dende logo, a falta de interese —na miña opinión—, e despois de escoitalos, e sobre todo cos datos, datos concretos que aproveito para trasladalos a todos os presentes: o 32 % dos accidentes mortais rexistrados no ano 2017 foron próximos ao domicilio —creo que o dixo a deputada do Partido Popular—. Confiámonos máis e, polo tanto, baixamos a garda, hai que estar precavidos.

Distraccións. As distraccións co móbil tamén son casos dos principais accidentes, o 30,5 %. Velocidade inadecuada, viámolo hoxe nos xornais, un 24 % a velocidade inadecuada. O cinto de seguridade é outro elemento salvavidas, moitísimos condutores que faleceron non levaban o cinturón de seguridade.

E permítanme unha reflexión cos datos do Imelga que trasladou hai xusto unha semana á Comisión autonómica de Seguridade Viaria: o 33 % das vítimas mortais de accidentes foron positivos en alcohol, e o 78 % destes datos triplicaron a taxa de alcohol. Creo que é un dato preocupante do que nos debemos de concienciar, sobre todo polos efectos que ten no propio condutor, que vai conducindo baixo os efectos do alcohol, pero, se non, tamén coas outras persoas que poden ser afectadas no accidente.

Polo tanto, na nosa opinión, concienciación e educación son importantes, e tamén hai que redobrar esforzos en educación, concienciación e formación, e transmitir eses valores tamén aos máis novos, aos mozos e tamén aos maiores, con xornadas técnicas, con campañas de sensibilización ás familias desde as diferentes consellerías.

E, señora Quinteiro, fala vostede de exemplos en materia de formación, pero é que se abriu unha nova porta xa á formación e á educación nos máis novos; hai unha materia en segundo da ESO que é: Mobilidade Escolar Sostible e Segura, de libre configuración; polo tanto, unha materia que xa está en segundo da ESO.

E no ámbito propio da Consellería de Infraestruturas e Vivendas, ligado tamén á formación de profesionais de transporte público, cursos importantes de formación, cursos de condución segura —como dicía tamén— para outros usuarios vulnerables, que dicía na miña primeira intervención, como son os motoristas. Este mércores publicaremos —mañá mesmo— un

novo contrato para 16 novos cursos de formación para chegar a 640 persoas, e eses si son cursos para que perfeccionen o seu manexo da motocicleta.

Especial atención, polo tanto, aos usuarios vulnerables no plan, con campañas específicas de elementos reflectantes e repartidos por profesionais da Garda civil e a Dirección Xeral de Tráfico; mañá mesmo un novo contrato con 141.000 euros para a repartición de 33.000 elementos reflectantes, que son verdadeiros elementos salvavidas. Son 30.000 chalecos reflectantes, 20.000 a través da DXT e a Garda civil; 5.000 chalecos, 3.000 para nenos e 2.000 para peregrinos a través da Dirección Xeral de Emerxencias; 1.500 repartidos aos rapaces a través da Consellería de Educación no marco da iniciativa camiños escolares seguros; 900 chalecos para política social para persoas maiores e 2.600 para a Axencia Galega de Infraestruturas. E 3.000 cortaventos para colaborar coa Federación Galega de Ciclismo, para que os propios ciclistas tamén se fagan ver.

E tamén falando da educación e concienciación, outro novo contrato, na miña opinión, ambicioso, que tamén publicaremos mañá no *Diario Oficial de Galicia*, con 120.000 euros, esa campaña para chegar a moitos máis colexios, a 40 colexios, para educar os nosos nenos, os nosos cativos. Una nova campaña, «O corazón está no teu lado», para 7.200 nenos, 2.400 unidades didácticas para educar nos valores de seguridade viaria.

E seguiremos traballando en colaboración con Stop Accidentes para definir eses hábitos, eses itinerarios máis seguros. Polo tanto, reforzando a educación ningún plan da Administración pode substituír dispositivos, pode substituír ningún programa, dende logo, nin ningunha obra como é a prudencia. Dende logo, a prudencia e a responsabilidade deben ser os valores que temos que ter todos, tamén os usuarios vulnerables, os peóns, os ciclistas, todos os usuarios da estrada, e, polo tanto, traballando con todos os axentes e colaborando coa Dirección Xeral de Tráfico, coa Federación Galega de Ciclismo, coa Escola Nacional de Condución de Motocicletas, con Stop Accidentes e co persoal docente dos centros educativos.

Polo tanto, un traballo conxunto, un traballo de todos, para traballar moito máis e facer moito máis pola seguridade viaria, e convido novamente a achegas realistas.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, botamos de menos nesta comparecencia e neste debate ter, por exemplo, a memoria de seguridade viaria do 2017 ou a avaliación intermedia do plan director. Con esa información e con eses datos seguro que tiñamos un debate con máis documentación e cunha reflexión máis profunda do que pasou nos últimos anos. De todas maneiras, agardaremos a que cheguen eses informes para dar o debate no seu lugar.

E insístolle no que dixen na miña intervención ao principio. Este ten que ser un debate máis amplo que o da seguranza viaria, ten que ser un debate sobre a mobilidade, porque mobilidade e seguranza viaria están totalmente relacionadas. E a seguridade viaria ten tamén que ver coa potenciación de medios de transporte seguros, como, por exemplo, o ferrocarril. E xa lle puxeron onte en evidencia as nosas deputadas como está o transporte por ferrocarril en Galicia; por exemplo, para comunicar as vilas do interior, como Lugo e Ourense, con Santiago, ou como está o ferrocarril de Ferrol a Ribadeo. (*Aplausos.*) Esa tamén é a realidade da seguranza viaria na que hai que actuar, porque temos que actuar no conxunto da mobilidade e temos que promocionar os modos de mobilidade non motorizados. Poñemos de novo a experiencia de Pontevedra sobre a mesa —porque é unha experiencia exitosa, non a desprezen—, xa lle dixen que coas adaptacións necesarias, porque están eliminándose as vítimas mortais. E ten moito que ver, señora Rodríguez, por exemplo, co que pasa nas travesías —díxoo tamén a conselleira—. O 32 % das vítimas prodúcense en contornos próximos. Vostede bótalles a culpa ás vítimas —«É que nos relaxamos»—. Non, as vítimas nunca teñen a culpa. A culpa é da persoa que conduce e que comete unha imprudencia, ou a culpa é da velocidade, ou a culpa é de que as estradas non teñen condicións seguras. E hai que actuar nesas circunstancias para que, se se produce un erro, sexa dunha ou doutra parte, a gravidade do accidente sexa a menor posible. Esa é a realidade.

Miren, pregunteille sobre o Plan director de mobilidade alternativa de 2013, pregunteille por ese plan, señora conselleira. E non me veña aquí a dicir que o Plan de sendas é unha aplicación do Plan de mobilidade, porque o Plan de sendas non estaba no Plan de mobilidade, o Plan de sendas non estaba no Plan de mobilidade alternativa de Galicia que vostedes contrataron por 340.000 euros e que teñen metido nun caixón.

E xa lle dixen que, segundo os criterios dese plan, non son as sendas que vostedes din, as beirarrúas pintadas, non cumpren os requisitos para a mobilidade ciclista... Non nos veñan con esa leira. E plantéxolles un reto: na Comisión 2ª ou nesa Comisión non Permanente —que acabou sendo permanente porque leva catro lexislaturas e aínda non conseguiu facer un informe— de Seguranza Viaria vexamos as sendas. Veremos as que cumpren o ancho mínimo legal de accesibilidade. Demostrámoslles —porque o vimos e porque o medimos— que algunhas delas non cumpren esa norma. É así, pero vaiamos velas, ou as que fixeron en madeira, por exemplo, nas beiras do mar e que levantaron os temporais; tamén podemos velas.

Polo tanto, pedímoslle xestión e coordinación desde a Xunta de Galicia, liderando desde a Xunta de Galicia unha mesa de axentes institucionais, unha mesa de axentes sociais, e que estea na axenda política esa coordinación e que aposten por un modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e segura, en colaboración cos concellos, coas deputacións, co Goberno do Estado, e aplicando tamén criterios avanzados, por exemplo, de perspectiva de xénero na xestión e no impulso de novas infraestruturas na planificación da rede de estradas, da rede viaria.

Pedímoslle —do que non nos dixo nada tampouco— que demanden o traspaso das competencias en materia de seguridade viaria, tráfico e policía, para poder actuar globalmente desde Galiza nesta materia. Pedímoslle tamén que impulsen a aprobación da normativa estatal necesaria para realmente avanzar nesta cuestión, e cunha perspectiva avanzada. Por exemplo, que fale de mobilidade e non de tráfico, porque o de tráfico, ao final, pon o foco

nos vehículos motorizados, e a mobilidade é un concepto moito máis amplo, moito máis rico e moito máis complexo.

Respecto das infraestruturas e dos investimentos falámoslle de non facer só actuacións paliativas, senón de facer actuacións preventivas, actuacións integrais. Xa lle ensinamos o mapa.

Tamén a respecto das emendas, aclárolle á señora Rodríguez que o BNG plantexou emendas por 4 millóns de euros, precisamente para un plan de mellora da seguranza viaria, da mobilidade peonil e ciclista, e da accesibilidade. Para iso era ese plan, para iso eran eses 74 millóns de euros, para cambiar a relación e a proporción deses 561 millóns de euros que din que van investir no 2018 e no 2019 por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, e para que unha maior cantidade deses investimentos vaian precisamente para enfrontar esta cuestión. E porque, ademais, na propia memoria do ano 2016 —que me demostrou vostede que non leu, señora Rodríguez— fálase dos custos económicos que teñen os accidentes de tráfico, non fala dos custos humanos e dos custos sociais, que son moito máis elevados. Pero fala de 125 millóns de euros por ano de custos dos accidentes só na rede autonómica. Pensamos que esta cifra merece un investimento moito maior de recursos para realmente combater este grave problema.

Señora conselleira, fálame vostede do transporte público de Pontevedra. Mire, vostedes foron incapaces de aplicar e de levar o transporte metropolitano a Pontevedra, de poñer de acordo a todos os concellos. E é a única cidade que ten aínda pendente esta cuestión. Na cidade de Pontevedra non hai transporte público porque non fai falta, non fai falta. E, ademais, puxo en práctica no seu día o señor Pedrosa —alcalde do Partido Popular— un autobús que ía desde o centro ata a Audiencia, e ían o condutor e mais un amigo do condutor falando. Era gratis e non ía ninguén. ¿Por que? Porque as distancias non permiten que funcione un transporte público no que é o centro urbano, onde ademais temos un sistema que se chama «metrominuto» que funciona perfectamente. Si, non leve as mans á cabeza, señor Moreira, que é tal cal así.

Polo tanto, pedímoslle un esforzo, un cambio de rumbo, pedímoslle amplitude de miras, pedímoslle ambición. Porque Galiza podería liderar, ser un referente realmente nesta cuestión, se aprenden das experiencias e se realmente son valentes e queren cambiar o modelo da mobilidade, o modelo que ten que ver coa seguranza viaria en Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas novamente, señor presidente.

Máis silencios. Galicia ten unha idade media do parque superior á de España. Esta situación contribúe a un maior número de accidentes de tráfico, como ben sabe, señora conselleira.

No pasado existiron axudas á cidadanía por parte da Comunidade Autónoma de Galicia para renovar o parque. ¿Ten a señora conselleira algunha novidade neste sentido?

Señora conselleira, vostede sabe que a planificación en materia de estradas resulta ser un elemento importante na mellora da seguridade viaria. No ano 2013 aprobouse a Lei 8/2013, de estradas de Galicia, na que se establece, no artigo 11, que se debe realizar o Plan director de estradas de Galicia, do cal derivarán os plans sectoriais de estradas. Esta planificación debería coordinarse coa Estratexia nacional de seguridade viaria e cos plans de seguridade viaria da Comunidade Autónoma. E vai para cinco anos da lei aprobada. ¿Non considera o Plan director de estradas un instrumento relevante para a seguridade viaria? ¿Cando pensa remitir a este Parlamento o Plan de estradas de Galicia?

Señora conselleira, noutro ámbito falou relativamente sobre o tema, e nós cremos que o transporte público de viaxeiros por estrada é unha posibilidade real de mellorar a seguridade viaria, en función de como se amplíe en itinerarios, frecuencias, atractivo de horarios, intermodalidade e custos.

Esta é unha competencia súa, que ten unha marxe de manobra substancial. Fálase agora do metropolitano de Pontevedra, pero no de Ourense os concellos da área metropolitana teñen firmada a adhesión ao transporte metropolitano desde o ano 1993, hai vinte e cinco anos, e seguimos igual.

Pedímoslle que sexa activa neste tema, e tamén que abandone a pasividade, o conformismo, respecto doutro modo de transporte, do transporte ferroviario, xestionado polo Goberno central e tan necesario para os galegos e as galegas, e tamén para a seguridade viaria do noso país. Estará mellorando a seguridade viaria tamén se reivindica a mellora do transporte ferroviario de media distancia e o transporte ferroviario de cercanías. Igual que ten que levantar a voz, para non ser acusada de cómplice, exixíndolle ao Ministerio de Fomento a execución das obras consignadas nos orzamentos e a inclusión no Plan extraordinario de estradas do Goberno de España daquelas autovías tantas veces prometidas como veces esquecidas.

As estradas son un elemento esencial da seguridade viaria, como vostede recoñece, e as autovías redobran esa esencialidade da seguridade viaria. Hoxe mesmo, o Grupo Popular ten a oportunidade de amosar o seu compromiso, ou non, coa seguridade viaria apoiando, ou non, unha moción do Grupo Socialista que promove a construción de infraestruturas viarias seguras para mellorar a seguridade viaria.

Señora conselleira, esta aclaración de datos, a maior parte da miña intervención de aclaración de datos, tempos e estatísticas, sería innecesaria se o Plan de seguridade viaria 2016-2020 fora concibido, participado, aprobado e desenvolvido polo conxunto da sociedade galega. Ao non ter sido así, vostede utiliza os datos máis favorables para un discurso com-pracente. Nembargantes, a redución nos últimos quince anos de falecidos en accidentes en tres cuartas partes —de 400 a 100— é unha consecuencia colectiva positiva que non corresponde a ninguén nin a ningunha institución en exclusiva.

Señorías, segundo a Organización Mundial da Saúde —e con isto vou terminando—, cada ano falecen no mundo preto de 1.500.000 persoas en accidentes de tráfico. Se non se toman

medidas urxentes, os accidentes de tráfico converteranse en 2030 na quinta causa de falecemento no mundo. En 2010 a ONU e os gobernos de todo o mundo proclamaron o Decenio de acción para a seguridade viaria 2011-2020. Preténdese desenvolver un sistema seguro de mobilidade. Apóstase por unha visión sistemática da seguridade viaria, na que a responsabilidade non recae unicamente no condutor ou condutora senón tamén nos responsables do deseño e mantemento das infraestruturas viarias, nos e nas responsables da xestión viaria, na industria automobilística, na policía, nos políticos e políticas e nos órganos lexislativos. O obxectivo é un plan que goce da máxima adhesión como base para unha maior eficacia e eficiencia desde a corresponsabilidade, a concertación e a intercooperación; un plan capaz de rendibilizar ao máximo o coñecemento, a experiencia, as competencias e as capacidades dos diferentes axentes, asumindo cada un o seu papel.

Para rematar, permítanme retomar o ámbito ou o piar catro que propón a ONU: «Persoas usuarias das vías de tránsito máis seguras supón a elaboración de programas integrais para mellorar o comportamento dos usuarios e usuarias. Téñense en conta os distintos instrumentos dispoñibles, como a propia normativa de tráfico, a lexislación, a educación e a sensibilidade cidadá».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Se me permiten, poñamos —todos— todos os medios ao noso dispor para converter as potenciais vítimas do inicio da miña intervención —todas— en actores das estradas con condutas responsables, en activistas permanentes a prol da seguridade viaria. Nese obxectivo atoparán sempre ao Grupo Parlamentario Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Non vou entrar a respostarlle demasiado ás declaracións, pero simplemente creo que coas súas declaracións queda en evidencia que non é que unicamente non entendan a linguaxe inclusiva, senón que non entenden ningunha das reivindicacións do movemento feminista que levan tantos anos reclamando. E, por desgraza, eu xa lle digo e lle pido que lles boten unha ollada ás enquisas que falan da participación na vida pública. Non é que esta deputada, que obviamente está no espazo público, diga que as mulleres están recluídas na vida privada por unhas determinadas decisións e por uns determinados intereses, dino as enquisas; e pode comprobar vostede cantas mulleres están participando na vida pública, cantas mulleres seguen dedicándose maioritariamente —por exemplo— ao traballo de coidados e cantas mulleres teñen xornadas laborais e non laborais infernais. Entón, simplemente, contrasten cos datos e coa realidade que viven moitas mulleres no noso país. (*Aplausos.*)

E á hora de falar de seguridade viaria, temos que dicir tamén, como cando falan de moitos outros temas, que utilizan dunha maneira moi clara a demagogia. Parece que só o Partido

Popular ten a vontade do diálogo. Nós temos a vontade do diálogo, pero, obviamente, o que queremos é falar dunha maneira clara e non concordamos coa afirmación de que estamos no bo camiño. E non é que non concordemos porque nos apeteza ir contra o Partido Popular. Obviamente —xa o dixemos—, celebramos os datos do ano 2017, pero a tendencia dende o ano 2014 é clara e non vou reiterarme. Unicamente cremos necesario entender que estamos nunha tendencia negativa e teremos que pensar que está pasando.

Outra das cuestións que me parece que debería estar fóra do debate parlamentario —non é a primeira vez que se emprega— é falar de que, cando criticamos unha determinada decisión política, estamos criticando os traballadores, as traballadoras ou as técnicas da Xunta de Galicia. Non, criticamos o Goberno, que é quen toma as decisións políticas. Entón, deixen de retorcer os argumentos desta maneira bastante demagóxica porque saben perfectamente o que estamos dicindo.

E cando falamos, por exemplo, das súas sendas e de que non serven para a mobilidade e a seguridade, non é que o digamos nós, tampouco o di o señor Bará, senón que o din os colectivos de ciclistas. En moitos lugares son beirarrúas pintadas doutra cor que non teñen o ancho mínimo. Entón, deberían reflexionar sobre que están facendo mal para que estas sendas moitas veces non cumpran coa normativa mínima.

E despois volvo incidir en que é alucinante que alaben de maneira reiterada o Plan de transporte público, que foi totalmente improvisado, sen ningún tipo de diálogo, e defenden realmente o indefendible. Porque ¿quen foi o que case deixou Galicia sen transporte facendo prórrogas ilegais? ¿Foron os grupos da oposición ou foi o Goberno da Xunta de Galicia? Foi o Goberno da Xunta de Galicia. Entón, se queren avanzar, deixemos de criticar o feito ata agora, tomen unha decisión diferente e abran, por exemplo, a Mesa de diálogo, a nosa proposta de iniciar un diálogo real con todos os axentes implicados.

E alégrome de que falaran das mareas municipais, porque temos que dicir que, cada vez que un goberno destas mareas municipais propón medidas que inciden na seguridade viaria nas cidades, votan en contra de maneira sistemática: para aumentar as zonas de redución da velocidade, para un montón de iniciativas, o Partido Popular sistematicamente vota en contra. Pero, a pesar diso, as mareas están sacando adiante moitas medidas; moitas pensadas no medio prazo, porque non están unicamente para facer propaganda, senón que son medidas pensadas para facer unhas cidades máis accesibles, pensadas para as persoas e cunha perspectiva de medio e de longo prazo.

Falou tamén dalgunhas actuacións e queríamos salientar a incoherencia que hai en vender isto como moi positivo. Por exemplo, nas actuacións que se están levando adiante na PO-308 para mellorar a seguridade das persoas máis vulnerables, sabe vostede que este proxecto foi avaliado negativamente por colectivos de ciclistas. Non queren falar destas avaliacións. Non serve que se fagan actuacións *per se*; haberá que avaliar que tipo de medidas hai que pór en marcha e que estas se axeiten á normativa. Por exemplo, neste caso concreto, están levando actuacións nesta estrada e seguen sen adaptar a velocidade e as zonas de aparcamento á realidade que ten esta vía.

E despois volvo tamén incidir noutra cuestión: se están tan preocupados pola seguridade viaria, ¿a que se debe a impasividade nas baixas porcentaxes de execución dos investimentos de Fomento? Vostede mesma recoñeceu a débeda histórica que tiña Fomento con esta comunidade autónoma, entón plántense e digan que, obviamente, aumenten o nivel de execución.

Vou rematando. Eu creo que o resumo fundamental —e polo que creo que vostedes non apostan— é colocar o transporte colectivo, as necesidades das persoas, no centro. E non podemos seguir permitindo este nivel de despreocupación, por exemplo, tamén co transporte ferroviario. Xa foi comentado, é unha vergonza a situación na que se atopa o ferrocarril no noso país. Por iso ten a nosa total colaboración, pero para levar adiante medidas reais, políticas públicas decididas e non unicamente para facer anuncios que logo case nunca se concretan, ou que se concretan levando adiante medidas que son insuficientes e que están mal levadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Bará, di vostede que eu non leo a memoria, que vostede non ten información, que demanda o Plan director de 2013... Pois se vostede tivera lido o Plan de seguridade viaria e mesmo o balance de Tráfico que se vén de presentar, aí ten moitos datos, máis dos que lle podería aportar un documento de 2013, seguramente.

Mire, volve vostede con Pontevedra e, concretamente, co orzamento —e despois referireime a Pontevedra—. No que acaba de dicir do orzamento, téñolle que dicir que non é certo. Vostedes reducían ou propoñían reducir o orzamento da Axencia de Infraestruturas en 74 millóns de euros e destinábano a sanidade. Isto que acaba de dicir vostede non é certo, por tanto, xa me explicará que medidas de seguridade viaria, que infraestruturas, que melloras, que conservación se ía facer con ese orzamento que vostedes propoñían.

Miren, xa llo dixo a conselleira: é dicir, volver con Pontevedra... son plantexamentos completamente diferentes. Non se pode comparar unha proposta de peonalización dunha cidade coas necesidades e coa mobilidade dunha comunidade autónoma. En todo caso, vostedes hoxe van propoñer —e iso tamén é seguridade viaria, ¿non?—... E, precisamente, respecto da paralización da A-57, ¿a vostedes iso que lles parece?, ¿que favorecería a seguridade viaria ou que non?

Pregúntolle o mesmo porque vai empezar o transporte público. Pois, oia, os datos acreditan que a maior parte dos accidentes se producen nas estradas convencionais, por tanto, dotarnos de vías de alta capacidade tamén vén moi ben. Pregúntolles a vostedes por esta circunstancia, pero pregúntolle á Marea pola paralización da A-76, por exemplo. Por tanto, vostedes veñen aquí cun discurso, pero, despois, os seus plantexamentos son outros.

Mire, unha manifestación que fixo o señor Bará pareceume pouco responsable. Di que as vítimas nunca teñen a culpa. Antes dixo que, no que atendía á conduta, había que tomar medidas drásticas, medidas de contido de tráfico e, por tanto, medidas físicas. Mire, eu creo que iso é un erro, e que o plantexa aquí paréceme unha irresponsabilidade, porque creo que as medidas das que acaba de dar conta e que acaba de anunciar a conselleira, no sentido de dirixilas á educación e á concienciación no eido dos menores, pero tamén ás persoas maiores, para que se conciencien das medidas preventivas que teñen que empregar, parécenme moi importantes, e que vostedes minimicen a importancia destas actuacións non me parece responsable. Creo que entre todos temos que trasladar esa mensaxe á sociedade: que todos somos partícipes, que a seguridade viaria repercute en todos e que todos temos que adoptar as medidas que nos corresponden no marco das nosas responsabilidades.

Di vostede que este plan non foi coordinado; pero, claro, cando se lle deu traslado tampouco participaron de ningunha maneira. A conselleira acaba de dicir que non participaron en absoluto. Fala de mobilidade sustentable pero, en cambio, rexeita as sendas.

E, despois, hai unha cousa que a min me teñen que explicar, porque, mire, eu, o da perspectiva de xénero nas estradas... Podo entender a perspectiva de xénero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) perdón, en moitas cousas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, pero, mire, a perspectiva de xénero nas estradas é algo que me van ter que explicar, porque podo entender a actuación con relación aos maiores, con relación aos nenos, con relación a determinados colectivos e ás persoas con discapacidade; pero ¿cal é o seu plantexamento con relación ás mulleres nas estradas? ¿Cal é o plantexamento que, verdadeiramente...? ¿Que é o que vostedes plantexan? Non sei, paréceme... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Menos accidentes de mulleres. Pero, precisamente, polas estradas circulamos as mulleres e circulamos os homes e, por tanto, non sei se iso ten algunha connotación que prefiro non valorar. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Pare un momento.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Mire, dicíalle...

O señor PRESIDENTE: Pare un momento. A ver se hai...

Voulle parar o tempo a vostede.

Silencio, por favor, para que se poida escoitar a quen fala.

Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Con respecto á portavoz de En Marea, di que se critican as decisións, dalgunha maneira, cuestionando as actuacións dos técnicos, cando son decisións políticas. Eu quéro lle recordar que, hai moi pouco, na Comisión 2ª se plantexaba unha actuación con criterios técnicos, con arreglo a criterios técnicos. Unha estrada galega na que un grupo da oposición plantexaba que tiña que ter unha anchura determinada que non era posible dende o punto de vista técnico. Oia, ¿aquí a que estamos?, ¿aos criterios dos técnicos

ou a que criterios? E vostede di: «Non, é que son criterios...» Oia, non, non, vostedes estaban cuestionando mesmo os criterios técnicos, por tanto, eu creo que nestas cuestións hai que ser rigorosos.

Mire, señor Fernández, efectivamente, estamos todos ante unha grande oportunidade. A seguridade viaria é algo que nos afecta a todos. Todos debemos participar dela. Todos somos susceptibles de sufrir as consecuencias dun accidente ou dun sinistro, ou témolas sufrido xa. E, por tanto, cando vostede di: «Poñamos todos os medios á disposición para ser activistas permanentes a prol da seguridade viaria», eu pódollo subscribir. Creo que este Plan de seguridade viaria pon todos os medios posibles; creo que os retos que se plantexan son ambiciosos; creo que, se entre todos traballamos conxuntamente, podemos acadalos.

A min, francamente, paréceme que esta comparecencia da señora conselleira para dar conta do que se está a facer e do que se vai facer no futuro é moi importante. Pero estes datos que acaba de dar respecto da concienciación e da sensibilización de toda a sociedade son fundamentais, porque, por máis estradas que fagamos, por máis vehículos renovados que teñamos, se non somos todos conscientes de que hai determinadas actuacións, determinados comportamentos, que non podemos observar —e dígase no ámbito das alcoholemias, no ámbito da conducción baixo os efectos das drogas, dígase a distracción ao volante—, se non corriximos todos eses elementos, de pouco serve que teñamos as mellores estradas e os mellores vehículos, porque seguiremos tendo accidentes. Por tanto, é un conxunto: actuar sobre todos os elementos que teñen incidencia fundamental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...no resultado da sinistralidade.

Por tanto, señora conselleira, parabéns por esta comparecencia. Agradecerlle o seu traballo e o do seu equipo e invítala a que siga traballando no ámbito da seguridade viaria, porque, en definitiva, todos os galegos somos beneficiarios destes traballos e destas medidas.

Pola nosa parte, nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Peche desta comparecencia, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Fernández, eu volvo insistir, no Plan de seguridade viaria 2016-2020 participou quen quixo participar. Lamentamos que os grupos da oposición no participaran no Plan de seguridade viaria 2016-2020 cando o trasladamos ao Parlamento de Galicia, como foi trasladado en novembro-décembro de 2015.

Señor Bará, toda a documentación relativa ás memorias de tráfico, unha vez que está rematada, cólgase na páxina *web* da consellería. Polo tanto, máxima transparencia coas memorias

de tráfico e as memorias de aforos, que as colgamos na páxina *web* cando están totalmente rematadas.

Con respecto ao Plan de transporte metropolitano de Pontevedra —que vostede volve traer a esta cámara—, eu o que lle podo trasladar é que en breve, en poucas semanas, faremos unha proposta. Eu agardo que teña a oportunidade de implicarse e adherirse ao Plan de transporte metropolitano, a ver se demostra que é certo que aposta polo transporte público, porque nos quedou claro que, dende logo, non aposta polo transporte urbano no concello de Pontevedra, como debería de ser.

En calquera caso, non queremos ser compracentes, en absoluto, eu xa o dixen ao principio da miña intervención. Non estaremos satisfeitos mentres sigamos tendo vítimas mortais nas nosas estradas. E, dende logo, en calquera caso, algo teremos feito ben cando certos colectivos ou algunha formación nos recoñecen publicamente o traballo.

E falou moito aquí dos ciclistas a señora Quinteiro. Eu podo trasladarlle que a Federación Galega de Ciclismo nos concedeu hai moi pouquiño o Premio Ciclismo Seguro; polo tanto, algo teriamos feito ben, (*Murmurios*.) digo eu. Insisto, sen ser triunfalistas e sen ser compracentes, porque non estaremos satisfeitos mentres teñamos aínda que só sexa unha soa vítima en accidentes de tráfico.

Outro exemplo de recoñecemento público. O representante de Ciudadanos no Congreso dixo publicamente: «*La Xunta de Galicia está actuando y lo está haciendo muy bien*». Outras formacións políticas están recoñecendo o traballo que estamos a facer na Xunta de Galicia, (*Murmurios*.) e iso non implica que esteamos compracentes, implica que nos anima a seguir traballando, a seguir volcados e traballar pola seguridade viaria, un asunto que nos preocupa. Por iso seguimos traballando con medios, con medidas, realizando dende logo unha materia que consideramos importante, que nos vén guiada por este Plan de seguridade viaria 2016-2020; temos esa folla de ruta trazada neste plan co horizonte no ano 2020.

Un plan —volvo insistir— que foi participativo, que participou quen quixo participar, que é vivo e que durante as miñas intervencións, especialmente na primeira intervención, vin detallando como se elaborou, como se fraguou, cales son as medidas concretas e cales son os obxectivos e como se veñen desenvolvendo, actuacións en marcha, outras actuacións ás que lles imos dar continuidade, outras actuacións novas, 44 actuacións concretas e específicas nese plan no que todos os axentes estamos implicados para desenvolvelas.

Quixemos traer —volvo insistir— este plan de seguridade viaria a este Parlamento porque estamos no ecuador, na metade da vixencia do plan, e fixémoslo a petición propia, para facer balance do xa feito e programar o traballo que resta por realizar. É un momento acaído. Hai poucos días coñeciamos os datos do ano 2017. Parecíanos acaído dar visibilidade a eses datos e ás causas tamén destes datos, da sinistralidade do ano 2017, e facer un chamamento de atención sobre as causas tamén e facer unha reflexión entre todos. Cada un de nós temos a nosa cota de responsabilidade en materia de seguridade viaria e, por suposto, as administracións temos que liderar con medidas públicas todos os medios necesarios para seguir traballando, todas as administracións, non soamente a Xunta de Galicia: concellos, deputacións, tamén o Estado, por suposto que si.

Dende o Goberno galego estamos incrementando os recursos. Este ano incrementouse a partida específica e concreta en materia de seguridade viaria un 48 %, porque queremos centrar os esforzos en materia de seguridade viaria, e nos últimos anos vimos poñendo especial empeño noutras iniciativas, iniciativas que seguen, que seguirán o plan de reforzos de firme, que xa en 2016 tivo un investimento importante; entre 2016 e 2017 actuamos en 1.000 quilómetros, 20 millóns de euros este ano — polo tanto, incrementando 5 millóns de euros máis—, para actuar en máis quilómetros.

O Plan de sendas de Galicia, que non lle gusta ao señor Bará, que non quere que o fagamos, pero seguiremos, dende logo que apostaremos polo Plan de sendas de Galicia como poderes públicos e como administración pública, poñendo os cartos e cos técnicos deseñando o criterio técnico; seguiremos apostando por el. Polo tanto, en dous anos, 70 quilómetros executados, e queremos seguir avanzando para executar eses 170 quilómetros aos que nos temos comprometido nese Plan de seguridade viaria.

E tamén nos vindeiros meses intensificaremos a estratexia de eliminación de concentración de accidentes en todas as estradas autonómicas; 52 treitos de concentración de accidentes, señora Quinteiro; non é ningún anuncio, é unha realidade dun traballo de moito tempo identificando, facendo os proxectos e someténdoo á información pública. Ningún anuncio, compromiso e traballo e volcados coa seguridade viaria.

98 actuacións, 12 millóns de euros que están concretados neses proxectos xa elaborados ou en elaboración. Creo que é unha medida importantísima actuar neses 90 quilómetros escasos da rede autonómica onde se producen o 18 % dos accidentes de tráfico con vítimas. E, polo tanto, creo que conseguiremos dun xeito notable mellorar a seguridade viaria e agardo que dende os concellos que teñen responsabilidades de goberno apoiem, non poñan atrancos para poder executar esta eliminación de treitos de concentración de accidentes e poidamos executalos para implantar esta medida.

Tamén é importante que o Ministerio de Fomento realice actuacións similares, e témosllo demandado, como acordamos neste Parlamento.

E eu volvo insistir nunha iniciativa, medida importantísima, que é a concienciación, a educación e a sensibilización. Mañá mesmo —volvo insistir— no *Diario Oficial de Galicia*, tres novos contratos en concienciación e en educación en seguridade viaria; 16 novos cursos de conducción segura para motoristas; adquirir 33.000 elementos reflectantes, que son 33.000 elementos salvavidas para os usuarios vulnerables; e levar a 40 colexios, a 7.200 escolares, esa campaña de concienciación e de educación en seguridade viaria, «O corazón está do teu lado». Concienciación, educación e sensibilización, polo tanto, para usuarios vulnerables, cun investimento da Xunta de Galicia de practicamente 400.000 euros.

Seguimos traballando e seguiremos traballando para alcanzar ese obxectivo que nos temos marcado no Plan de seguridade viaria 2016-2020: reducir nun 50 % as vítimas mortais dende o ano 2011 ao 2020, na liña que marca a Unión Europea. Esfuerzo de todos, traballo de todos. Non podemos —insisto— estar satisfeitos mentres teñamos algunha vítima mortal e algunha vítima nas nosas estradas, pero persistir e insistir nesas campañas de concienciación na prudencia e na responsabilidade, sumando esforzos.

Volvo insistir: ningún plan da Administración pode substituír a responsabilidade e a prudencia que todos debemos poñer en práctica e nós, como responsables públicos, dar exemplo. Colaboración, traballo en común. A seguridade viaria é cousa de todos, traballo conxunto do Plan de seguridade viaria 2016-2020, no que participou quen quixo participar —volvo insistir—, un plan aberto onde sumamos todos e queremos que sigan sumando todos.

A mediados do mes de marzo —polo tanto, neste mes— realizaremos unha xornada cos principais axentes sociais implicados en seguridade viaria: asociacións de vítimas, colectivos, motoristas, ciclistas, Dirección Xeral de Tráfico, Garda Civil etc., etc., para facer seguimento deste plan, unha canle de diálogo dende a colaboración e a suma de esforzos, que é polo que apostamos en materia de seguridade viaria.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos ata as catro da tarde, 16 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto segundo da orde do día, de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 26868).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<A) O Parlamento de Galicia demanda á Xunta de Galicia que na reforma do modelo de financiamento autonómico defenda que:

1. Para contribuír a reducir os desequilibrios verticais agravados nos últimos anos, o Goberno de España achegue ao novo modelo de financiamento autonómico os recursos adicionais demandados no Informe da Comisión de Expertos.

2. O modelo garanta que Galicia non perde recursos en termos absolutos no seu primeiro ano de vivencia, nin nos seguintes exercicios.

3. O modelo garanta a suficiencia dinámica, polo que o índice de evolución a aplicar aos distintos compoñentes do sistema terá como referencia a evolución dos ingresos tributarios totais, tendo en conta a evolución do PIB nominal.

4. O novo modelo reforce o principio de solidariedade interterritorial mediante a aplicación da nivelación total, en termos de habitante axustado (necesidades de gasto e custe dos servizos correspondentes ao conxunto das competencias descentralizadas).

5. A efectos do cálculo de necesidades e custe dos servizos deberían establecerse catro bloques (sanidade, educación, política social e resto de servizos)

a) A ponderación de cada un dos bloques debe reflectir a situación real do gasto das CCAA, con actualizacións periódicas.

b) Para o bloque de sanidade debe recollerse a poboación protexida polo sistema, incluíndo a toda a poboación e ponderándoa por tramos de idade, sendo necesario crear novos tramos por riba dos 65 anos. Incluíndo a dispersión como un elemento relevante do custe.

c) Para o bloque de política social compre antes de nada restablecer os compromisos de financiamento previstos na LAPAD, revertendo a suspensión da aplicación do nivel acordado de protección, e polo tanto o financiamento dos convenios entre a AXE e as CCAA. Para a distribución entre CCAA compre ter en conta a distribución da poboación en tramos de idade por riba dos 65 anos, a probabilidade de experimentar algún tipo de dependencia e a dispersión.

d) Para a educación debe terse en conta: o censo de poboación en idade escolar para a educación obrigatoria; para a educación non obrigatoria o número de prazas financiadas con fondos públicos; así como os efectos da dispersión.

6. Redefinir a recadación normativa con criterios homoxéneos.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que:

1. Evite toda discriminación entre comunidades autónomas pola aplicación dos mecanismos extraordinarios de financiamento, o que inclúe que:

a) Garanta que o subsidio extraordinario por medio de tipos de xuros inferiores aos de mercado que perciben as comunidades autónomas a través dos mecanismos de financiamento por medio dos que a facenda central lles presta liquidez sexa tido en conta, mentres dure, para evitar discriminacións entre comunidades.

b) Garanta que unha eventual reestruturación de débeda sexa efectuada en condicións que eviten favorecer a algunha comunidade e singularmente a aquelas comunidades que incumpriron de xeito máis habitual os criterios de déficit ou acumularon un maior volume de débeda.

c) *Garanta que este mecanismo posibilite o retorno ao mercado de débeda das CCAA.*

2. *Desenvolva as actuacións precisas para facer efectivas ás entregas a conta indicadas na comunicación do mes de xullo de 2017 por parte do Ministerio (e tidas en conta nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2018).*

3. *Reinterpretar o principio de lealdade institucional para recuperar as mermas nos recursos do sistema de financiamento.*

4. *Que se introduzan os mecanismos necesarios nos sistemas de concerto da Comunidade Autónoma do País Vasco, recollido na Lei 12/2002 do Concerto Económico, e de convenio da Comunidade Autónoma de Navarra, recollido na Lei Orgánica 13/1982, de reintegración e melloramento do seu réxime foral, para garantir unha aplicación efectiva do principio de solidariedade recoñecido constitucionalmente.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a defensa ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados —os que están—.

O primeiro que me pregunto é se este esforzo que estamos facendo por facer que o Parlamento se pronuncie sobre os puntos que debe defender Galicia na reforma do novo sistema de financiamento é un esforzo inútil ou non, é dicir, se haberá reforma ou non haberá reforma.

No ano pasado, no mes de xaneiro, aprobamos unha serie de aspectos coa idea de que no ano 2017 —porque ese fora o compromiso do señor Rajoy— ía haber reforma do modelo, pero xa chegamos a finais de ano, estamos xa no mes de marzo, e non parece que se avance demasiado. Os expertos rapidamente nos entregan unha documentación moi interesante a finais de xullo, pero a partir de aí todo se ralentiza moito máis. Séguese traballando pero hai pouco tempo. O calendario electoral non favorece. A falta dun goberno efectivo en Cataluña introduce unha dificultade adicional, porque Cataluña ten que estar na reforma do sistema de financiamento. E tampouco teño moi claro se a vontade do Goberno do señor Rajoy é demasiado favorable a que poida haber un novo sistema xusto antes das eleccións autonómicas, sobre todo porque neste contexto, en que existen tantas demandas cruzadas sobre os recursos públicos, unha reforma do sistema de financiamento significa poñer á disposición doutros, neste caso as comunidades autónomas, que maioritariamente non gobernan, unha cantidade moi importante de recursos.

O certo é que os expertos nos dixeron no mes de xullo que o sistema para poder recuperar —temos a suficiencia en termos de capacidade de gasto medida en porcentaxe sobre o PIB previo á crise— necesitaba un mínimo de 16.000 millóns adicionais. As comunidades autónomas perderon peso no gasto social. Isto produciu recortes, e se queremos reverter os recortes, necesitaríamos poñer á disposición das comunidades autónomas do conxunto 16.000 millóns adicionais; polo tanto, mellorar o financiamento autonómico.

O certo é que hai un ano non fomos quen de conseguir que o Grupo Popular apoiara esta idea. Hoxe eu felicítome: parece que si, en función da emenda presentada, de que se incitara a cifra, pero hai unha formulación que permite indicar que o Grupo Popular está de acordo en que se necesita incrementar substancialmente o financiamento autonómico, unha cantidade que os expertos cifraron en 16.000 millóns. Estaba xa na nosa proposta hai un ano. Parécenos ben que finalmente se rectifique e se chegue a unha posición similar.

O que aínda non asumen —e eu laméntoo— é que Galicia non pode perder capacidade relativa de gasto. O Grupo Popular acepta na súa emenda que non perda capacidade absoluta de gasto, por tanto, que se manteña o criterio de *statu quo ante*, que, por outra parte, non é demasiado difícil pensar que tamén esta revisión do modelo de financiamento autonómico o contemple, na medida en que é unha constante de todas as reformas previas que ningunha comunidade autónoma perdeu diñeiro en termos absolutos, e, por tanto, non parece demasiado difícil este esforzo.

Pero non se trata disto. Trátase de que non perda tampouco en termos relativos. E ¿por que? Porque nestes últimos meses aprendemos que se, ademais dos mecanismos formalizados do sistema de financiamento autonómico, temos en conta os mecanismos extraordinarios de financiamento a través do Fondo de Facilidade Financeira e do Fondo de Liquidez Autonómica, Galicia está por debaixo da media, en termos de financiamento. E, por tanto, para nós é irrenunciable que non haxa un retroceso en termos relativos; por tanto, que siga estando na media. E isto debería ser unha posición común de todos nós. E, non obstante, non somos capaces de conseguir que o Grupo Popular, polo menos lendo a súa emenda, chegue ata este punto, cuestión que lamentamos.

Pero nós cremos que non podemos retroceder, en termos comparados. Sen os mecanismos extraordinarios, estamos lixeiramente por riba da media; cos mecanismos extraordinarios, estamos por debaixo. Se o Grupo Popular contempla como un escenario plausible que vaíamos un pouco máis para atrás, isto para nós non é para nada aceptable.

E eu pregunto: dos 16.000 millóns adicionais que vostedes asumen que deben achegarse ao modelo de financiamento autonómico, ¿canto sería razoable que chegase ás arcas públicas de Galicia para reforzar os servizos públicos de sanidade, educación e política social? ¿Canto sería razoable? Pois a nós parécenos que entre 1.000 e 1.100 millóns sería unha cifra razoable, que vén sendo un pouco menos do 7 %, o 6 e pico por cento, do total, que corresponde aproximadamente ao noso peso en termos de habitantes axustados cando deixamos fóra do cómputo —como debe facerse— a Comunidade Autónoma do País Vasco e a de Navarra.

Por último, en relación coa débeda, falamos de reestruturación ou de condonación. Posiblemente condonación sexa un termo superfluo, porque a reestruturación pode ser tamén total e, por tanto, pode indicar que hai unha quita —digamos— para o conxunto das comunidades, ben sexa unha quita formal ou ben sexa a través do establecemento dunha débeda perpetua, que implica que as comunidades non van ter que devolvela ata que se produza algún acontecemento excepcional.

En fin, a nós parécenos que isto é unha cuestión de realismo. Nós cremos que os mecanismos extraordinarios de financiamento teñen que ter un prazo, porque son extraordinarios e por-

que introducen unha discriminación entre comunidades que hai que resolver. Parécenos tamén que para poder facelo é necesario reducir a carga da débeda para algunhas comunidades autónomas; se non estás nun banco, has de volver ao mercado; pero, se se fai isto, isto debería estar dispoñible para todas as comunidades.

E isto é un tratamento igualitario, que é o que nós defendemos que debe ocorrer, que facilite —xa digo— o retorno ao mercado das comunidades, ao mercado da débeda. Porque isto significaría que están normalizadas as finanzas públicas e, ademais, que existe autonomía e responsabilidade por parte das comunidades, que son valores que no sistema de financiamento autonómico deben estar presentes.

Tamén lles teño que indicar que hai coincidencias e avances, como xa constatamos hai un ano, que moi rapidamente vou indicar. Hai coincidencia en que debe haber liberación total; en que a suficiencia ten que ser non só no primeiro ano senón ao longo do sistema, suficiencia dinámica, con criterio e necesidades de gasto con criterio básico; en que se necesita ir máis alá dos habitantes, pero dos habitantes axustados. E parécenos ben que se aproximen á nosa posición noutro punto relevante, como é que os recortes producidos na colaboración do Goberno central para a cobertura da Lei de atención á dependencia sexan revertidos, e parécenos que isto tamén é un punto interesante.

Parécenos ben coincidir en que é precisa unha interpretación autonomista do principio de lealdade institucional que evite, como ocorreu no 2012, que a subida do tipo de IVE que produce o Estado nun imposto que é compartido entre o Estado e as comunidades signifique máis recursos para o Estado pero cero recursos adicionais para as comunidades.

E, por último, un asunto que ten un interese que transcende a Galicia pero que me parece razoable destacar a coincidencia que existe entre o Grupo Popular e o Grupo Socialista neste punto, é que o sistema de concerto, ou de convenio no caso de Navarra, debe contemplar, como está previsto na Constitución e como está previsto nas propias leis do concerto ou do réxime foral navarro, que estas comunidades participen plenamente na solidariedade interterritorial en España, que é un criterio que non afecta para nada ese sistema excepcional que teñen estas comunidades, pero si os seus resultados, aproximando o tratamento dos seus habitantes ao tratamento que se produce no resto de España.

Gustaríame un acordo pleno, sobre todo porque as discrepancias afectan xustamente cuestións específicas de Galicia, pero, en todo caso, imos facer un esforzo a partir da emenda presentada para chegar a algún tipo de acordo que nos permita sacar adiante unha posición que sexa favorable á defensa dos intereses de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Certamente, estamos ante un tema importante, especialmente no actual contexto, pola influencia que ten o sistema de financiamento autonómico na vertebración territorial, tamén polas consecuencias que vivimos da aplicación do último modelo, todas as comunidades autónomas, a raíz da crise económica, e tamén, loxicamente, porque estamos a falar do instrumento co que materializamos principios tan importantes como poden ser a redistribución da renda, tanto a nivel interpersoal como interterritorial, e nun contexto tamén económico especialmente complicado.

Lembrems que o financiamento autonómico é financiar as administracións que máis gastan e, ademais, gastos fundamentalmente sociais, preto do 38 %, lonxe do que gasta xa o Estado —o 20 %—, a Seguridade Social —o 25 %— ou o 12 %-13 % os concellos.

O debate é complexo e ten consecuencias relevantes. É complexo tecnicamente. Estamos a falar da suficiencia da previsión dos bens públicos. Pero tamén o é politicamente. E, politicamente, ten este debate tres dimensións: a primeira ten evidentemente unha dimensión política estatal, posto que o sistema de financiamento autonómico se debate no Congreso e se aproba a través dunha lei orgánica. Unha lei orgánica require maioría absoluta. Estamos nun contexto no que no Congreso hai forzas centrífugas que non queren entrar no financiamento autonómico porque o que queren é rachar, pero tamén hai forzas centrípetas que o que queren é reducir as competencias e polo tanto o financiamento das comunidades autónomas. E isto pode explicar por que o presidente Rajoy se pode comprometer a pactar a reforma do sistema de financiamento autonómico se, por exemplo, o Partido Socialista está de acordo co sistema, con reforma, pero non o pode facer exclusivamente, posto que está lonxe da maioría absoluta e, como acabo de dicir, non todos os demais grupos que están presentes no Parlamento comparten unha visión autonomista e do financiamento semellante.

Polo tanto, cando se fala de atrasos, habería que preguntar ao PSOE onde está e se o PSOE pode ofrecer un sistema de financiamento autonómico en todas as partes de España igual, cousa que no Partido Popular si intentamos e somos capaces e imos facer.

En segundo lugar, ten unha dimensión de relacións entre comunidades autónomas. É certo que hai comunidades autónomas que comparten intereses. Recentemente, houbo un acordo importante, con independencia dos partidos políticos que representa cada un dos presidentes autonómicos, en defensa de intereses comúns, como pode ser a demografía, o envellecemento da poboación, outras circunstancias nas que o financiamento pode condicionar o desenvolvemento desas comunidades autónomas; houbo un acordo entre Asturias, Aragón, Castela e León e Galicia. Polo tanto, aí eu creo que estamos facendo un traballo.

E queda un terceiro aspecto político, que é o traballo nesta Cámara. Certamente, aquí xa debatemos estas cuestións. Quero recordar tamén —porque é de actualidade— que houbo outras comunidades autónomas como Asturias, Valencia ou Andalucía onde o Partido Popular apoiou a visión da proposta que deu o Goberno, polo interese común que comparten os cidadáns deses territorios, e nós cremos que sería bo que houbo un acordo tamén nesta Cámara.

O obxectivo, polo tanto, é acadar acordos a nivel de Congreso con outras comunidades autónomas e tamén nesta Cámara. E cremos que o documento que se nos presenta é un bo punto de partida.

En primeiro lugar, relación cos recursos, porque se establece tanto a suficiencia estática o primeiro ano do modelo como a suficiencia dinámica. Evidentemente, estamos a favor da nivelación total de todos os servizos públicos fundamentais, e por iso non entendemos —e aí hai unha discrepancia, que esperamos que se poida resolver dalgunha maneira— por que estamos de acordo na nivelación total de acordo co custo de prestación en cada territorio de cada servizo público e, entón, non ten sentido xa falar —como se pide na moción—, non ten sentido apostar por manter o peso relativo no financiamento por habitante axustado. Se a nivelación é total, de acordo co concepto de habitante axustado, todas as comunidades autónomas terán o mesmo financiamento por habitante axustado. O concepto de ordinariedade e todo o demais ten sentido cando o habitante axustado se aplica a uns bens, servizos públicos, e non ao conxunto do sistema.

Tamén cremos que hai un bo punto de partida cando se fala na moción de non discriminación entre comunidades autónomas pola aplicación dos mecanismos extraordinarios de financiamento. Creo que o presidente desta comunidade autónoma ten sido claro e, ademais, influente na decisión final. Non se pode premiar a quen non cumpriu, abre riscos de futuro de que se volva incumprir, porque o Estado virá salvar aqueles que non axustaron as súas contas no momento no que caeron os recursos públicos —iso é o que se chama tecnicamente «o risco moral»—, e, polo tanto, temos que estar de acordo en que se pode axudar a outras comunidades autónomas co custo da débeda, pero iso non implica unha vantaxe comparativa en relación cos que cumpriron co pactado entre todas as comunidades autónomas en relación co déficit.

E, finalmente, tamén hai acordo en relación coa interpretación do principio de lealdade institucional, que ten levado a que nominalmente, por exemplo, as comunidades autónomas reciban o 50 % do IVA; non obstante, realmente, a consecuencia das consecuencias das subas que fixo o Estado, iso redúcese ao 37 % ou ao 38 %. E tamén ten que haber lealdade institucional nas entregas a conta. Confiemos en que haxa orzamentos, pero, se non, a través da vía do decreto.

Por tanto, conclúo. Eu creo que é importante que cheguemos a un acordo a nivel interno no Parlamento de Galicia. Certamente iso implica non abrir coa moción outros debates, como o global da presión fiscal ou do gasto público que debe de ter o conxunto do Estado ou a Comunidade Autónoma. Creo que é bo que nos poñamos de acordo en apoiar as xestións que está facendo o Goberno con outras comunidades autónomas que comparten intereses e creo que non é bo apoiar comunidades autónomas que defenden os intereses seus, pero que son xusto os contrarios aos de Galicia, unha cuestión que deberían de meditar aqueles grupos da oposición que non apoian os acordos anteriores e que se poden unir ao consenso hoxe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...perfectamente.

Tamén creo que é bo que fagamos todo o posible aqueles que militamos en certas políticas nacionais para que, dentro das nosas forzas políticas, sexamos capaces de chegar a un acordo, co cal poder pactar con outras no Congreso, e reformar o sistema de financiamento autonómico, que, efectivamente, é bo que se reforme canto antes e por consenso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

En primeiro lugar, malia as diferenzas políticas xa constatadas tanto de partida sobre o modelo como dalgunhas cuestións que recollen os socialistas na moción e das que xa temos debatido, eu si que quixera comezar agradecendo ao Partido Socialista a oportunidade de podermos falar desta cuestión, malia esas diferenzas, porque, como creo que concordaremos todos e todas, este é un asunto de vital importancia, e agradecemos todas as oportunidades que se nos brinda de falar del, máis aínda tendo en conta que, á luz do que levamos visto neste ano e medio de lexislatura, entendemos que o que levamos vivido sobre o sistema de financiamento non deixa de ser unha anomalía democrática permanente, porque o certo é que, agás nunha soa ocasión no que levamos de lexislatura, todas as veces que debatemos sobre o sistema de financiamento foi ben a iniciativa do Partido Socialista, ben a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Levamos ano e media de lexislatura —insisto— e o Goberno galego compareceu unha vez, unha vez, por presión política, e non sabemos se por unha ocorrencia do presidente do Goberno no debate de control da sesión do Parlamento ou por unha cuestión consciente. En todo caso, quedamos —e dicíao hai dúas semanas o voceiro socialista— case como estabamos con esa comparencia; nin un só documento, nin unha soa concreción. E así van pasando os meses e vanse esgotando as posibilidades de que neste tempo de goberno do señor M. Rajoy haxa un novo modelo de financiamento, que, por certo, cando prometeu que ía estar no 2017, creo eu que a conxuntura estatal no Goberno era a que é a día de hoxe, tampouco tiña maioría absoluta; polo tanto, non deberan estar sorprendidos por parte do Partido Popular.

Como digo, a nós gustaríanos que o debate tivera sido doutra forma e que realmente esta Cámara tivera un papel activo neste asunto, pero vemos que o Partido Popular decidiu, pola contra, vivir instalado na máis absoluta irresponsabilidade. E despois pois inda esperarán que pensemos que van facer algo diferente a obedecer directamente o que digan desde Madrid.

A cuestión é que nós temos a percepción de que o que interesa neste momento é que este debate morra, que pase desapercibido e que as cousas continúen a estar como son. E a cuestión é que, para nós, que as cousas continúen a estar como son agora pois non é unha boa saída para o noso país.

Insistimos en que é fundamental o que se consiga deste futuro sistema de financiamento, porque, en suma, decidirá e marcará a capacidade que teña esta comunidade de decidir sobre os seus servizos máis fundamentais, e, polo tanto, entendemos que deberíamos estar apostando por unha vía, non de cambios cosméticos, senón de reflexións máis profundas.

Antes de entrar en comentar algún dos aspectos que baixo o noso punto de vista deberían ser irrenunciáveis, aínda partindo de que nós apostaríamos por outro modelo, dentro deste modelo tamén hai cuestións que nos parecen que serían importantes. Antes disto si que non quería deixar de dicir que nos parece importante introducir neste momento o debate arredor da quita, que agradecemos que estea incorporado, aínda que nos dá a sensación de que se está pensando nunha chave moi estatal de que iso pode debilitar a capacidade de negociación que teña Galiza neste aspecto.

Outra cuestión que se introduce colateralmente na moción, e coa que non concordamos —teño que dicilo— en absoluto, e que tamén é coincidente coa posición do Partido Popular, é que parecen máis preocupados polo que poida acontecer en relación con Euskadi e con Navarra que con que Galiza poida ser fortalecida e se manteña neste debate político e económico que se vai dar no Estado español dentro do tren das nacións.

E sorprende tamén que o voceiro do Partido Popular nos diga que temos a oportunidade de sumarnos a eses acordos con outras comunidades autónomas. Se nalgún momento o señor presidente ou o señor conselleiro de Facenda nos remitira algún tipo de información dos acordos pechados que teñen con esas comunidades, se cadra poderíamos comentar algo, pero, de momento, como o que sabemos é a través dos medios de comunicación, pois é francamente complicado.

Comentarei agora, no tempo que me queda, algunha cuestión. Xa os anteriores voceiros explicitaron que a proposta do Partido Popular e do Partido Socialista ten bastantes coincidencias. Hai cuestións que nós non compartimos. En ningún caso, en ningunha das dúas alternativas que se poñen enriba da mesa se aposta explicitamente por un maior volume de recursos derivados da repartición da tarta tributaria entre o Estado e as comunidades autónomas. Nós pensamos que se ten que inverter esa recentralización.

Non se aposta tampouco por financiar as novas competencias con recursos propios, a través dunhas porcentaxes de cesión de tributos, que nós pensamos que sería a vía máis acaída, nin tampouco —temos que lamentalo— se aposta por avanzar en corresponsabilidade e autonomía fiscal, a través de maiores competencias normativas nos tributos.

Polo tanto, entendemos que se afasta de cuestións que son importantes e que, sen entrar nun cambio de modelo como o que nós defendemos como principio político, poderían espremer moito máis o xa de por si limitado marco no que nos estamos a mover.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Tamén ten que ver precisamente a suficiencia financeira, os servizos públicos, coas claves no logro da igualdade entre mulleres e homes, e tamén é un debate relevante, no marco do 8 de Marzo, falar tamén de economía de coidados e das prestacións que debe dar a Administración pública, unha administración que xa teñen os voceiros e as voceiras de economía comentado en moitas ocasións que se debate nunha situación desequilibrada en canto a ese financiamento dos servizos públicos, no que, como temos indicado xa dende En Marea noutras debates, a descentralización do Estado queda inutilizada cando non existe un financiamento axeitado acorde coa cobertura dese servizos.

Xa trasladamos noutras ocasións que dende o noso grupo consideramos para Galicia e o resto de territorios que debe acompañarse esa descentralización, primeiro, con maior soberanía e capacidade fiscal dos diferentes territorios e, en segundo lugar, coa ruptura dese infrafinanciamento dos servizos para lograr esa suficiencia dos recursos.

Así que, en primeiro lugar, evidentemente nós tamén defendemos esa necesidade imperiosa de cuantificar o custo real dos servizos das comunidades autónomas, pero sobre a súa base da definición legal, é dicir, sobre o custo real do que custan os servizos para garantir esa descentralización e que as comunidades autónomas neste caso poidan asumir a totalidade en termos obxectivos de educación, sanidade, políticas sociais e o resto de transferencias pendentes.

A ausencia desta determinación e a toma ou a utilización de fondos compensatorios sen unha base obxectiva durante todos estes anos profundaron precisamente na desigualdade entre os territorios e, evidentemente, a desigualdade no acceso aos servizos, na opacidade do sistema e evidentemente na discrecionalidade coa que o Goberno central utilizou este feito a nivel político, en función da necesidade de distintos apoios nun momento concreto.

En segundo lugar, nós consideramos a necesidade —e xa o comentaron aquí os compañeiros noutras ocasións— de marcar o chan de ingresos que necesitan esas comunidades autónomas, que necesitamos tamén en Galicia, para manter a suficiencia do sistema, dos servizos que se acaban de cuantificar ou que se deberan cuantificar.

E, en terceiro lugar, aínda que ao voceiro do Partido Popular non lle guste ou non o considere acaído, consideramos a necesidade de que falemos obviamente do sistema impositivo e do financiamento a través do sistema impositivo.

Nós, dende En Marea, negámonos a entrar nesa batalla de pobres entre comunidades autónomas, porque, considerando a necesidade dun sistema con capacidade tributaria, responsabilidade fiscal e autonomía financeira, cremos tamén que para iso, para evitar esa pelexa, hai que poñer sobre a mesa a necesidade de rachar cun modelo económico que durante todos estes anos o que fixo é primar máis aqueles que tiñan máis, e nun contexto —témolo trasladado en todos estes debates, e facía referencia tamén agora a voceira do BNG, todas as ocasións nas que houbo para debater esta circunstancia— no que, a pesar da crise económica e dese incremento exponencial do endebedamento público, o Partido Popular

permittede o luxo —inevitable para eles, para nós evidentemente evitable— de recortar eses ingresos reducindo a capacidade de asumir para o sistema máis recursos pola vía impositiva, que no caso de Galicia caeu, entre 2008 e 2014, un 31 %.

Esas vacacións fiscais —que temos indicado xa noutras ocasións— do señor Feijóo implicaron unha redución dos ingresos e, polo tanto, tamén unha redución da capacidade de financiar os servizos públicos. E tamén a contrarreforma fiscal no conxunto do Estado ten moito tamén que ver coa redución dos ingresos en aras de repartir, de financiar os servizos das comunidades autónomas.

Cabe lembrar tamén —e non está de máis— o incremento —e farémolo cada vez que teñamos ocasión— dos impostos indirectos, e evidentemente a desigualdade que se creou no noso país e no conxunto do Estado, cando, evidentemente, as persoas de clase traballadora son as máis prexudicadas.

En cuarto lugar, precisamos tamén, con necesidade evidente —xa o temos trasladado noutras ocasións—, auditar esa débeda pública, que permita xa, en quinto lugar, reestruturar a débeda pública, como xa se ten traslado aquí noutros debates, para facela máis equitativa, aplicando uns parámetros que resulten de maior equidade entre as diferentes comunidades autónomas, atendendo a suficiencia financeira, que indicabamos ao inicio.

E, por suposto, en sexto lugar, precisamos, de verdade —aínda que, evidentemente, non interese tanto ao Goberno falar deste tema—, a necesidade de inspección que permita a loita contra esa fraude fiscal, que ten sido debatida tamén nesta Cámara noutras ocasións.

Polo tanto, Galicia e o conxunto das comunidades necesitamos o incremento dos ingresos, e dende o noso grupo evitamos ou non queremos caer nese debate entre pobres. O que necesitamos é impugnar un sistema que premiou aqueles que tiñan máis capacidade con vacacións fiscais e desfinanciou os servizos públicos pola base tamén dun incremento da débeda, que non se sustiña e que no caso de Galicia se incrementou para financiar —a pesar de que, como xa temos dito, foi menos que a media do resto de comunidades autónomas— máis débeda pública.

Polo tanto, a mala xestión agora mesmo a está pagando a cidadanía, e imos atender a ver a que acordo chega o Partido Socialista co Partido Popular neste caso, porque si que estamos de acordo con algúns puntos. Temos dúbidas de como se cuantifica esa suficiencia dos servizos, tendo en conta que o Partido Popular ten dado cifras que nós consideramos insuficientes para o financiamento actual.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo autor da moción, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boa tarde de novo.

Antes de nada, agradecer o ton e o sentido das intervencións, que eu creo que están cun ánimo construtivo. E, en fin, sobre todo ao grupo autor da emenda presentada, imos tentar, na hora que temos, chegar a un acordo, que eu intentarei que sexa total, pero, se non é así, pois a un acordo canto máis amplo mellor.

En todo caso, tres ou catro comentarios rápidos.

En primeiro lugar, en relación co que dicía o señor Puy sobre a responsabilidade do Partido Socialista. Quen está gobernando en España é Mariano Rajoy, a iniciativa política debe de corresponderlle a el. Está moi ben que os outros grupos políticos e os presidentes das comunidades autónomas se definan en relación cun modelo cando coñezan ese modelo. De momento, descoñecemos que é o que propón o Goberno como reforma do financiamento autonómico, nin sequera como punto de partida, para que poida ser discutido no Consello de Política Fiscal e Financeira.

Nalgunhas comunidades autónomas, por exemplo, Andalucía, recentemente —era citado—, o Goberno da Junta de Andalucía presentou unha proposta que someteu a discusión cos outros grupos políticos, e, sen ter un acordo unánime, si houbo un acordo moi maioritario no Parlamento de Andalucía tirando para adiante. Ben, isto parece que é a responsabilidade dos gobernos. Aquí, como o Goberno pois ten algunhas dificultades para facer este esforzo, por iso outros estamos suplíndoo. Pero, en todo caso, non pasa nada, é dicir, do que se trata é de chegar a un acordo.

Segunda cuestión que eu creo que ten interese. Efectivamente, se hai liberación total, hai igualdade plena, en termos de habitantes axustados. E trasladamos a carga da discusión a como definir os custos e a demanda e, por tanto, cales son as variables que debemos introducir ou non. Por iso, á fronte do que pasou hai un ano no acordo onde establecíamos algúns criterios, ¡home!, trátase de afinar un pouco máis, e eu creo que aí pode haber moitas coincidencias. Pero temos que saber de que estamos falando. Se o Partido Popular —como vén dicindo tradicionalmente— considera que o modelo do ano 2009 era un modelo prexudicial para Galicia e, por tanto, que nos situaba por debaixo da media, ir a un sistema de liberación total partindo dos habitantes axustados íanos permitir mellorar. Por tanto, non debería haber dificultade para dicir: imos estar por encima da situación actual e, por tanto, non debe haber dificultade para asumir esa proposta.

Eu creo que non é así, pero só parcialmente. Quero dicir: de acordo co sistema de financiamento autonómico, eu creo que estamos lixeiramente por riba da media, non demasiado, pero lixeiramente por riba da media. Pero se temos os mecanismos extraordinarios de financiamento, xa estamos por debaixo, se temos en conta isto. Pero é que vostedes aceptan que iso hai que telo en conta e, por tanto, só nos queda mellorar.

Neste sentido, aínda compartindo o principio de liberación plena, isto debería permitírnos ir un pouco máis arriba no estado das comunidades autónomas; por iso planteamos esa cuestión. De todas formas, aquí entendo que é unha exixencia que vostedes non queren asumir e que posiblemente teñamos unha dificultade.

E, por último, moi rapidamente, por dicirlle á señora Noa Presas. A autonomía tributaria non a introducimos nesta moción, estaban algunhas indicacións na moción do ano pasado. En todo caso, nós somos partidarios de aumentar a autonomía tributaria, pero parécenos que o debate central hoxe ten que ser o outro. O debate central hoxe é como garantimos un tratamento igualitario dos cidadáns no territorio. É dicir, a cuestión da equidade no territorio, que ten que ver coa vertebración, a nós parécenos que é a cuestión central, e por iso traemos esta serie de propostas a este debate. E non ten demasiado que ver con que sexamos nación ou sexamos outra cousa. É dicir, o debate do recoñecemento das nacións en España é un debate desligado da cuestión do financiamento, na nosa opinión non ten nada que ver. Nós somos partidarios dun recoñecemento das especificidades nacionais que existen en España, pero tamén somos partidarios de que exista un tratamento igualitario dos cidadáns no conxunto do territorio. E son debates...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...que, na nosa opinión, teñen dous ámbitos diferentes de referencia.

Por tanto, eu espero que poidamos chegar a un acordo canto máis amplo mellor. E, en todo caso, pasarémoslles este acordo —se chegamos— aos restantes grupos para que poidan posicionarse en relación con el.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e remate dos procesos de concentración parcelaria que se están a levar a cabo

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

A moción que traemos hoxe a consecuencia da interpelación do pasado pleno busca dar algunhas respostas para a situación que vive o noso rural, que entendemos que é preocupante, e que, por extensión, vive o noso país. Moitas veces na propia Comisión 7ª, e tamén neste pleno, temos chegado á conclusión de que un dos problemas fundamentais que afronta o noso agro é a falla de superficie agraria útil. Coincidimos na diagnose, pero despois vemos que as medidas adoptadas polo actual Goberno ata o de agora non están servindo para solventar esta problemática, son totalmente insuficientes e, ademais, non están sendo satisfactorias para o obxectivo que perseguían.

Un exemplo que reflicte esta situación —e os datos son múltiples— é que o noso agro só nós últimos tres anos perdeu 34.000 hectáreas de superficie agraria útil, o cal supón a con-

tinuidade dun proceso que comezou hai moito tempo e ao que non se lle está a pór freo e non se lle están pondo as medidas necesarias para evitar esta situación.

E tamén quería aclarar que, obviamente, cando falamos de reestruturacións agrarias, temos que partir da base de que estas non son nunca un fin en si mesmo senón que unicamente son unha ferramenta, e obviamente hai moitas ferramentas para acometer esta cuestión. Pero, ademais, entendemos que deben ser entendidas tamén en conexión e en colaboración co conxunto de ferramentas de ordenación do territorio no seu conxunto e tamén dentro dun modelo concreto de país. Entendemos que o Partido Popular ten un modelo de país e nós temos outro ben diferente. Non podemos entender a ordenación dos usos do solo á marxe da ordenación do territorio en termos xerais.

Nós levamos moito tempo dicíndoo. A pesar de que esta é a lexislatura ou é a suposta lexislatura do rural, na práctica o Partido Popular todas as medidas que está levando a adiante non teñen esa finalidade. O que están conseguindo é que o noso rural cada vez estea máis abandonado, con moitos menos servizos públicos, e que cada vez menos poboación se asente nel. Por iso tamén entendemos que para pór enriba da mesa propostas e alternativas hai que facer unha avaliación rigorosa do que se está implementando nos últimos trinta anos, que constitúe un fracaso absoluto, e que temos que pór en marcha unha liña radicalmente diferente á actual.

Como dicía, un dos fracasos vézolo no actual modelo de concentracións parcelarias. En moitas, durante décadas, investiuse moito diñeiro público para unir terreos, que hoxe en día vemos como moitos destes non teñen ningún tipo de finalidade relacionada co sector primario. De feito —xa o comentamos na Comisión 7^a— a nós pareceunos moi surrealista cando o Partido Popular trouxo unha iniciativa que falaba de establecer un proceso de avaliación do interese agrario para efectuar as reestruturacións da terra e que nos procedementos de avaliación de interese agrario se tiveran en conta as aportacións das persoas interesadas. E —xa como dixemos naquel momento—, por suposto, o problema é como non se estaba tendo en conta este criterio para levar a adiante as concentracións parcelarias ata o momento. Parécenos unha irresponsabilidade moi grande.

Os problemas témolos hoxe en moita superficie do noso país. Porque é certo que hai concellos —como o de Ames e Compostela— nos que hai moitas terras que se concentraron, por exemplo, para construír chalés, ou tamén como moitas destas concentracións parcelarias vemos que redundaron na reforestación de terras agrarias. E parécenos moi preocupante que isto se faga con convivencia moitas veces do Partido Popular. Porque temos que recordar que un propio alcalde do Partido Popular, no concello de Abadín, emitiu unha orde municipal que permitía plantar eucaliptos en terreos agrarios, nunha zona afectada por un proceso de concentración parcelaria que está sen rematar, e que obviamente invade competencias da Xunta de Galicia. Parécenos que esta declaración deste alcalde é moi significativa e moi simbólica de como se entenden as concentracións parcelarias para o Partido Popular.

Tamén temos que recalcar que o problema moitas veces o atopamos en que os anuncios non se concretan despois na realidade, como en moitas cuestións. Hai moitas concentracións que están sen rematar. Neste caso dixeron que ían acabar todas as concentracións que es-

taban activas nesta legislatura. E, non obstante, vemos e facemos o balance na actualidade de que o ritmo de entregas de títulos está sendo moi moi lento. Hai parroquias —como a de Godos, en Caldas— que leva trámites dende o ano 2001, e por iso moitos veciños e veciñas están fartas de esperar.

Obviamente, que un proceso sexa tan longo tamén ten despois estas problemáticas de que, por exemplo, se reforesten estes terreos agrarios. Moita xente que está afectada por estes modelos incluso chegan a afirmar que foi peor o remedio que a enfermidade.

Por iso nós, a pesar disto, entendemos que o que se debe é facer público un informe coa planificación da realización e do remate definitivo dos 129 procesos de concentración parcelaria activos actualmente e, sobre todo, que se poñan en marcha con prazos realistas e que se baseen tamén nos ritmos de execución que se está tendo ata o de agora, tamén no orzamento dedicado a este programa e o seu grao de execución na actualidade. Porque entendemos que para pór medidas enriba da mesa o que se precisa dunha maneira clara é unha boa diagnose que nos axude a ter un mapa moito máis claro da realidade.

A situación é moi preocupante para moitos gandeiros e gandeiras do noso país, para moitas labregas, xa que vemos como, segundo a Enquisa de estrutura de explotacións agrarias do ano 2013-2016, en Galicia descenden as hectáreas por explotación; segue diminuindo a base territorial das explotacións en vez de aumentar. Por iso entendemos que o que necesitamos é pór en marcha medidas radicalmente diferentes e saír desta inacción permanente.

Existen mecanismos —e os mecanismos xa os temos debatido tanto neste pleno como na comisión—, pero o que fai verdadeiramente falla é a vontade política de levar a adiante e de que se coordinen estes mecanismos existentes. Fai falla orzamento e sobre todo fai falla un convencemento —como dicía—, porque parece que todas estamos de acordo en evitar a reforestación forestal en solos agrarios. Pero o que hai que facer non é dicilo, hai que implementar os mecanismos necesarios para que isto non se leve á práctica e, sobre todo, sancionar e desmarcarse de declaracións como as que facía este alcalde do concello de Abadín.

Outra das cuestións que tamén levamos moito tempo reclamando e que nos parece imprescindible é dotar o Banco de Terras de recursos humanos e materiais para que este verdadeiramente funcione como unha ferramenta. Esta ferramenta non pode funcionar cun orzamento tan ridículo como o deste ano, de 87.500 euros. Na práctica o Banco de Terras está desmantelado e é unha ferramenta que hai que dinamizar e que debe servir para o arrendamento de maneira rápida e áxil. Entón, entendemos que hai que dotalo moito máis con recursos económicos e con recursos tamén humanos.

Nós entendemos —como dicía— que detrás disto hai un modelo político. Non é casualidade que a xente decida non vivir no rural. Hai moitas políticas que favorecen que a xente se desprace dunha maneira progresiva ao eixo atlántico e ás cidades especialmente e ás vilas cercanas, porque obviamente hai un desmantelamento dos servizos públicos de maneira progresiva; moitas persoas non poden nin sequera desprazarse con facilidade en moitos pobos do noso país.

Outro dos mecanismos que entendemos que pode ser necesario é o de elaborar, con carácter de urxencia, un catálogo de solos de Galicia, onde se clasifiquen en función das súas aptitudes, co obxectivo de ser a base da súa conservación. E, como dicimos tamén nesta moción, entendemos que o dito catálogo deberá ser incorporado de inmediato e antes da súa aprobación definitiva no Plan básico autonómico.

E nós entendemos que precisamos partir dunha realidade, que é unha realidade negativa. Non somos catastrofistas —supoño que empregarán ese cualificativo—, pero temos que entender que o noso rural atravesamos unha situación moi delicada. Témolos postos moitas veces de manifesto; é moi difícil continuar vivindo no rural, temos que permitir que a xente que quere vivir aí, que a xente que segue querendo traballando no rural o poida seguir facendo.

Entendemos que todas estas cuestións, as reestruturacións parcelarias, temos que entendelas dentro das políticas enfocadas ao rural, que son como un conxunto global e tamén, como dicía, como un conxunto de políticas para o noso país: loitar contra o abandono, fixar poboación no medio rural, mellorar os servizos postos a disposición. Por iso somos conscientes de que, obviamente, as reestruturacións agrarias por si mesmas non resoven esta cuestión, pero entendemos que estas poden servir tamén se as acompañamos dun modelo totalmente diferenciado.

E un problema recorrente que temos e que tamén queríamos pór de manifesto é que moitas veces moitos mecanismos que están previstos na normativa quedan sen aplicación real. Isto é un problema, hai moita lexislación que queda por desenvolver e, sobre todo, queda sen aplicación real por falta de medios humanos, económicos ou técnicos. Por iso entendemos que tamén se precisa unha maior coordinación entre os distintos instrumentos de ordenación territorial que parta, como dicía, dunha visión integral do conxunto do territorio.

E nada máis, simplemente, obviamente estas son algunhas medidas que poden axudar, o que precisamos é pensar en políticas integrais para o noso rural, porque se queremos defender que as galegas e os galegos poidan vivir onde queiran, non podemos continuar coa axenda das políticas aplicadas nos últimos anos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, certamente a concentración parcelaria quedou ancorada no tempo. Cando este país precisaba modernizarse, e estaba en tempo e hora por non perder de todo o tren da modernidade, os procesos de concentración eran poucos e polémicos debido ás tensións propias dunha sociedade minifundista anquilosada en si mesma, que no terceiro terzo do século XX saía da segunda metade do XIX.

Este proceso de modernización foi abandonado á súa propia sorte a partir dos noventa, cando Europa cegou coa súa beleza de próteses e maquillaxe xa aqueles que había tempo decidiran abandonar o rural á súa sorte, porque non querían que lles chamasen paletos. Neses entremedios a parcelaria tamén serviu intereses espurios ao servizo de ordenacións periurbanas para mellor desenvolvemento do ladrillo e do cemento naquilo que monseñor Aznar protexeu e facilitou naquel dourado período que logo deu en caída ao abismo. Aí nós, desde a consellería desa cousa que se chamou Bipartito, deixamos en suspenso todos os procesos que favorecían o ladrillo e dedicámonos á terra produtiva e sostible. Xa ven, ¡manías deses rojos nacionalistas!

¿E agora? Pois agora vai haber que lle dar outra volta de torca, imos ter que..., ou, mellor dito, han ter que, señores e señoras do Partido Popular, tomar partido ou polo eucalipto ou polo desenvolvemento do rural diverso e sostible. Porque nestes tempos, rematado xa o século XIX, o sector agrogandeiro máis dinámico, tamén o máis endebedado e intensivo, estalles necesitado terra. Si, precisa urxentemente terra onde sobra terra, e precisa unidades parcelarias dimensionadas acordes coas explotacións de hoxe. Non é doado levar ao pasto 100 ou 150 cabezas de vacún como antano se levaban 15 ou 20. Tampouco caben, como antano, en media hectárea.

Algún día, non lonxano, Europa descubrirá esa América que os nosos labregos xa tiñan descuberta e teremos que reparar no estrés das vacas e dos seus produtos derivados debido á intensificación das explotacións lácteas. Europa sacará medidas de obrigado cumprimento onde se enmarquen os espazos mínimos para cada animal, o seu paseo diario por un patio dese cárcere, ¿saben?, como aconteceu coas galiñas. E a sociedade urbanita, atenta aos últimos anuncios, aplaudirá coas orellas esa medida que sacará as vacas de hoxe cunha esperanza de vida de parto e medio, sacará esas vacas de paseo, e será obrigado o que hoxe non é rendible. E para aquela, ¿que faremos se non temos os deberes feitos? Haberá, por tanto, que reconcentrar o concentrado alí onde faga falta, e ese é outro cantar que ten unha letra que non se entende moi ben hoxe, e explícome.

A Lei 4/2015, chamada tamén Metaga, regula os procesos do comunmente coñecido como concentración parcelaria. Esta lei ten un anexo onde se incluían os procesos que estaban caducados, ou ben polos anos de estancamento ou por outras varias razóns, que non é o caso de traer aquí. E entre eles están catro que chaman a atención porque se retomaron de xeito máxico, tres corresponden a parroquias de Melide —que casualidade— e outro a unha parroquia de Ordes, tamén casualidade.

Esa lei, chamada Metaga, foi modificada no seu artigo 7, borrarón dun plumazo o seu punto 3 na Lei de acompañamento do pasado ano. ¿E de que fala este punto 3? Da necesidade de xustificar mediante un procedemento regulamentario de valoración, no que se inclúe unha consulta aberta, todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas.

Claro que en xaneiro deste ano xa nos presentaron unha proposición non de lei instando a Consellería a que reinstale este punto de novo. ¿A que xogan? ¿Que agachan? Xa lles deu tempo a meter aqueles procesos que lles interesaban politicamente, amigos, caciquismo, xa nos dirán. Porque en Arzúa, terra de leite e queixo, gandeira por excelencia, a parroquia de

Burres solicitou unha concentración de montes e unha reconcentración de labradío, por aquilo da base territorial nas explotacións, ¿saben? Parcelas máis grandes susceptibles de facer pastoreo. Conta cun estudo de impacto e co levantamento topográfico no que se gastaron 150.000 euros, creo que naquel escuro período do Bipartito. E nada, vanse facer estas catro caducadas, pero esta que ten xustificada a súa necesidade, ¡pois non! ¿Desconfiados? ¡Pois si!

Estaranse preguntando a que vén esta intervención. Pois vén facer públicas esas manobras do Partido Popular coas cousas serias do medio rural. Nós claro que imos apoiar esta moción, porque, aínda que é parcial, nos parece positiva. Vostedes sigan co seu discurso de lexislatura do rural dándolles paus e usando palabras de esperanza onde pensan poñer eucaliptos. As súas contradicións e mentiras están máis claras que nunca, ou acabaron por crelas.

Se a Metaga está ao servizo da mellora do rural na reestruturación da súa superficie, deixo aquí unha pregunta, ¿de que ferramentas dispón a Administración para habilitar terreos de protección agropecuaria en zonas de concentración?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Primeiro dicir que dende o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar esta moción de En Marea, xa que dende o Grupo Socialista é unha cuestión na que continuamente estamos incidindo, porque resulta crucial para o relanzamento do rural, como é a terra, a súa propiedade, a estrutura e a mobilidade.

Dende o principio da lexislatura dinnos que esta é a lexislatura do rural e vimos escoitando a promesa de que van rematar os 128 procesos de concentración abertos. Pero o tempo non deixa de avanzar e os procesos non avanzan en paralelo, moitos deles aínda están en proxecto ou en trámite administrativo, polo que un informe que actualice a situación na que se atopa cada unha das concentracións nos parece fundamental, determinar onde hai que incidir con máis eficiencia, analizar as dificultades e atrancos que se poden dar en cada unha delas e para poder facer unha avaliación do estado das obras.

Ríos de tinta se teñen vertido polo desenvolvemento pouco respectuoso co medio que se dá nalgunha das concentracións. É certo que os criterios foron variando, pero aínda é moi común que se plantexe a táboa rasa en moitos procesos, levándose por diante anacos centenarios de biodiversidade, que é fundamental ter en conta os elementos de valor natural, os aspectos da biodiversidade, os elementos do valor histórico, arqueolóxico, como petróglifos, mámoas e castros, que en bo número padeceron a política de arrasamento dalgunha das concentracións

feitas. Salvo o caso das concentracións de montes, non ten sentido que tamaño esforzo e investimento se fagan para que logo as terras agrarias rematen en terreo forestal, e a eficiencia que hai que ter en conta á hora de executar os procesos de concentración.

Sen deixar de lado os 129 procesos de concentración, entendemos como prioritario poñer en marcha outros mecanismos que provoquen o dinamismo e mobilidade de terras. O Banco de Terras non pode seguir sendo un reclamo publicitario para a retórica parlamentaria para referirse á problemática da terra; tendo en conta que como ferramenta de mobilidade de terras se axeita ás necesidades dos nosos gandeiros e agricultores sen necesitar dos grandes investimentos nin provocar as derramas medioambientais das concentracións parcelarias.

Os socialistas xa vimos dicindo en varias ocasións que un mecanismo como o Banco de Terras non só debe ter unha dotación orzamentaria suficiente, da cal carece nestes momentos, senón ter un impulso político necesario, para que se vexa unha ferramenta útil para desbloquear o abandono e a infrautilización de milleiros de parcelas que pasan a constituír un caldo de cultivo importante para a propagación do lume e o asentamento da fauna salvaxe, que tan negativamente repercute na actividade agropecuaria.

Cando se pide un catálogo de solos entendemos que se refiren a outra das pezas angulares da política agraria, como é a planificación dos cultivos, para un máis adecuado aproveitamento dos recursos naturais na súa explotación e recoller mellores resultados.

En definitiva, señorías, o Grupo Parlamentario Socialista respalda todas e cada unha das peticións que se están a facer nesta moción, por entendelas como medidas necesarias e na adecuada dirección, e non comprendemos como o Goberno galego non acaba de impoñer prioridade absoluta a estas e outras medidas similares que son condicións esenciais para o relanzamento do mundo rural.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, antes de nada aclarar que aínda que vou recoller aquí o compromiso que adiantou a conselleira, é un compromiso de cento vinte e oito, non cento vinte e nove, debe de haber un erro na moción.

Falamos dun dos instrumentos que tratan de mellorar a estrutura territorial do noso rural galego, que é a reestruturación parcelaria, comunmente coñecida como concentración parcelaria.

Para nós a concentración parcelaria é un instrumento fundamental neste ámbito, porque permite, entre outras finalidades, o redimensionamento das explotacións facéndoas máis

rendibles e abaratando tamén os custos de produción; permite diversificar os usos do solo; permite mellorar as vías de comunicación; e cumpre tamén —e para min e para o noso grupo esta é unha cuestión esencial— a función de clarificar e actualizar a titularidade da terra en Galicia, dotándoa de seguridade xurídica e permitindo o seu acceso ao rexistro da propiedade, o cal ten na nosa opinión unha importancia, tamén, fundamental.

Falamos dun proceso complexo, que ten que xuntar, por un lado, os intereses dos propietarios e, por outro, o interese xeral. E conscientes de que é un proceso complexo, precisamente a Xunta traballou na súa simplificación, na simplificación do proceso, aprobando a Lei de mellora de estrutura territorial agraria de Galicia, a Metaga; referirémonos a ela ou falaremos dela como Metaga, Lei 4/2015.

Miren, nesta lei, e eu vouno argumentar, prima o valor agrogandeiro e forestal que pode haber nas zonas interesadas en reorganizar o seu territorio, máis alá de reducir as parcelas ou conseguir facelas máis grandes.

Eu recordo que aquí na interpelación o señor Sánchez falaba de que as concentracións parcelarias feitas polo PP utilizan criterios clientelares e caciquís sen ter en conta criterios técnicos, como instrumentos de impulso da actividade agraria. Home, eu pediríalles que actuasen ou que falasen cun pouco máis de rigor, sobre todo que prestaran máis atención a leis que están aprobadas neste Parlamento, aínda que non as votaran. Leis que, por outra banda, son de obrigado cumprimento para a Administración e tamén para os cidadáns, polo menos nun estado de dereito.

Miren, en canto aos obxectivos xerais da Metaga, os dous que eu podo destacar, e que están recollidos no artigo, 2 din: «Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia e establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestrutura que faciliten a súa mobilización para uso agrario.»

O artigo 7, do que falaron o señor Rivas e tamén o señor Pérez Seco, di que para poder iniciar un proceso de reestruturación é necesario acreditar o cumprimento destes obxectivos xerais, e recolle como circunstancias acreditativas deste cumprimento, cito: «A existencia de eficiencias estruturais das explotacións agrarias situadas nas zonas de actuación, a actividade agraria da zona de actuación e existencia de profesionais que dedican as súas producións á comercialización, o interese das persoas titulares das explotacións agrarias da zona, o dinamismo do territorio, a potencialidade agraria da zona.» ¿Onde están eses criterios caciquís? Son criterios obxectivos que determinan a busca daquelas zonas máis adecuadas para as concentracións.

Pero é que é máis, nas bases da reestruturación parcelaria, no artigo 4.8 recóllese como un instrumento, tamén, desas bases a clasificación das terras, que é a operación que busca a determinación en función do seu valor agronómico e produtivo das diferentes clases de terra existentes dentro da zona de reestruturación, xa se fai aí a clasificación de solos.

E ademais, respondendo a súa pregunta última, señor Rivas, —que eu sempre lle presto atención—, o que vostede preguntaba da busca de que solos teñen maior adecuación para

o uso, a reestruturación tamén leva un plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, que consiste en: a identificación da situación actual dos cultivos, o establecemento da delimitación no conxunto da zona reestruturación dos diferentes usos das terras incluídas e a determinación das orientacións prioritarias. É dicir, en cada zona ver cal é o cultivo máis axeitado e, se é o caso, determinar tamén cal é a necesidade mínima de terra agraria dese cultivo para que se garanta a viabilidade das explotacións agrarias resultantes.

En definitiva, a Metaga é unha boa lei e modificou a concentración parcelaria, precisamente na busca do que todos buscamos aquí, que é conseguir a rendibilidade das explotacións.

Xa no que se refire ao procedemento de reestruturación, reduce as fases, pasa de seis a catro, e opta, tamén, por un aproveitamento de estruturas viarias preexistentes. En definitiva, tratamos de adecuar o mecanismo de funcionamento da concentración parcelaria ás necesidades dos nosos agricultores e gandeiros.

Falan de que non se fai nada, cando dende que comezou a concentración parcelaria en Galicia se actuou sobre 1.025 zonas de reestruturación parcelaria; falamos de máis de 540.000 hectáreas afectando máis de 428.000 propietarios e máis de 4.100.000 parcelas. ¡Home!, destas zonas o 76,68 están rematadas, o 9,95 están paradas e quedan un 13,36 % de zonas inactivas, que serían as 128 das que falabamos antes. Por certo, destas 1.025, están 8 decretadas no Bipartito. Eu xa sei que non lle deu tempo a facer todo o que tiña que facer, pero 8 de 1.025.

Falan, tamén, de que non se dedican orzamentos a este tema, e tampouco se corresponde coa realidade. Miren, na media dos anos 2013-2015 gastouse ou investiuse arredor de 9 millóns de euros, pero é que no 2016 pasamos a 26 millóns de euros e no 2017 chegamos a case 27 millóns de euros.

En definitiva, e tendo en conta este esforzo orzamentario, reiteramos aquí o compromiso da Xunta de rematar administrativamente estas 128 zonas vivas que hai en Galicia antes de que finalice o ano 2020, antes de que finalice esta lexislatura.

Eu remato xa sinalando que o meu grupo parlamentario non vai apoiar a moción, porque recolle unha visión da reestruturación parcelaria que non só non compartimos, senón que non é a que resulta dos textos legais que a regula.

O obxectivo da Xunta e do noso grupo parlamentario é dotar os nosos agricultores e gandeiros de explotacións con base territorial suficiente que garanta a súa rendibilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupo autor da moción, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Primeiro, agradecerlles o apoio ao Grupo Socialista e tamén ao BNG, e, por suposto, non agardabamos outra posición do Partido Popular. Ningunha novidade, van volver votar en contra dunhas medidas que poderían axudar a mellorar a situación do noso rural, a pesar de ser esta a suposta lexislatura do rural.

Vostede empregou a súa intervención para facer un montón de literatura, e grazas por explicarnos moitos dos artigos que recolle a Metaga, por exemplo, pero nin unha soa —falou moi brevemente, quizais trinta segundos ao final da intervención— da posición política. Realmente, o resto da intervención foi un relatorio do que recollen as normativas. E como dicía na miña primeira intervención, moitas veces as normativas non teñen ese desenvolvemento normativo e tampouco teñen o desenvolvemento e os recursos económicos para que se faga cumprir a lei. Por exemplo, a Lei de concentración parcelaria contemplaba un réxime de sancións para evitar o abandono e este nunca se chegou a pór en marcha. Ou fala da Metaga como se fora unha lei aprobada con consenso e con diálogo, cando sabe que aprobaron a lei en solitario, rexeitando a maior parte das emendas da oposición.

Pero bueno, como dicía, ningunha novidade, continúan cunha política de parálise fronte aos problemas do país e fronte aos problemas do rural e falan dos orzamentos. Volvo incidir, diso non falou, o orzamento ridículo que lle dedicaron ao Banco de Terras, 87.000 euros, cando están dicindo e aproban unha iniciativa que queren volver dotar e impulsar o Banco de Terras, pero despois, á hora da verdade, nos orzamentos dedícanlle unha partida totalmente insuficiente. E os datos, como dicía xa na primeira intervención, falan por si mesmos, entón non é que nós vendamos unha realidade de país e vostedes outra. Nós falamos dos datos que son coñecidos por vostedes, o rural galego, a situación das explotacións agrogandeiras é preocupante, non porque o diga En Marea, nin porque o diga ningún grupo da oposición; é preocupante porque hoxe en día só un 27 % do territorio galego é superficie agraria útil, e perdeuse, dende o ano 2007, o 10 % das terras de labor. Entón, non é unha visión catastrofista de que en dez anos pasou o que pasou, é unha cuestión que queda sustentada polos datos que lle acabo de pór.

Máis de 30.000 hectáreas agrarias forestadas de maneira ilegal, entón, ¿de que serve moitas veces a lexislación se despois vostedes non fan absolutamente nada para cumprir a lexislación, absolutamente nada? De feito, o propio director de Montes, moitas veces, neste caso para falar da cuestión dos incendios e do que van facer. Se un goberno da Xunta de Galicia di que van facer para facer cumprir a lexislación, entón non temos nada que facer; para cumprir outras lexislacións que non deberían facer cumprir, porque non deberían estar aprobadas, como, por exemplo, a Lei mordaza, non teñen estes problemas á hora de aplicarlos. E a perda de terreos agrarios ten consecuencias directas no abandono do rural e tamén consecuencias directas dos lumes. Agora que estamos cunha comisión de investigación poden reflexionar e moitas das persoas que compareceron foron falar dos riscos incrementados que teñen determinados tipos de superficie para este tipo de incendios. Por exemplo, no ano 2015 un incendio de máis de 2.500 hectáreas en Cualedro tivo lugar en terreos de concentración parcelaria totalmente abandonados, e, por desgraza, concentracións abandonadas non é unha excepción, hai moitas. Entón, terán que poñer, digamos, as medidas en marcha para evitar que isto suceda en máis situacións.

Debuxan un panorama que non se corresponde en absoluto coas realidades, falan dun dos obxectivos, por exemplo, que é o de aumentar a superficie das explotacións. ¿De que valen que digan que este obxectivo o recolle a Metaga cando despois na realidade non se consegue? Entón, está moi ben que esta lexislación recolla este obxectivo, nós concordamos con ese obxectivo, sabemos que hai moitas explotacións no noso país que teñen un problema de aumentar a superficie agraria, pero se despois a lexislación non fai que isto suceda, non serve de nada que o recolla a lexislación; deberemos facer autocrítica, deberán facer autocrítica de por que non se está cumprindo a lexislación e por que eses obxectivos que se plantexaban cando se aprobaba esta lexislación non se están cumprindo en absoluto.

E, en xeral, vólvoo repetir, a suposta lexislatura do rural. Fagan un mínimo de autocrítica e deixen de pór en marcha políticas que o único que están conseguindo é que o rural cada día estea máis abandonado, con menos servizos e que a poboación teña que vivir noutros lugares.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, a través da súa voceira suplente e por iniciativa da mesma deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda de substitución a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a introducción nos próximos orzamentos de partidas específicas para as infraestructuras galegas que permitan, entre outras, levar adiante as seguintes actuacións.

- Licitación do trazado da A-55 entre Porriño e Vigo.*
- A-74 ou autovía da Mariña, conectando San Ciprián e Barreiros para enlazar ca A-8.*
- A-56 que conectaría Ourense coa A-54 para acadar a cidade de Lugo.*
- Paralización da A-57 para elaborar unha alternativa de liberalización da AP-9,*

• Licitación da A-76 que conecte Ourense con Ponferrada, mediante un trazado respectuoso co medioambiente.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta moción.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir traballando e insistindo ante o Goberno central nas demandas que xa ten realizado en materia de estradas, para que o Ministerio de Fomento recolla na súa planificación as seguintes infraestruturas, de tal xeito que poidan ser financiadas a través do Plan Extraordinario de Investimentos en Estradas ou pola vía orzamentaria:

- A autovía de novo trazado entre Vigo-O Porriño.

- A A-74, priorizando os treitos Barreiros-Foz e Foz-Burela.

-A Variante Norte de Ourense e o treito ata Cambeo, da A-56.

-A A-57, comezando polo treito A Ermida-Pilarteiros, da circunvalación de Pontevedra.

- A A-76, que unirá Ponferrada e Ourense, priorizando o treito A Veiga-O Barco».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

«Deixarse de lérias e poñerse a traballar.» Collamos estas palabras do señor Feijóo e que hoxe ratifica o propio señor Puy aos medios de prensa, que non poden resumir mellor o que é a política do Partido Popular.

Porque dende que se presentou o Plan extraordinario de investimentos de estradas, o 14 de xullo do ano pasado, vese que vostedes estiveron de lérias. ¿Como se explica, se non, que non conseguisen que Fomento contemple ningún dos investimentos que cumpren coas condicións para seren incluídos neste plan? E o que é o peor, é que nin sequera tiveron a ben comunicar de ningún modo neste tempo, e previo comezo da primeira fase do plan, as intermediacións que puideran estar facendo. Polo que permítannos que non esteamos dispostos a asumir aplauso ningún á súa xestión ata o momento.

Nas aparicións marianas crerán vostedes, nós cremos nos feitos constatados, e deses ata o momento non vimos ningún. Por isto mesmo na interpelación coa conselleira lle recordamos que o obxectivo de transparencia é unha prioridade que marcou este goberno, pero á pobre señora Transparencia débena ter ben agochada nun caixón, porque non se lle ve moito a cara e cando se lle ve aparece totalmente desfigurada.

Porque, ¿cales foron as xestións deste goberno galego? Remitiron a listaxe de estradas que se entendía que poderían entrar no plan, un investimento de 600 millóns, iso dixo a conselleira, pero tamén dixo deixar a iniciativa ao Ministerio de Fomento para que decida a súa inclusión neste programa ou ben por vía orzamentaria.

Sen dúbida, o que queremos todos os galegos e as galegas é que se lle dea unha solución á rede de autovías incluídas nesa listaxe. Pero non entendemos que se renuncie a seguir insistindo, como o outro día pareceu deixar entrever a señora conselleira, a esta vía do Plan de investimentos de estradas.

¿E a nosa sensación?, gol para o señor Rajoy, fóra de xogo para o señor Feijóo e a señora Vázquez e banquillo para os galegos e as galegas, agardando algún día poder saír ao campo de xogo. (*Aplausos.*) E o peor, o peor é contemplar como vostedes cren que estar quentando na banda é o mesmo que estar xogando no partido. E non, estamos fóra, señoras e señores do Partido Popular, ás galegas e aos galegos estannos deixando fóra do partido. Ben é certo que con todo isto nós temos cada día máis sospeitas de que este partido está, figuradamente, amañado, e que vostedes coñecen xa de antemán o resultado.

E dende o Grupo Socialista preguntámonos por que aceptan e aplauden esta marxinación de Galicia nas políticas do Ministerio de Fomento. Lémbrolles que a media anual de adxudicacións do período Rajoy foi de 330 millóns de euros, mentres que a media anual do período Zapatero foi de 700 millóns de euros. A brutal caída de 370 millóns, dun 53 %, non pode explicarse pola crise económica, máis cando son contías que non se axustan ao programado e previsto nos orzamentos xerais do Estado para Galicia.

Que vostedes aplaudan o investimento anual de 357 millóns do ano pasado fala moi ben do conformismo político no que teñen caído. Desidia polos galegos e galegas, máis preocupados por quen dirixe o partido que por gañar o partido. E non se equivoquen, vostedes xogan polos galegos e polas galegas, non por manter no poder o Partido Popular.

«Deixarse de lerias e poñerse a traballar». Perfecto, sentemos as bases, vexamos por onde teñen que empezar, porque son varias as obras consideradas estratéxicas e de urxencia para Galicia, e que consideramos deberían ser tidas en conta neste Plan de estradas.

Por un lado, o novo trazado na A-55, entre O Porriño e Vigo, e que conectaría coa A-52. A A-74, ou autovía da Mariña, conectando San Cibrao e Barreiros para enlazar coa A-8; a A-56, que conectaría Ourense coa A-54 para acadar a cidade de Lugo; a A-57, que transcorrería nunha primeira fase dende Ponteareas a Pontevedra; a A-59, que conectaría coa A-57, que transcorrería dende Vilaboa ata Peinador; e a A-76, que conectaría Ourense coa saída e entrada central de Galicia ata Ponferrada.

Non son poucos os obxectivos, como non foron poucas as promesas: maio de 2014, a ministra de Fomento, Ana Pastor, anunciaba a pronta exposición do proxecto de túnel para a autovía A-55 entre Vigo e O Porriño, á vez que anunciaba a chegada do AVE para o 2018. Estamos en agarda.

Xullo de 2015, nada se sabe dende entón da autovía A-74 ou a autovía da Mariña, que vai dende Barreiros a San Cibrao, cando Fomento anunciou ao inicio da redacción do proxecto do treito 10,5 quilómetros dende Barreiros a Foz. Seguimos en agarda.

Xuño de 2012, Fomento asumía como prioritaria a entrada á cidade de Ourense da A-56, Lugo-Ourense. Seguimos en agarda.

Decembro de 2014, anunciábase por parte do Consello de Ministros a autorización para a contratación de obras para o primeiro tramo da autovía A-57, entre Vilaboa e A Ermida, e que daría continuidade á A-59, alternativa sen peaxe, e á AP-9. Estamos en agarda.

Febreiro de 2011, a deputada, por entón, señora Pastor comentaba que a pesar de compartir co Goberno de Zapatero a idea de que a A-59 é unha autovía moi necesaria, entende que a A-57 non pode quedar no esquecemento e debe figurar igualmente entre as prioridades, xa que a A-59 e a A-57 se complementan. Mágoa que esquecera estas prioridades xa como ministra de Fomento. Seguimos agardando. Quentando banda, quentando banquillo, e vostedes contentos, porque polo menos están no partido.

Nós queremos que os goles os metan as galegas e os galegos, non queremos gañar a ninguén, pero queremos saír —cando menos— a xogar e a defender a nosa portería.

Xa sabemos que o señor Feijóo está máis pendente do mercado de fichaxes de inverno, por iso estamos hoxe presentando esta iniciativa, para lembrarllas que o partido está aquí, en Galicia, e que os partidos que se xogan sen nós son oportunidades perdidas. E como neste pleno estamos para reclamar o papel da igualdade en todos os eidos, creo que é acaído lembrar unha cuestión. Este Plan de estradas prevé, en palabras do señor ministro, 189.000 postos de traballo. ¿Saben cantos deses recaerán en mulleres? O 1 %, exactamente esa é a porcentaxe de proporción de mulleres ocupadas no sector da construción de grandes infraestruturas.

Por iso hai que ter moito coidado cando se fala dos grandes investimentos e das grandes repercusións económicas, porque habitualmente —por non dicir sempre— recaen principalmente nos homes e exclúen as mulleres. E se falamos de igualdade, algo estamos a facer mal se nun sector tan importante e estratéxico soamente existe unha presenza do 1 % das mulleres.

E xa para rematar, consideren a nosa petición, non pechen unha vía, a do Plan extraordinario de investimento de estradas, que segue aberta, e se ben o importante é facer as obras, entendemos que Galicia non pode dar o partido por perdido, porque iso nos sitúa nunha posición de conformismo que senta un precedente moi perigoso de cara ao futuro.

Por iso lles pedimos que apoiem esta reivindicación e que sitúen Galicia no mapa, do que o goberno do señor Rajoy se empeña en borrar nos unha e outra vez.

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde, señor presidente, señores deputados e deputadas.

Estamos aquí, outra vez. Hoxe tócame defender, tamén, esta moción, como xa dixemos esta mañá e xa explicou a miña compañeira Paula Quinteiro. É a sorte que temos no grupo de En Marea, que as compañeiras podemos falar de temáticas que non nos correspondan con total solvencia e sen ningún problema, e penso que xa o Grupo Popular entendeu por que estamos defendendo iniciativas que non son precisamente, habitualmente, das nosas áreas sen ningún tipo de problema.

Entón, con referencia a esta moción, queremos dicir que dende o ano 2014 o Ministerio de Fomento deixou sen executar máis de 2.308 millóns de euros en Galicia; polo tanto, vemos necesario, dende o noso grupo, reclamar do Goberno central a devolución desta débeda co noso país. Unha débeda que xa se comeza a fraguar co Goberno do partido imputado de Aznar e que continúa coa volta do PP ao Goberno central de M. Rajoy. Os números están aí e amosan que Galicia se está quedando no vagón da cola de infraestruturas do Estado, debido a que no Estado, e fundamentalmente durante os gobernos do partido imputado, se fraguou unha débeda histórica, como recoñeceu neste mesmo Parlamento a conselleira Ethel Vázquez.

Precisamos recuperar o investimento do Estado no non executado, e estaría ben que o Goberno da Xunta nos acompañara nesa reivindicación. A falta de execución orzamentaria condena e lastra o desenvolvemento e futuro económico de Galicia. No 2014 executaron só o 29,16 %, 61,23 % en 2015, 40 % en 2016 e, cos datos dispoñibles ata agora, apenas o 40 % en 2017.

Cabe preguntarse onde están eses cartos deixados de investir en Galicia, pero cabe tamén preguntar onde estaban o señor Feijóo e a conselleira de Infraestruturas mentres se perpetraba este engano. Unha vez máis, amosando a incapacidade deste goberno para exixir do Goberno central a realización das obras e investimentos necesarios no país.

Un goberno máis interesado en comportarse docilmente fronte ao seu amo estepario que en obedecer e defender os intereses dos galegos e das galegas, de obedecer a M. Rajoy e ao señor De la Serna antes que á xente que lles outorgou esa tan mencionada maioría absoluta.

Falar da caída orzamentaria do Estado en Galicia é falar do abandono das nosas infraestruturas, o cal pode ser definitivo para que Galicia quede á cola das mercadorías europeas e que Galicia quede atrás no seu desenvolvemento.

Quedou claro este domingo que o señor Feijóo utiliza unicamente a presidencia en interese propio e non no interese das maiorías dos galegos e das galegas, unha presidencia pensada como trampolín da súa frustrada na *fariña* carreira política en Madrid.

Concretemos, no ferrocarril o Consello de Ministros aprobou hai uns meses as OSP, obrigatorialidade de servizo público no ferrocarril, e novamente Galicia volta quedar fóra das melloras ferroviarias nas mercadorías.

Nas estradas non estamos mellor, Fomento, co seu abandono do investimento en Galicia, colocounos no primeiro lugar do ranking estatal no tocante á sinistralidade. Os datos están aí e falan moi claro, son datos incontestables, por moito que utilicen o que xa se podería tamén estudar nas universidades, nas facultades de Ciencias Políticas —que denominamos xa «Método Feijóo e o do seu goberno»—: construír premisas falsas con datos verdadeiros. Pero hai datos que non se agochan con discursos como o da señora conselleira de Infraestruturas, no que di que Galicia está nos primeiros postos en canto ao orzado por Fomento, obviando outros datos como o vergoñento nivel de execución dos últimos anos, que, como dicíamos, está arredor do 50 % e que nos despraza aos últimos postos en canto a investimento real.

En todo caso, entendemos necesaria a iniciativa do PSdeG, por iso a imos apoiar, pero presentamos unha emenda, porque En Marea entende que existen unhas discrepancias concretas na realización dalgunhas obras, como pode ser a A-57, que é unha autoestrada proxectada por Fomento, que transcorrerá paralela á AP-9, cun custo superior aos 1.200 millóns de euros, un custo superior ao que suporía rescatar a AP-9.

O goberno do partido imputado de Galicia está camuflando a súa intención de construír unha autovía paralela á AP-9, cruzando Galicia de norte a sur. Despois sofren o perigo dun novo *dumping* de financiamento, e eses casos illados dos cales sempre se avergoñan, pero que vostedes saberán.

O que está claro é que esta nova vía, que o ministro de Fomento anuncia como tramos soltos, suporá unha evidente duplicidade no tránsito entre o norte e o sur de Galicia, significará un novo buraco das contas públicas. E nesta situación a AP-9 converterase nunha autopista deficitaria, e o Estado estará obrigado a rescatala, co que Galicia contará con dúas vías de alta capacidade a escasos 5 quilómetros unha da outra e un déficit viario no interior do país, que non poderá ser solucionado polos custos da mala planificación, e sen sentido de facer obras que non responden ás necesidades reais da cidadanía. Soaralles iso das radiais madrileñas, que despois tivemos que rescatar cos cartos de todas.

Por iso, e para finalizar, a proposta de En Marea pasa por unha xestión pública e galega da AP-9, a liberalización da autoestrada para que sexa gratuíta, rescatando a súa concesión e converténdoa no eixe central das comunicacións por estrada do país. Este rescate é unha alternativa a un novo pelotazo coas infraestruturas do Partido Popular imputado, un rescate que, ademais de significar un aforro económico á xestión dos recursos públicos, atendería tamén as necesidades de comunicación e de vertebrar Galiza.

Entón, polo tanto, se facemos unha estimación dos custos da construción da autovía A-57, roldarían os 1.200 millóns, e tendo en conta o custo medio das autovías, segundo o Ministerio de Fomento, de 6,9 millóns de euros por quilómetro construído, pois etas cifras permitirían o rescate da actual AP-9, porque sería un montante practicamente idéntico ao da construción da A-57.

Entón, polo tanto, se o Grupo Socialista acepta a nosa emenda, o Grupo de En Marea apoiará esta iniciativa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Boas tardes.

Grazas, señor presidente.

Señora Pierres, alégrome, a verdade, alégrome moito de que lles gustara a vostedes a intervención da conselleira de Infraestruturas no pasado pleno, porque isto, precisamente, é o que se deduce da moción que trae hoxe aquí.

Na súa moción falan hoxe de incluír as actuacións na planificación do Ministerio de Fomento, xa non no PIC —Plan extraordinario de investimentos—, que era o que traían na interpelación. Isto foi, exactamente, o que veu dicir a conselleira, que xa se tiña solicitadas e se ían seguir solicitando do Ministerio de Fomento obras por máis de 600 millóns de euros, que inclúen as que vostedes listan nesta moción.

A conselleira sinalou que o Plan de investimentos do Estado, do Goberno de España, é unha aposta pola colaboración público-privada para unhas obras de determinadas características, que imos intentar, evidentemente, aproveitar para as obras que cumpran estas características, pero o que é verdadeiramente importante é priorizar cales destas obras —e, sobre todo, se non están incluídas aí— si se recollan na vía orzamentaria.

Estes 600 millóns de euros son as demandas que cremos que, por respecto institucional, debe ser o propio ministerio o que decida por que vía financia estas obras. O que si que nos preocupa é que estean, e que quede claro que imos seguir demandando todas estas obras que inclúe na emenda.

Pero o que si que cremos é que ten que decidir o Ministerio de Fomento como se financian, pero, sobre todo, o que lle pedimos —xa está acadado o compromiso— é que non utilicen o sistema socialista, é dicir, que non utilicen o sistema de pagar as obras cargando as peaxes, como acabamos de ver recentemente na ponte de Rande, ou na circunvalación de Santiago, deses acordos do ministro de Fomento, o señor Blanco. Iso é o único que lle pedimos, que non repercuta nas peaxes como fixo o señor Blanco. Por todo o demais, que sexa o ministerio o que decida.

Así que me gustaría —evidentemente eu creo que temos, tamén, que priorizar— priorizar, e cremos que tamén ese trazado entre Vigo e O Porriño é dos prioritarios, non vai faltar o tramo da A-74 na Mariña lucense, nin a A-52, pero a min estráñame —e permítame, señora Santos— a súa emenda. Por unha parte, evidentemente, din na liña que xa está levando enormes críticas na zona de Pontevedra, que están en contra desta A-57 na circunvalación de Pontevedra, e supoño que o señor Bará comentará algo posteriormente.

Pero, en calquera caso, teña vostede coidado, non lle pase o mesmo que lle pasou ao seu compañeiro deputado en Madrid da provincia de Ourense cando pedía retirar os fondos dos

orzamentos da A-76, que tamén está aquí, na autovía de Ponferrada a Ourense, naquela lexislatura de catro meses, porque con estes plantexamentos o que conseguiu foi non conseguir a acta de deputado nas elección seguintes, e quedou fóra.

Teña coidado, señora Santos, non lle pase a vostede o mesmo coa A-57.

Nós imos seguir con esas defensas dos intereses de Pontevedra, pero o que imos seguir pedindo son a A-57 e a A-76. ¿Por que só con criterios medioambientais só para A-76? Será para todas, señora Santos, ou, ¿só temos que ter os criterios ambientais para a A-76?

Imos seguir demandando, que é o que lle preocupa á señora Pierres, estas infraestruturas, todas elas con criterios ambientais, pero cremos que hai que pedir prazos racionais e realizables, non arreglamos nada pedindo cousas que non se poden acadar, ou en prazos que non se poden acadar.

E miren, quero recordar —temos que facelo sempre— que é verdade que temos moitas demandas, pero que Galicia segue sendo unha das comunidades autónomas que mellor trata o Partido Popular en cuestión de investimentos. Cuarta comunidade neta e segunda per cápita en investimentos do Ministerio de Fomento. Son datos que sei que non gustan escoitar, pero, por favor, non comparen cifras netas, como fixo na interpelación de orzamentos, que eran as triplas das que temos agora coas actuais.

En calquera caso, cremos que hai posibilidades de chegar a acordo. Nós intentarémolo, temos pouco tempo ata a votación, pero na medida do posible, como espírito, cremos que é similar, que hai que seguir demandando estas infraestruturas e que se poidan licitar canto antes mellor, e esperamos chegar a un acordo co Grupo Socialista se acepta transaccionar a nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A verdade é que ao BNG non lle convence moito nin a letra nin a música deste Plan extraordinario de investimentos en estradas, o PIC, que en galego sería o PIE. Primeiro, porque entendemos que é unha resposta ás críticas da patronal e das grandes construtoras polo desplome na licitación de obra pública, que ten fundamentalmente dúas causas: a baixada drástica dos orzamentos do Ministerio de Fomento e, en segundo lugar, a baixa execución, como xa temos posto en evidencia aquí en numerosas ocasións.

É un plan á medida das grandes construtoras, que ademais —vímolo— aplaudiron con entusiasmo na presentación pública deste PIC/PIE. Alí estaban ACS, FCC, Globalvia, Ferrovial, OHL, Sacyr... Eu non sei se lles soan estes nomes, que están de actualidade non tanto pola

súa actividade construtiva como por outro tipo de actividades menos construtivas, e menos éticas e menos edificantes. Non sei se lles soan.

E polo tipo de contratos e polo sistema de financiamento estas van ser as grandes beneficiarias, e isto en prexuízo e incremento da fenda que xa existe en canto á adxudicación de obra pública en Galiza con respecto a empresas galegas, que ao final as pequenas e medianas empresas galegas o que quedan é coas migallas, e os traballadores e traballadoras con esas condicións laborais que xa tamén temos visto nas obras da ponte de Rande.

Non nos soa ben a letra e esa argumentación, por exemplo, do PIC/PIE que fala de que no Estado español para defender este plan o 90 % dos desprazamentos de transporte de viaxeiros e o 93 % do transporte de mercadorías se fan por estrada. E este é, precisamente, o problema, a gran preponderancia do transporte por estrada, tanto do transporte de viaxeiros como no transporte de mercadorías. É un modelo insostible —xa falamos deste tema pola mañá— e hai que cambiar as prioridades, hai que apostar polo ferrocarril, hai que apostar, tamén, pola mellora das redes de estradas convencionais e por unha mobilidade sustentábel, saudábel e segura.

E isto non quere dicir que o BNG non defenda os investimentos en grandes infraestruturas. E algúns —como é o caso da A-57, na chamada circunvalación de Pontevedra— o BNG témolos defendido contra vento e marea. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque, claro, (*Murmurios.*) —vento e marea, si— non se pode pretender pedir que a N-550, ao seu paso por Vilaboia, por Salcedo, deixe de ter 20.000 vehículos/día cos índices de sinistralidade e mortalidade —houbo recentemente un atropelo dun ciclista— e non buscar alternativas para que ese tráfico poida ir por unha circunvalación.

Xa temos discrepancias con respecto a outras infraestruturas. Por exemplo, parécenos unha barbaridade que se plantexen —e o señor Pazos ao mellor está de acordo comigo— a A-57 e a A-59 como dúas autovías gratuítas en paralelo que saen de Pontevedra e de Vilaboia en dirección a Vigo e a Pontearreas. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, xa sei que non está de acordo. Pero explique... (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero no Concello de Redondela votou, precisamente o Partido Popular, tamén en contra destas dúas alternativas, que son absolutamente un despropósito, un dispendio e unha desfeita; non ten sentido que teñamos a AP-9, que teñamos a A-57 e que teñamos A-59, as tres en paralelo. Desde logo, hai que buscar outra solución.

Esta proposta tamén desafina en canto ao sistema de financiamento, que para nós ten moitos riscos, que está pensado para que sexa un gran negocio da banca e que vai ter altos custos para o Estado, porque o Estado vai que ter que pagar en trinta anos 10.500 millóns de euros. E isto ten moito que ver tamén co financiamento público-privado dos hospitais, é o que vimos no caso de Vigo. O Ministerio de Fomento vai ter que pagar 350 millóns ao ano, é dicir, o 20 % dos seus orzamentos en canon para o mantemento destas infraestruturas.

E tamén soa rara a letra e, sobre todo, os números en canto á creación de emprego. Porque, claro, aquí o papel aguántao todo: 189.200 postos de traballo vai crear este PIC. En todo caso, se se fan outro tipo de obras —e con investimento de todo o Estado— tamén se crearían moitos postos de traballo, xa por non falar do retorno fiscal.

Polo tanto, non nos convence esta proposta. Nós pensamos que hai que conseguir unha maior execución dos orzamentos do Estado en Galiza. Hai que recuperar eses 3.000 millóns de euros que se deixaron de executar en cinco anos. Hai que converter esas actuacións en prioritarias por parte do Estado a través dos seus propios orzamentos e non a través destes plans de dúbida eficacia. E, desde logo, o que defendemos aquí —xa o fixemos no pleno— é que haxa un plan especial de investimentos en infraestruturas en Galiza dotado con 4.000 millóns de euros, que compense todo ese diñeiro que se deixou de investir, e que permita facer investimentos no ferrocarril, nas estradas, nas autovías, e tamén en portos e aeroportos.

Non nos convence a música, non nos convence a letra, non nos convence a partitura e tam-pouco nos convence a orquestra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo autor da moción, señora Pierres. *(Murmurios.)*

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas presidente.

Señor Fernández, cos datos que nos facilita eu non sei se está vostede no mesmo campo de xogo que nós, porque eses datos dos que nos fala non os vemos reflectidos nos investimentos galegos, e xa nos contará onde están.

E non me fale, por favor, da ponte de Rande, ¡prégollo! Porque vostede, coma min, sabe o que significa un final de obra, *(Aplausos.)* e soamente hai que coller a autovía..., *(Aplausos.)* soamente hai que coller a autoestrada a Vigo para ver como está esa ponte. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E faga o favor de non tocar ese tema, porque é un tema bastante sensible para moitos vigueses e pontevedreses. *(Murmurios.)* Podemos falar do final de obra, se quere, outro día.

E vou ser moi breve posicionándome sobre as emendas presentadas. Ben, entendo que, en xeral, hai un sentimento compartido, e neste caso polos grupos do PP e de En Marea con certos matices, e que imos tratar un pouco de chegar... No noso caso, mostramos toda a disposición para tratar de chegar a un acordo.

E sentimos, de verdade, o non apoio e a falta de sintonía, de melodía, que enmarcaba o señor Bará de apoio a esta moción. Aínda que nós —insistimos— si lle abrimos a porta a que se poida facer unha votación por puntos na que se poidan posicionar, polo menos, para apoiar que algunhas das estradas poidan ser incluídas.

E o Grupo de En Marea unicamente contempla a ponte de financiamento das partidas dos orzamentos xerais do Estado. A nosa posición —antes xa argumentada, penso— segue sendo que se traballe en ambas vías, pero que en ningún caso se peche a vía do Plan extraordinario de estradas, porque consideramos —e insisto— que a función da Xunta de Galicia é insistir e presionar ata o último momento. De non facelo sería unha irresponsabilidade para coas galegas e cos galegos.

A nosa autonomía non está para deixar que outros o fagan por ela, porque con esas estratexias xa se demostrou que nin Corredor Atlántico de mercadorías, nin laboratorio de bivalvos, nin tantas outras cousas. Alegrámonos de que, polo menos, neste punto o Partido Popular coincida con nós e que vaia aprendendo.

Por outra banda, as discrepancias do Grupo de En Marea parecen estar tamén nas estradas que entenden que se deben incluír ou ben neste Plan de investimentos ou afrontalas a nivel orzamentos do Estado. Piden a paralización da licitación da A-57, e, por outra banda —isto non sei se foi un erro ou é unha intención—, non inclúen o tramo da A-59, que conectaría coa A-57 e transcorrería dende Vilaboa ata Peinador. Nós si consideramos que ambos tramos son imprescindibles, pero, en todo caso, abrimos esa posibilidade de facer votación por puntos e dentro da iniciativa.

E tamén o Partido Popular, realmente, na súa emenda non contemplaba a A-59 e transmítenos que foi un erro, e entón pasaríase a incluír. En todo caso, dende este grupo amosamos a nosa disposición para aclarar cos voceiros e voceiras as obras a incluír, en todo caso aquelas sobre as que existan discrepancias.

Xa para finalizar, agardamos que en vindeiras ocasións o Partido Popular, como responsable do Goberno da nosa autonomía, faga un bo exercicio de condución de país e non agarde a que os grupos da oposición o adiantemos pola esquerda. Este tipo de iniciativas non son máis que unha constatación de que a defensa de Galicia que fai o Partido Popular non está a ser todo o firme que debera. Métannos no campo de xogo e, por unha vez, que non sexa Galicia a que sempre queda no banquillo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Señora Pierres, ¿necesita un tempo para...? *(A señora Pierres López pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Prodúcese unha pausa durante uns minutos para tratar de alcanzar un acordo.)

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Ben, parece ser que hai acordo. Como dixo a señora Pierres, en termos de fútbol: hai partido. E hoxe hai un moi importante, ademais.

Votamos. Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Imos votar xa. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Xoaquín Fernández Leiceaga.

Había pendente unha transacción. Se nola le ou se nola comenta, por favor.

Déanlle voz ao escano do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, hai unha transacción que xa coñecen os grupos, e por petición dos distintos grupos votariamos, se é posible, os puntos 2 e 3 xuntos, e logo os puntos 4, 5, 6 e 7.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, ¿o 2 e o 3 xuntos?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Os 4, 5, 6 e 7 xuntos, e o resto.

O señor PRESIDENTE: Pero en dous bloques, primeiro o... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Correcto. Tres bloques. Imos alá.

Entón comezamos votando os puntos 2 e 3 desta transacción. Votamos.

Votación do texto transaccionado dos puntos 2 e 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 45; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 4, 5, 6 e 7. Votamos.

Votación do texto transaccionado dos puntos 4, 5, 6 e 7 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; votos en contra, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico, agás os puntos 2, 3, 4, 5, 6 e 7.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 6; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Quinteiro.

Votación da Moción do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e remate dos procesos de concentración parcelaria que se están a levar a cabo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María Luisa Pierres.

Estaba pendente unha transacción. ¿Pódea ler?

A señora PIERRES LÓPEZ: Si.

Cambiaría na primeira parte. Previo á descrición das vías, diría: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a continuar demandando ao Ministerio de Fomento que a través do Plan extraordinario de investimento de estradas posto en marcha polo mesmo nos anos 2018 ou 2019, ou ben pola vía orzamentaria, se efectúe a licitación das obras nas autovías seguintes».

Aceptamos unha votación por puntos das autovías a incluír, e serían: as tres primeiras formarían un punto 1, as dúas seguintes un punto 2 e a última formarían, en si mesma, un punto 3.

O señor PRESIDENTE: Ou sexa, son os tres primeiros puntos xuntos...

A señora PIERRES LÓPEZ: Correcto.

O señor PRESIDENTE: ¿E despois serían os puntos 4 e 5 ou son apartados?

A señora PIERRES LÓPEZ: O 4 e o 5 nun punto 2, agrupados...

O señor PRESIDENTE: O 4 e o 5 nun segundo bloque.

A señora PIERRES LÓPEZ: E a última sería un punto 3.

O señor PRESIDENTE: O outro, o resto dos puntos.

A señora PIERRES LÓPEZ: Correcto.

O señor PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar, os puntos 1, 2 e 3 desta moción. Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PIERRES LÓPEZ: Efectivamente, solicítase unha votación por puntos na que se inclúa o texto inicial co primeiro punto. Vai incluído no primeiro punto.

O señor PRESIDENTE: Ben, entendín eu iso xa, que se incorporaba o que vostede lía, pero, pese a todo, iso formaba parte dos puntos 1, 2 e 3 e dos puntos 4 e 5, e despois o resto de puntos.

A señora PIERRES LÓPEZ: Claro.

O señor PRESIDENTE: ¿Non, señora Pierres? ¿É así como dixen eu? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PIERRES LÓPEZ: O texto introdutorio é un punto en si mesmo, tamén, e despois vótanse os...

O señor PRESIDENTE: Entón votamos o texto introdutorio por separado.

A señora PIERRES LÓPEZ: Correcto.

O señor PRESIDENTE: Votemos o texto introdutorio. Votamos.

Votación do texto transaccionado do punto introdutorio da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto introdutorio.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos por puntos como antes. Votamos os puntos 1, 2 e 3. Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non compliquemos agora, imos votar e votamos o 1, 2 e 3.

Votación do texto transaccionado dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de

Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 4 e 5. Votamos.

Votación do texto transaccionado dos puntos 4 e 5 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 13; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o resto de puntos ou de apartados, que é así como está. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019, agás os puntos introdutorio, 1, 2, 3, 4 e 5.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto 3 da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«Recuperar as xerencias de Atención Primaria, para contribuír á coordinación entre Atención Primaria e Atención Especializada, co fin de optimizar a eficiencia da atención ás e aos pacientes polimedicados e crónicos.»

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«Estudar a ampliación de competencias para os profesionais de Atención Primaria, avaliando a posibilidade de aumentar as posibilidades de solicitude de probas diagnósticas, a prescrición de medicamentos innovadores e outras funcións que poidan mellorar o servizo.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«Aumentar os cadros de persoal e fomentar a estabilización, para facilitar unha labor máis eficiente e máis áxil na atención ás e aos pacientes polimedicados e crónicos.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha un Plan de Mellora de Atención Primaria, que prime de xeito especial a recuperación e dotación de persoal, e que destine ao mesmo a dotación orzamentaria precisa para acadar os seus obxectivos.»)

(O G. P. de En Marea, a través da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos:

<<- Solicitar ao SERGAS a eliminación dos criterios económicos nos acordos de xestión co persoal facultativo.

- Abrir un diálogo co persoal profesional médico, farmacéutico e representantes sindicais, coa finalidade de deseñar un modelo de control do gasto farmacéutico que non interfira na saúde das e dos doentes.

- Restituír o acceso aos fármacos retirados do catálogo de prestacións.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados, e boa tarde a todos os que nos están escoitando desde a tribuna.

Traemos hoxe esta iniciativa ao pleno que solicita a ampliación do programa de mellora da calidade de atención ao paciente crónico polimedicado, que está funcionando en Galicia dende o ano 2011. E dende o Grupo Popular consideramos a ampliación un tema importante por varios motivos.

En primeiro lugar, polos resultados obtidos reflectidos no informe que foi presentado no Consello da Xunta do 1 de febreiro pasado, que nos parece que repercute moi positivamente sobre a saúde dos galegos e das galegas. En concreto, sobre a saúde de 69.528 pacientes como mínimo que eran os que estaban incluídos neste programa en outubro de 2017. E, en segundo lugar, polas características demográficas tanto presentes como futuras da poboación galega.

Nas últimas décadas estamos asistindo a un envellecemento progresivo das poboacións. Estímase que na Unión Europea a porcentaxe de persoas maiores de sesenta e cinco anos pasará do 16 % no ano 2000 ao 27 % no ano 2050. Unha das consecuencias inmediatas deste envellecemento é o rápido aumento de pacientes con múltiples enfermidades crónicas e o aumento do uso dos medicamentos. Esta situación é particularmente importante en Galicia, xa que presenta unha poboación máis envellecida e con maior prevalencia de enfermidades crónicas que a media nacional.

O 24,5 % da poboación galega corresponde a persoas maiores de sesenta e cinco anos, sendo as provincias de Ourense e Lugo con 30,9 % e 28,7 %, respectivamente, as máis envellecidas, reflectindo hoxe en día a realidade que se estima para Europa no ano 2050. Este envellecemento, como dicía, asóciase, ademais, cun aumento da cronicidade e da polimedicación.

Aínda que as definicións de polimedicación son moi variadas e moitas, en xeral, e en termos cualitativos, o feito de tomar dunha maneira crónica máis medicamentos dos clinicamente

apropiados que a literatura adoita fixar en 5 ou 6 medicamentos, pero independentemente da definición que teñamos en conta, no que existe un amplo consenso é na probabilidade de atopar medicamentos innecesarios ou problemas relacionados coa medicación, que aumenta significativamente co número de medicamentos prescritos. A polimedicación ten importantes implicacións non só na eficacia terapéutica, senón tamén na propia seguridade do paciente. Diversos estudos relaciónana coa falta de adherencia, coa maior probabilidade de sufrir reaccións adversas e interaccións medicamentosas, co risco de hospitalización, de sufrir caídas no caso dos anciáns, ademais de aumentar a morbilidade e a mortalidade.

En Galicia no ano 2011 o número de pacientes con máis de 15 medicamentos, segundo constaba na historia clínica do Ianus, era de 9.500, o que poñía de manifesto a necesidade de iniciar algún tipo de actuacións a este respecto. E nese mesmo ano é cando se inicia o programa co obxectivo de mellorar a calidade asistencial e a prestación farmacéutica.

Os datos aos que me refería inicialmente, presentados no informe no Consello do 1 de febreiro, dan por sentado que grazas a este programa, e grazas á súa posta en marcha, o número de pacientes con máis de 15 medicamentos se reduce nun 20,72 %, os pacientes con máis de 12 medicamentos nun 9,38 % e os pacientes con máis de 10 medicamentos nun 3,59 %. Co beneficio, por descontado, que isto supón para todos eses pacientes.

Ademais, outro dos parámetros estudados foi a adecuación da medicación ao programa, que detectou un 30 % dos pacientes con prescricións potencialmente inadecuadas e un 7,6 % de pacientes con falta dalgunha prescrición necesaria no paciente e non realizada.

Polo tanto, á vista só destes datos, parécenos un programa con suficiente envergadura, dende o punto de vista da seguridade do paciente e da seguridade, á fin e ao cabo, dos galegos e das galegas e de todos nós, como para instar a Xunta a continuar con el, ampliálo e melloralo no posible.

A maiores dos datos deste estudo, sabemos que as transicións asistenciais, é dicir, o cambio dun nivel asistencial a outro, colocan o paciente tamén nunha situación de risco de sufrir erros na medicación. Os estudos publicados poñen de manifesto que nun 50 % dos pacientes ingresados en hospitais neles se producen discrepancias de medicamentos entre a medicación que tomaba o paciente antes do ingreso e a prescrición hospitalaria, que é o que chamamos «erros na conciliación». Ademais, cando as prescricións son dentro do propio hospital, poden producirse taxas de discrepancias lixeiramente máis altas, e no momento da alta hospitalaria obsérvanse en polo menos o 40 % dos pacientes.

Un dos problemas de seguridade máis habituais é a falta de información precisa e completa sobre os medicamentos que toma o paciente nas transicións entre os distintos niveis de asistencia. Isto dános unha idea da importancia de levar a cabo unha revisión sistemática e periódica da medicación neste tipo de pacientes.

Como dicíamos, revisión sistemática, que sexa sempre da mesma maneira, e periódica, porque ao ser xente maior poden aparecer novos problemas de saúde, o que leva consigo a incorporación de novos medicamentos.

Polo tanto, pareceríanos interesante a elaboración dun protocolo para esta revisión sistemática e periódica, que paliaría en parte o problema da conciliación, que, como dicíamos, coloca un paciente nunha situación de risco tanto no proceso da alta hospitalaria como no tránsito asistencial.

Baseándonos na cultura da seguridade no uso do medicamento e tendo en conta que en Galicia, a maior envellecemento, maior probabilidade de comorbilidades, e, ao haber unha maior morbilidade, aumentan as patoloxías, e, ao aumentar as patoloxías, aumenta o uso de medicamentos, polo tanto, tamén resultaría acaído o estudo dos pacientes susceptibles de presentar problemas de seguridade, establecendo a poboación diana, non só polo número de medicamentos, como ata o de agora, senón os que teñan prescritos medicamentos que poidan dar lugar a problemas de seguridade e erros da medicación.

Polo tanto, e xa para rematar, poñer en marcha estratexias que melloren a organización e a xestión do programa, a formación dos profesionais e a implicación de novos profesionais no ámbito da atención primaria, da atención hospitalaria e os farmacéuticos de oficina de farmacia, para darlles a continuidade asistencial que requiren este tipo de pacientes.

Entendemos que a ampliación e mellora na atención farmacolóxica aos pacientes crónicos e polimedicados en Galicia conseguiría mellorar a calidade e a seguridade asistencial, así como un uso máis responsable da prestación farmacéutica.

Esperando que conte co seu apoio, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A verdade, señora Rodríguez-Vispo, é que é difícil non estar de acordo coa xustificación desta iniciativa, tendo en conta que, por exemplo, en Estados Unidos a causa de morte por mal uso do medicamento é a terceira. Digo en Estados Unidos porque aquí non temos ese dato, como en moitas cuestións non hai estudos; hai moitos argumentos a favor de racionalizar a estratexia de non sumar sen control os medicamentos para distintas doenzas, fundamentalmente para as persoas idosas.

En xeral, dende logo ao BNG parécenos ben actuar sobre as persoas polimedicadas ou sobre os indicadores de seguranza, pois normalmente son os indicados polas sociedades científicas, o que supón que queira facerse agora incluír revisións de doentes. En principio, actuábase sobre os que tiñan máis de quince, logo de dez, agora quérese actuarse sobre os que teñan máis de cinco.

A verdade é que o protocolo está máis ou menos regrado, pois o persoal farmacéutico de atención primaria fai un informe que lles chega aos médicos de familia, ao persoal de enfermería, que revisan os doentes nese uso de medicamentos e establecen cales son os recomendables e aconsellables de suspender.

Realmente, o que si xa resulta un pouco *botafumeiros* —por usar a terminoloxía ao uso— é a parte resolutiva da iniciativa. Primeiro, que fale dun programa que xa lles foi remitido aos profesionais a finais do mes de febreiro; entón, tráeno vostedes aquí cando polo menos a unha parte dos profesionais xa lle foi remitido o programa; entón, tráeno aquí supoño que para acadar un titular.

E logo falan da posta en marcha de estratexias de xestión. Non sabemos que tipo de estratexias de mellora da formación dos profesionais, a que se van referir, en que vai consistir esa mellora, da implicación dun maior número —non sabemos de cantos, de onde— para darlle continuidade asistencial a ese tipo de doentes; non sabemos que mellora asistencial.

Dende logo, preocúpanos, porque unha das principais obxeccións que lle temos que facer é que o principal problema da desprescrición é que se necesita tempo para facer esa desprescrición, é dicir, para ver cales son eses fármacos que ou están usándose de máis ou están mal interaccionados ou deben deixar de usarse.

E isto está recollido na literatura médica. É difícil, precísanse habilidades comunicativas considerables, facer ver a un doente que o medicamento que leva moitos anos tomando pois agora xa non é aconsellable, que deixe de tomalo, e para iso necesítase ter tempo para falar cos doentes, para explicarlles que un medicamento que lle foi prescrito por un ou unha especialista non é necesario ou non é aconsellable que o tome —tamén é necesario dedicarlle tempo—, que lle pode crear un problema, e necesítase tempo.

A política da Consellería é readaptar programas de crónicos sen imaxinar que a súa implementación require que os motivos das consultas cada vez son máis complexos, con máis tarefas informáticas, organizativas, e sen redimensionar os recursos de persoal —minto: redimensionándoos á baixa—; é dicir, todo isto é sen redimensionar, redimensionando á baixa os efectivos de persoal. Entón, a nós pareceríanos ben todo isto se fora parello cunha adecuación das políticas de persoal.

Por iso, o BNG presenta unha emenda que é ben sinxela, e é unha emenda na que o que dicimos é que o Parlamento de Galicia —é de engádega— inste o Goberno galego a poñer en marcha un plan de mellora de atención primaria que prime de xeito especial a recuperación e a dotación de persoal, que destine ao mesmo a dotación orzamentaria precisa para acadar os seus obxectivos.

É dicir, fagamos o que vostedes din de atención aos doentes polimedicados, pero destinemos os recursos persoais necesarios para poder facelo. O resto son brindes ao sol, señora deputada. O resto son brindes ao sol, porque está demostrado que a menos tempo por doente máis prescrición de medicamentos. Iso díxo calquera que dea un paseo. E xa podemos ir a que a maioría da prescrición a fan os especialistas e logo quen se ten que encargar de desprescribir, quen se ten que encargar de facer esa readaptación dos polimedicados ten que ser atención primaria, que é quen realmente pode facer ese control...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...ese labor de seguimento, de realmente saber cal é a auténtica situación dos doentes, atención primaria, pero, sen recursos realmente axeitados, non é posible facelo.

Eu, dende logo, agardo que, se realmente queren facer algo máis que sacar un titular —vexo que o resto das emendas, tanto do Partido Socialista como de En Marea, van na mesma dirección—, atendan as emendas que presentamos se realmente queren facer algo máis á parte de facer *un bonito*.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Dende o noso grupo consideramos esta iniciativa interesante no plantexamento, no tema que afronta os pacientes polimedicados, basicamente sobre a atención á cronicidade, realmente que é o eixo de fondo que está detrás desta iniciativa, e especialmente en Galicia, que é un territorio que, evidentemente, como todos podemos intuír perfectamente, especialmente afectado pola cronicidade, que, ademais, é un dos problemas que en todos os foros e en todos os estamentos se está analizando como un dos grandes retos, polo alto volume de persoas que acoden á sanidade pública con problemas asociados a enfermidades crónicas, polo investimento que evidentemente necesita e pola necesidade de optimizar o sistema.

Dende o noso punto de vista, precisamos facer unha análise un pouco máis profunda, un pouco máis precisa do que fai a iniciativa, que consideramos que é un pouco laxa e que ademais incorre, dende o noso punto de vista tamén, nun dos erros habituais das iniciativas nos eidos de sanidade neste Parlamento, e é que chegan aquí despois de ser accións que xa o Goberno está a facer, e, polo tanto, utilízase isto máis ben como unha rolda de prensa que como unha iniciativa a debate; e, polo tanto, cremos que é unha utilización perversa do Parlamento.

Neste sentido, dende a nosa análise o que nós plantexamos son cuestións tan sinxelas como entender que, se debemos de traballar especialmente sobre a cronicidade, pensemos quen o fai. Fano os profesionais. Especialmente, no noso punto de vista hai que reforzar a atención primaria, e aí van as nosas emendas.

Pero, ademais, tendo en conta tamén e aproveitando que dende a Consellería se contesta aos medios de comunicación sobre cousas de persoal que non se contesta no Parlamento —para mostra, esta fin de semana—, plantexámonos algunhas preguntas.

Primeiro, o desmantelamento habitual que estamos sufrindo e que temos debatido constantemente na Comisión 5^a, de Sanidade, sobre o desmantelamento da atención primaria, especialmente nos eidos do rural, onde se están utilizando como criterios ratios que teñen que ver basicamente con entidades sobre todo urbanas e periurbanas.

Ademais, plantexámonos, se vemos os datos de persoal, en que áreas normalmente tenden a ser afectadas as persoas con enfermidades crónicas. Cardioloxía, temos menor ratio de cardiólogos que na media española; saúde mental, menor ratio de profesionais que na media española. Digamos que estes son espellos onde debemos de mirarnos para saber realmente cal é a nosa análise, e a análise que debemos de utilizar basicamente é saber se realmente o sistema está funcionando ben no seu conxunto, non só no programa, que obviamente tamén, senón no seu conxunto.

Dende o noso punto de vista, eses problemas que vimos coñecendo como a porcentaxe tan elevada de pacientes que non teñen a dedicación axeitada para a súa enfermidade débese fundamentalmente a que o sistema está agora mesmo saturado, porque ten un menor número de profesionais e unha desorganización por parte da súa xestión que lle impide acceder correctamente ás necesidades dos pacientes. E, polo tanto, cremos que por aí hai que traballar.

Dende o noso punto de vista, dado que a iniciativa, como dicimos, ou unicamente o que lemos, é que traballa sobre «ampliar» e «mellorar», que son conceptos moi interesantes, pero cremos que é necesario concretar realmente que significa, aportamos algunhas ideas, porque cremos que fundamentalmente debe ser atendida a atención primaria. Evidentemente, poderíamos facer unha análise máis profunda sobre a necesidade da atención hospitalaria no debate da cronicidade, pero a atención primaria ten un carácter elemental, e por iso aí, a ese territorio, van as nosas emendas.

As tres emendas de engádega van neste sentido. En primeiro lugar, recuperar as xerencias. ¿Por que? Porque a necesidade das xerencias é obvia se un comproba basicamente que a atención primaria está tendo un problema porque non está coordinándose correctamente coa atención hospitalaria, porque nós plantexamos que é un problema de coordinación e non unha realidade de imposición, como ata agora. Hoxe en día non temos unha atención primaria coordinada coa atención hospitalaria, temos unha atención primaria subsumida e, ademais, sendo imposta pola atención hospitalaria, e cremos que ese non é o modelo.

En segundo lugar, por unha cuestión de competencias. Eu non quero lembrar especialmente —pero non me queda moito máis que facelo— a defensa que fixemos os socialistas da retirada do Real decreto de prescrición de enfermería, que contou co voto en contra do Partido Popular e que ademais en Madrid contou co voto en contra practicamente de todas as forzas políticas e agora mesmo o recoñecemento de que ese real decreto era necesario modificalo. Grazas por acudir ás nosas propostas, aínda que teñan que facelo de maneira un pouco sutil para non recoñecer que nalgún momento se equivocaron. Pero temos iniciativas presentadas —e algunhas témolas debatido— sobre ampliar as competencias profesionais de atención primaria, que teñen unha gran formación, medicamentos innovadores, novas probas diagnósticas. A iso diriximos unha das nosas emendas.

E, ademais, a ampliación de cadros de persoal. Como dicíamos, esta fin de semana comprobamos que os medios de comunicación conseguen datos —e alegrámonos de que sexa así— que non conseguimos dende a oposición pedíndoos aquí. Ás veces pedimos algo tan subversivo como datos e informes; maldita oposición, que pide datos e informes.

En todo caso, nós o que pretendemos é concretar, porque, se non, queda todo nun brindado ao sol, e xa o dicía Heráclito: os ollos son testemuñas máis exactos que os oídos. Así que cremos que é o momento de concretar. E, polo tanto, o tema é moi importante, cremos que é unha boa iniciativa traer este tema a debate, o debate é moi importante, e o que nós precisamos coas emendas é saber se realmente queda nun brindado ao sol ou queda nun compromiso real, e iso teremos a oportunidade de velo se se aceptan as emendas ou non, e saberemos a resposta a esa pregunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, hoxe estamos aquí escoitando a preocupación que di manifestar o Partido Popular pola polimedicación e o seu impacto na saúde, e non obstante nós consideramos que lle fai un fraco favor ao debate do obxecto da redución do consumo de fármacos que son prescindibles se a visión é parcial ou se o debate se fragmenta, como nos parece nesta iniciativa.

Non é que non esteamos de acordo nese control, parécenos imprescindible, e de feito chámamos bastante a atención que, facendo gala en moitas ocasións das bondades do Ianus e da receita electrónica, pero fundamentalmente do sistema informático que soporta as historias clínicas, non exista ou existan eses problemas que vostede describiu en canto á transición das prescricións farmacéuticas, esa dificultade cando un doente pasa da atención especializada á primaria e viceversa, ou á hospitalización, porque entendemos que con esas ferramentas debería existir un control máis axeitado. A verdade é que é preocupante que isto se estea a dar así.

E nós consideramos que o debate debe enmarcarse no contexto global e non só na fragmentación desa parte que ten que ver coa prescrición en canto ao abuso dos fármacos, incremento dos fármacos; se non, parece que é un condicionante que depende soamente dos profesionais prescricores, e non sempre é así.

Efectivamente, trasladaban os outros grupos da oposición a relación coa situación da atención primaria. Eu estou moi de acordo, e nós centramos a emenda que plantexamos noutros aspectos, e nós consideramos ademais que este debate é moi relevante, non só no que ten que ver coa polimedicación, senón coa totalidade do gasto farmacéutico, a totalidade da política en farmacia do Goberno, e que daría para un pleno enteiro, e ten moito que ver co debate que demos hai apenas un par de horas, con relación ao financiamento público e como se financian os servizos sanitarios e o gasto que se está a facer en farmacia, que crece cada ano.

O que nos parece a nós, señorías, é que a prescrición non se pode remitir simplemente a un criterio económico e, polo tanto, illar o tema de como se están prescribindo os medicamentos

sen falar de como se está condicionando os profesionais médicos neste caso —tamén o falaba o voceiro do PSdeG—, do que ten que ver coa prescrición de enfermería, que seguimos co mesmo problema e sen desenrolar, pero neste caso con esa negociación deses criterios económicos nos acordos de xestión co persoal facultativo. E nós pedimos nesta emenda de adición que se eliminen ese tipo de criterios. Nós consideramos que os indicadores que se utilicen para avaliar a prescrición teñen que estar en relación cos conceptos clínicos, cos criterios clínicos e de saúde, e non dende logo con criterios puramente económicos.

Coincidimos na necesidade de controlar o gasto, porque, ademais —témolo repetido en múltiples ocasións—, é un gasto que se multiplica en moitas ocasións de maneira bastante preocupante e que ocupa o orzamento en materia de saúde. Non obstante, condicionar a nómina dos profesionais médicos se receitan menos a que se lles pague un plus, e que tamén se vincule aos tramos etarios, non nos parece a mellor opción para o control da saúde. É dicir, tendo en conta que o aspecto económico é moi relevante, entendemos que o máis relevante, aínda que a prescrición sexa correcta, é que se hai nese sentido fármacos que sendo xenéricos ou máis baratos fan o mesmo efecto se prescriban, pero tamén que exista o control para que se poidan dar aqueles que non teñan outra posibilidade alternativa no caso de que sexan necesarios. E dicímolo porque realmente unha medida puramente orientada ao aspecto económico non garante que o que se estea é a fomentar a mellora da prescrición.

E, polo tanto, pedimos que se retiren eses criterios económicos nos acordos de xestión e que se abra o diálogo para adoptar uns criterios, un modelo de control que efectivamente axude no que ten que ver co financiamento do sistema e no que ten que ver co gasto en farmacia, pero que oriente a un criterio, un indicador relacionado con aspectos clínicos.

E, evidentemente, ¡claro!, tamén que se restitúa o acceso aos fármacos retirados do catálogo de prestacións, porque nos parece de xustiza e consideramos que falar de maneira independente do que é a prescrición e a polimedicación sen falar da totalidade dos fármacos que saíron e dese repago, que nós non esquecemos que entrou en vigor co Real decreto 16/2012, e que a día de hoxe segue supondo unha barreira económica para as persoas doentes, ten que estar sobre a mesa, e en contra do que se plantexou por parte desa ministra de Sanidade, máis preocupada de introducir os dirixentes das empresas como Metronic —que, por certo, seguimos agardando a que a Xunta de Galicia nos facilite os contratos con Metronic—, de colocar os directivos de Metronic dentro do seu corpo directivo do Ministerio. Entendemos que, máis alá desas inventivas da ministra de hai un ano de reforma dese sistema de repago, hai que dar un debate total sobre o financiamento público do sistema sanitario, do complexa que é a...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...prescrición farmacéutica e do gasto que esta supón.

Polo tanto, pedimos, por favor, que se asuman estas propostas e que non se parcialice un debate que é bastante complexo e que vai máis alá da polimedicación.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

Lamento as intervencións dalgúns dos grupos parlamentarios, porque non sei se eu non me expliquei correctamente na miña primeira intervención, que o vou facer de novo.

Dicirlle, señora Prado, que por suposto que nos Estados Unidos é a terceira causa de morte a polimedicación, un problema suficientemente importante, e por iso nós dende aquí pedimos que se amplíe ese programa. O programa foi presentado aos profesionais, pero nós pedimos que se fagan dúas cousas novas que non están contempladas en principio nese programa, que é o que vimos presentar hoxe nesta iniciativa.

É certo, señora Solla, que polos sistemas informáticos, precisamente o Ianus e a receita electrónica, por eles é porque a Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade se enterou do que está a pasar no ano 2011 e anos sucesivos, da polimedicación e dos problemas que había nos tránsitos asistenciais na comunidade galega, que, por certo, non é exclusivo da comunidade galega, senón de toda España e de todo o mundo. Pero nós queremos solucionar este problema, porque para nós si que é moi importante a saúde de todas esas persoas, que á fin e ao cabo é a saúde dos nosos maiores.

Señor Torrado, precisamente o que lle dicía, probablemente non me expliquei ben, cando vos tede fala de que concretemos, pois a concreción é, primeiro, un protocolo de revisión e seguridade periódica dos medicamentos que están a tomar estes pacientes; en segundo lugar, que da poboación diana, da que se falaba primeiro polo número de medicamentos —quinze, dez e cinco—, agora se teñan en conta os pacientes que teñen prescrito algún medicamento de risco.

Respecto das emendas, paréceme que, cando algo funciona ben, para vostedes, cando algo está sendo exitoso polo Goberno, ou cando hai evidencias de que as políticas que fai a Xunta de Galicia melloran a asistencia sanitaria, pois vostedes o ignoran. E digo isto porque nas emendas que presentan non propoñen ningunha mellora concreta para o plan de polimedicados, pasan a outros temas. Vostedes mesmos os explicaron: cadros de persoal de primaria, condicións laborais dos profesionais, gasto farmacéutico, o incremento de petición de probas diagnósticas por parte dos profesionais, que todos, sen dúbida, son temas importantes, non o discutimos, e todos, sen dúbida, teñen aspectos que hai que mellorar, pero non é do que estamos a falar neste momento.

Polo tanto, eu teño que entender que, sobre o tema concreto desta iniciativa, ou vostedes pensan que non hai nada que mellorar, cousa coa que non concordamos, porque nós pedimos que se amplíe e se mellore, e estamos promovendo o seu avance, dándolle máis difusión e implicando máis profesionais, ou vostedes —que sería moitísimo máis triste— pensan que a saúde destes pacientes non é un tema importante.

Esperando, aínda así, que reflexionen e apoiem esta iniciativa, máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero, así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Como un pulpo nun garaxe, así foi como se sentiu hai dous anos unha nena chamada Marta na súa clase de nenos e nenas de 7 anos de idade. Un día de Entroido todos os nenos decidiron libremente disfrazarse de superheroes e todas as nenas de princesas, todas menos unha, Marta, que quixo ser pulpo, un orgulloso e convencido pulpo e que tivo que explicar non por que ía de pulpo, senón por que non ía de princesa, como as demais.

En soamente 7 anos os estereotipos de xénero tiñan xa calado no 95 % das nenas e nenos desta aula, nunha aula onde a docente tiña realizado formacións e prácticas en igualdade e en coeducación. ¿E por que ocorreu isto? ¿Que impide que a educación en igualdade frutifique correctamente? Pois as continuas contradicións. O mundo no que vivimos está cheo de continuas contradicións e as nosas nenas e nenos conviven con elas dende ben pequenos. Na aula pódeseles dicir que as cores non teñen sexo, pero o mundo Disney transmítelles que as princesas son rosas e os principiños azuis. Na aula pódeseles dicir que o seu esforzo e méritos merecen do mesmo recoñecemento, pero o mundo ensínalles que, mentres que Rafa Nadal xoga ao tenis e cobra unha morea de cartos porque é un máquina e porque ten un talento que non se pode desperdiciar, Vero Boquete xoga ao fútbol porque lle deu por aí e se divirte co que fai.

Coherencia. Nun mundo incoherente dificilmente se pode pretender a igualdade de trato de mulleres e homes, e a reprodución dos estereotipos de xénero, e tamén os interxeracionais, véñense dando dende as máis curtas idades, e por moito que se trate de atallar nun dos subsistemas, nada conseguiremos sen intervir en todos os que inflúen e condicionan a formación das persoas.

Familia, escola e sociedade teñen que afrontar o reto da igualdade e da educación en valores indo da man e actuando en coherencia coa transmisión en valores que se lles demanda. Non facelo deste modo, coordinadamente, é como pretender eliminar unha planta arrincando soamente as ramas pero esquecendo cortar as raíces.

Non obviemos, ademais, que as familias depositan nos centros educativos moita da responsabilidade desa formación, non só da adquisición de coñecementos, senón do desenrolo das habilidades sociais, da convivencia en igualdade, da educación en valores.

Finlandia, obxectivo 2020, as asignaturas deixarán de existir, o coñecemento será impartido en formato multidisciplinar. España, obxectivo 2018, ¿que obxectivo? Se algo me ten ofrecido a miña experiencia profesional, é a constatación de que a xente limita de forma inconsciente os seus soños. Cando contratan unha vivenda, consideran que esta só pode ser como as demais, asumindo como punto de partida este factor. E fano así porque entenden que, se a maioría fai as cousas dun modo, será porque é o mellor modo.

Soñar, idear e impulsar, ese verbo que tanto lle gusta a este goberno. Non se muda o que non se cre sequera que poida ser mudado. Permitamos aos nenos e nenas que se imaxinen como iguais nun futuro, mudemos para ben o seu contorno de relación, non lles falemos de igualdade se logo nos espazos de convivencia dos centros esta non se pode levar a cabo e a propia arquitectura e materialización dos espazos e os mobiliarios urbanos impiden e dificultan a posta en práctica de relacións entre iguais.

Estamos non só a falar de que sexa propicio na relación entre nenos e nenas, senón tamén entre os menores de distintas idades e diferentes culturas. Estamos falando, por tanto, da importancia de que un plan de usos e un mellor contorno contribúan a evitar situacións de potenciación das desigualdades de xénero, de situacións de *bullying* ou de discriminación.

Porque a radiografía dos patios escolares é claramente machista e de abuso de poder. Os nenos soen ocupar a parte central do mesmo, no que se dá protagonismo ao deporte rei, o fútbol, como actividade estrela, mentres que nas beiras e rincóns é frecuente que estean as nenas. O resultado é que os nenos, os máis maiores e os máis fortes, dominan o espazo.

Sobre esta realidade levan tempo chamando a atención colectivos de urbanistas con perspectiva de xénero, que desde hai algúns anos fan un traballo conxunto con colexios e institucións de toda España para darlle a volta á disposición do patio; cuestión que pon de manifesto que o urbanismo non é nin neutro nin casual, senón que reproduce as desigualdades cunha clara xerarquía de sexo e idade. Dominan os nenos e os máis maiores sobre as nenas e os máis pequenos.

Polas experiencias xa desenroladas constátase que, ademais, os investimentos son mínimos, moitas veces resoltos cun simple repintado dos chans, novos firmes, inclusión de pequenos equipamentos deportivos, materiais didácticos ou mobiliario urbano.

O Parlamento de Galicia aprobou este ano en comisión unha iniciativa presentada polo Grupo Socialista para impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico. E cremos que o ámbito escolar, por ser un dos que primeiramente inflúe na formación, e por ser o espazo idóneo para mellorar as relacións interxénero, interxeracionais e interculturais dende a infancia, o que merece é ser tomado como a primeira e máis urxente actuación en materia de perspectiva de xénero; proposición que vén emular a que xa se ten posto en marcha noutras comunidades autónomas e que pretende complementar

o programa de convivencia dos centros educativos de Galicia, porque son moitos os centros galegos que teñen carencias importantes na configuración dos seus patios escolares, precisando cambios na súa configuración física que permitan a posta en práctica dos plans de usos que se implanten en cada centro.

Pero esta decisión acarrea investimentos e planificación, á que entendemos que debe contribuír a Xunta de Galicia, non só con diagnose do estado actual, senón cunha guía que axude a tomar as mellores decisións para os centros, porque non ter considerados os patios como un espazo educativo máis do centro provoca que se desenrolen unhas capacidades que chocan con todos os obxectivos que plantexa o currículo de educación infantil.

Por todo isto é imprescindible que dende a Xunta de Galicia se impulse, materialice e financie un plan de adecuación dos patios dos centros educativos e que se faga mediante a realización dun estudo previo que analice as posibles obras de adecuación dos patios, novos firmes, sectorizacións, plans de xestión de uso, equipamentos deportivos e mobiliario urbano e que sirva para establecer unha orde de prioridades das obras entre os diferentes centros dependentes da Administración autonómica.

Ben é certo que a Administración autonómica deu algúns pasos coa Estratexia para a convivencia escolar en Galicia 2015-2020 e o Programa educonvives.gal. No informe de convivencia conclúese, precisamente, que o alumnado percibe a maior frecuencia de conflitos de convivencia nos espazos de recreo. E nas orientacións para a posta en marcha dos plans de convivencia dos centros que cada un ten que pór en marcha inclúese soamente, como exemplo de actuación no anexo V, de medidas que afectan a organización, unha mención á mellora das zonas de xogos; algo que consideramos que reflicte perfectamente como se incidiu e potenciou moito a resolución de conflitos e a detección dos mesmos, o que consideramos que é en si un paso adiante, pero deixando de lado a importancia do contorno no que se rodean os nenos como base fundamental para desenrolar os plans educativos, así como a linguaxe implícita en elementos como poden ser os trazados das pistas ou a situación estratéxica de mobiliarios nos espazos.

Por iso, cremos que a implicación da Administración debe ser moito maior, contribuíndo con orzamento e coa redacción dun protocolo a modo de guía de xestión dos usos dos patios con perspectiva de xénero, e incluíndo en todos os proxectos de nova creación de centros escolares, así como naqueles privados concertados, a necesidade de introducir a perspectiva de xénero na configuración e uso dos patios escolares.

Agardando que todos os grupos poidan apoiar esta iniciativa, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Desde o BNG imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista. Parécenos moi interesante, parécenos moi acaída, porque aborda o sistema educativo e os espazos educativos —como dicía agora a señora Pierres— máis alá da propia aula, e transcende, ademais, a propia impartición das materias e concibe a escola como un axente de socialización con capacidade para transformar a sociedade, que é como nós analizamos sempre o ensino en todos os seus niveis, desde o BNG.

Cremos que ese proceso de transformación social é o que necesitamos neste país, no conxunto da sociedade galega e no conxunto da humanidade, para erradicar condutas, hábitos e comportamentos machistas e discriminatorios ou desiguais nun sentido amplo —tamén o dicía a señora Pierres—, máis alá das cuestións de xénero.

Imos apoiar, ademais, esta iniciativa porque vai encamiñada a cumprir co disposto na lexislación vixente, porque ás veces nos parece que son iniciativas extraídas ou sacadas da ocorrencia de calquera grupo, pero non é verdade —dicíao a señora Pierres na súa intervención a respecto da Estratexia de convivencia—. Tamén coa propia Lei de igualdade do ano 2004, no artigo 9, que fala da garantía da coeducación no noso territorio, ou co artigo 21 da Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, que fala de proxectos educativos e curriculares con perspectiva de xénero nos centros, non só no referido aos contidos do propio currículo, senón tamén ás actitudes dentro dos espazos educativos. E cremos, ademais, que esa xestión dos espazos comúns, dos espazos de recreo onde se desenvolven tamén as crianzas, onde aprenden, onde socializan, onde medran, dos que fala a propia exposición de motivos, onde o alumnado pasa máis de 500 horas ao ano, deben abranguer todas as políticas e accións tamén en materia de coeducación.

Tamén é verdade que desde o BNG criamos, cremos, que se verdadeiramente desde Galiza queremos desenvolver un ensino coeducativo non discriminatorio o primeiro que hai que facer —e non cansaremos de repetilo neste Parlamento— é acabar co financiamento público dos centros de ensino do Opus Dei que segregan o alumnado por razón de sexo. (*Aplausos.*) Que nin un só euro público saído das traballadoras e dos traballadores deste país, que nin un só euro do erario público vaia parar a centros educativos que discriminan, que reproducen roles e estereotipos machistas. Ese sería o primeiro chanzo para avanzar.

Alén diso, parécenos —dicíao ao comezo tamén— moi interesante, moi necesario e mesmo prioritario a redacción do protocolo do que falaba a señora Pierres, que se propón, ademais, como punto segundo, encamiñado a deseñar eses modelos de xestión dos patios con perspectivas de xénero. Non é algo novo. Hai experiencias moi interesantes no marco do Estado español. Concretamente, desde o ano 2014 en Euskadi comezou a implantarse nun primeiro momento en entre 150-155 centros de ensino, onde se deseñou —ademais de maneira participativa co conxunto da comunidade educativa, co alumnado, co profesorado, con profesionais da pedagogía e tamén coas propias familias— un modelo de xestión deses espazos que vaia encamiñado a romper ese rol e eses estereotipos machistas, que, como xa se expli-

caba por parte da portavoz do Partido Socialista, acaban reproducindo o machismo entre as xeracións máis novas, entre as crianzas.

Coincidimos en que haberá que facer un estudo e avaliar a posibilidade de acometer esas obras, mais tamén cremos que se pode e que ademais se debe comezar a actuar xa e de maneira inmediata sobre os espazos existentes. É dicir, que unha cousa non impida a outra; que a elaboración dese estudo ou as obras que se poidan desenvolver a medio e longo prazo non nos impidan comezar a traballar con orzamento, por suposto, neses espazos existentes. E aquí abro unha paréntese porque moitas veces concibimos os deportes coma se de maneira natural ou intrínseca o propio deporte fose excluínte ou fose discriminatorio, e non é así. É que en realidade é unha sociedade patriarcal e machista na que, por exemplo —tamén se falaba antes—, o fútbol feminino non existe, está absolutamente invisibilizado, e iso fai que as mozas nin sequera o valoren como unha posibilidade. Ou existe dunha lexislación que, por exemplo, impón dimensións máximas actualmente en vigor, dimensións máximas á equipación feminina, por exemplo, no vóley, ou, por exemplo, no balonmán. No caso do balonmán-praia —non sei se o lembran— houbera no ano 2014 unha polémica moi forte porque a federación española quixo excluír os equipos vascos por usar unha equipación «masculina» —e póño entre aspas—. Obriga esa lexislación actualmente en vigor a que a vestimenta das mulleres deixe —abro aspas— «o estómago ao aire» —pecho aspas— «e no bikini non teña na parte máis ancha máis dez centímetros». O balonmán non é machista nin discriminatorio, o que é discriminatoria é unha sociedade que mantén e permite que unha lexislación actualmente en vigor obrigue a que non poidas levar unha vestimenta que ocupe máis de dez centímetros na parte de abaixo. *(Aplausos.)*

E insisto —xa non me queda máis tempo, xa estou fóra—, en realidade, imos apoiala, párecenos moi interesante. O propio Plan de igualdade 2016-2020 para os centros de ensino contempla nos seus obxectivos, precisamente, poñer á disposición dos centros recursos, estratexias metodolóxicas e materiais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...encamiñados —xa remato— a crear espazos e tempos de convivencia e sobre todo a xerar nos tempos de convivencia non estruturados, como son os recreos, outras dinámicas. E contempla —poden lelo, téñeno á súa disposición, evidentemente— un conxunto de medidas que non se están a cumprir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...entre outras, que se poñan en común experiencias que xa se están desenvolvendo a día de hoxe no ensino público.

Orgullosa absolutamente, comparto, igual que a portavoz —xa remato—, ese pulpo orgulloso no medio de moitas princesas. Hai un proxecto en Pontevedra que leva funcionando moi ben en primaria e en secundaria, moitos anos, que debería ser estendido a todos os centros de ensino do país, como é «Namorando», precisamente para deconstruír...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...ese mito da media laranxa que nos segue atormentando aínda a día de hoxe. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Hoxe, é evidente, dende o Grupo Parlamentario de En Marea estamos centrando a ollada na igualdade; ese valor fundamental que debería interpelarnos a todas as que estamos nesta Cámara, hoxe e cada día, por suposto, pero máxime nesta semana que auguramos histórica para o feminismo, histórica para todas as mulleres. Serán cada vez máis, miles, milleiros, as que non van calar nunca máis ante a inxustiza. E se fóra hai tantas mulleres bravas que non van calar, ¿que diría de nós se aquí dentro mantiveramos silencio?

Nós pensamos que ante o recorte de liberdades tampouco cabe o silencio, nin ante o encarceramento de rapeiros, nin ante a posible condena a manifestantes como Emilio Cao, tampouco ante o secuestro xudicial de libros incómodos para o Partido Popular. Estamos aquí para defender valores como a verdade, como a igualdade, a xustiza e, por suposto, como a liberdade. (*Aplausos.*) Non estamos dispostas a esquecelo. (*Aplausos.*)

E por iso queriamos lembrar esas verbas que se demostraron tan perigosas, que veñen de demostrarse tan perigosas: «O coche, tal e como o descubriría a investigación anos despois, estaba a nome de Alfredo Bea Gondar, alcalde do Grove, afiliado ao Partido Popular, outro máis, e procesado en 2001 por un alixo de dúas toneladas de cocaína. (*Aplausos.*) Seica había neve». (*Aplausos.*) *Fariña*, un libro, ¡menuda arma! ¡Que medo lles dá a algúns que se saiba a verdade do que aconteceu neste país que precisan os tribunais traballando para eles!

E ben, entrando en materia, por suposto —segundo *en fariña*—, dende de En Marea imos apoiar a proposición non de lei do Grupo Socialista. E ímola apoiar porque, como defendemos aquí moitas veces, cremos na importancia capital da escola como un lugar fundamental para reforzar a loita pola igualdade. Nese senso, compartimos totalmente a necesidade de reformular o espazo de recreo para convertelo nun lugar que axude nesa tarefa urxente da igualdade. De feito, esta mesma é unha proposta que forma parte da proposición non de lei que o noso propio grupo presentará aquí mañá cunha batería de medidas variadas de como podemos facer das escolas un espazo máis comprometido coa igualdade. Polo tanto, agardamos que esta proposición, señora Pierres, teña o máximo dos éxitos.

Non cansaremos de repetilo: do mesmo xeito que se aprende o machismo, a igualdade tamén se pode aprender; a igualdade para iso tamén se debe fomentar e ensinar. Non é, por suposto, un debate novo —xa o dixemos tamén aquí moitas veces—, hai moitos estudos que demostran a importancia de loitar contra a desigualdade dende as primeiras etapas educativas. E, neste senso, centrar agora a mirada máis aló das aulas, nos patios de recreo, resulta un paso

fundamental, pois é este un espazo no que se dan as primeiras relacións entre nenas e nenos e no que, tal e como apunta un informe realizado pola fundación Jaume Bofill, as nenas e nenos botan de media 525 horas ao ano xuntos, que non é pouco; 525 horas de ocio, de xogos e, por suposto, de socialización con persoas do sexo contrario; 525 horas que, polo tanto, poderían e deberían ser aproveitadas tamén como un espazo educativo no que nenas e nenos aprenderan a relacionarse en igualade. A potencialidade, polo tanto, deste espazo e deste tempo é enorme.

Pero non é isto o que acontece a día de hoxe, basta botar unha ollada a calquera patio educativo para, como aquí se dixo, poder constatar a desigualdade primixenia no que á ocupación do espazo se refire. O patio, o centro do patio, é sempre dos nenos para xogar ao fútbol. Pensade en calquera patio que coñezades; lembrade os patios nos que xogamos estou segura de que todas as deputadas deste Parlamento —e seguro que, lamentablemente, serán tamén así os patios nos que xogan as nosas fillas—, de nós depende de que non sigan a ser así. A división do espazo ten a ver, por suposto, coa propia división do poder. Isto é o relevante porque os poderosos están sempre no centro, están no centro das reunións, están no centro dos parlamentos, están tamén no centro dos patios do recreo. De nós depende que as nenas entendan que o centro do patrio tamén é para elas.

Por iso, fronte a esta realidade, os patios coeducativos supoñen, máis alá desa mellora física do patio como un espazo de xogo, transformar as relacións de xénero que se perpetúan na nosa sociedade e que se reflicten dende a infancia. Unha vez que asumimos que o patio de recreo pode ser un espazo de aprendizaxe, poderemos intervir no mesmo para asegurar un acceso igualitario de todas as nenas e os nenos.

Falamos dun paso máis na coeducación, que, como dicíamos, non debe quedar unicamente nas aulas; un paso máis para poñer en valor as nenas, de xeito que todos os espazos da escola estean pensados tamén para elas. Por iso reivindicamos que a Administración educativa poña enriba da mesa plans que axuden a revertir as situacións que denunciámos ata o de agora, plans que nos axuden a combater o machismo en todos os eidos, porque defendemos un ensino público de calidade, laico e, por suposto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...feminista, e por iso tamén iremos á folga o vindeiros xoves. Por iso, a folga feminista do 8 de marzo vai ser tamén unha folga estudantil, porque a educación é chave para eliminar estereotipos machistas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ...e combater o patriarcado —xa remato—; chave, en definitiva, para mudar o mundo, e niso andamos, non é por outra cousa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Antes de comezar, señora Chao, un inciso. Como vostede decidiu dedicar parte importante do seu tempo a falar doutra cousa, creo que a traizoou o subconsciente cando falou de que había grupos políticos que querían utilizar a xustiza ao seu servizo. Queda moi claro de que fontes e de que sistemas políticos beben vostedes, precisamente dos que utilizan a xustiza ao seu servizo e non cren na separación de poderes. *(Aplausos.)* Nós, desde logo, temos moi claro cal é o papel da xustiza e moi claro cal é o papel da política e das cámaras lexislativas.

Señora Pierres, resulta chamativo. Eu anotei unha frase coa que coincido plenamente, esa na que dixo vostede que familia, escola e sociedade teñen que ir da man na educación. Coincido plenamente con esa afirmación, pero resulta chamativo que vostede faga esa afirmación aquí, hoxe, o día que o Partido Socialista se levanta do Pacto pola educación no Congreso dos Deputados. O día que vostedes deciden como grupo político romper con calquera vía de consenso e de pacto na educación veñen aquí falar de que familia, escola e sociedade teñen que ir da man. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E, ademais, ademais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Efectivamente, orzamento, cartos, ese é o argumento que pon o Partido Socialista enriba da mesa. Di que non se poñen recursos para implementar medidas do pacto educativo. Todos saben como hai que poñer recursos nas políticas públicas: a través do orzamento. O partido que di que non apoia o orzamento di que hai que poñer máis recursos; a lóxica socialista. *(Aplausos.)* Esa é a lóxica do Partido Socialista.

Pero, miren, eu creo que estamos aquí para falar, estamos agora para falar da proposición non de lei que debatemos hoxe sobre a adecuación dos patios dos centros educativos para convertelos en espazos coeducativos.

Nós, dende o Grupo Popular, consideramos que non se pode dubidar de que o sistema educativo galego é un sistema que aposta decididamente pola coeducación e que ademais se caracteriza por ser un sistema educativo profundamente igualitario. A coeducación e a igualdade son dous dos piares básicos sobre os que se sustenta toda a acción da Consellería, e son, polo tanto, obxectivos específicos no deseño das políticas educativas en Galicia.

E para poñer esta realidade de manifesto basta con revisar o marco lexislativo vixente e observar as medidas que o Goberno galego ten implementado para completar un marco lexislativo de ámbito nacional que, en materia concreta de espazos de lecer no ámbito educativo, resulta a todas luces escaso. Niso podemos coincidir.

Como vostedes saben, a normativa en materia de patios escolares recóllese no Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria; un real decreto elaborado por un goberno socialista e que se centra exclusivamente nas dimensións dos patios, pero que nada di sobre o deseño, os usos ou a convivencia nestes espazos.

Obviamente, ante esa ausencia no marco lexislativo estatal e tendo presente que, como dicía antes, a coeducación e a igualdade son liñas fulcrais no deseño das políticas públicas educativas en Galicia, o Goberno da Xunta optou por dotarse de ferramentas propias como a Estratexia galega de convivencia escolar, que, xunto co Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, constitúen o marco autonómico de actuacións en materia de igualdade e coeducación.

Estou certo de que todos vostedes coñecen á perfección a Estratexia galega de convivencia escolar, polo que saben perfectamente que un dos eixos básicos desta estratexia é precisamente a planificación e a xestión activa de espazos de tránsito e lecer. Estamos a falar, obviamente, dos patios dos recreos, pero tamén da planificación e xestión activa da convivencia noutros espazos: entradas e saídas, comedores, transporte, etc.

Todos coincidimos na apreciación de que na infancia o xogo é unha das actividades esenciais para o desenvolvemento integral e harmónico das persoas, e, por extensión, tal e como ten sinalado a antropoloxía filosófica ao longo da historia, o xogo é un dos escenarios básicos nos que se desenvolve e configura unha identidade cultural e unha sociedade. Tendo isto presente, parece obvio que concordamos na importancia dos espazos de lecer como espazos de aprendizaxe nos que impulsar unha educación vivencial e inclusiva como un recurso máis dos que posúe o centro, e esa é a liña que defende este grupo parlamentario e na que traballa o Goberno galego. Calquera dos múltiples estudos que existen a día de hoxe en materia de deseño e usos dos patios escolares sinala que a intervención nestes ámbitos debe partir dun diagnóstico sobre a situación concreta de cada centro escolar no que participe toda a comunidade educativa para, a partir dese diagnóstico, elaborar unha serie de propostas de intervención individualizadas para a realidade escolar, social e económica de cada centro, garantindo dese xeito unha intervención individualizada e conforme as necesidades de cada caso concreto.

Pois ben, esta é a metodoloxía seguida polo Goberno galego para elaborar a Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020. Elaborouse unha diagnose da convivencia escolar en Galicia que, con carácter censal, supuxo o procesado de 200.000 cuestionarios válidos e que permitiu, a partir de todos os datos procesados, que cada centro educativo recibise o seu informe individualizado de modo confidencial e automatizado para a elaboración do seu propio plan de convivencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...—remato, presidente— e a posta en marcha das medidas necesarias para a mellora da súa situación particular.

En definitiva, somos perfectamente conscientes da importancia de todos os espazos de socialización como ferramentas para traballar a prol da igualdade e da convivencia. Por iso, apoiamos as estratexias e medidas que ten implementado o Goberno galego para avanzar nesta liña e que, como podemos ver, dan os seus froitos.

Dende o Grupo Popular consideramos que o Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia e a Estratexia galega da convivencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...ofrecen un marco efectivo e claro de actuación e resposta á cuestión que vostedes plantexan na súa proposición non de lei, polo que non entendemos, polo tanto, necesario o desenvolvemento dun novo plan específico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...en materia de patios escolares.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor Fernández, hoxe, que estou eu moi futbolística, vostede de balóns fóra sabe un rato largo, ¿non? (*Risos.*) (*Aplausos.*) O que non son contas, son contos, e o que queremos é un 5 % do orzamento. Iso é o que quere o Partido Socialista. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

En todo caso, deámoslle valor ao que ten valor. Agradecemos o apoio do resto dos grupos porque cremos que talvez este sexa un tema que de por si non fose arranxar o problema das desigualdades entre nenos e nenas, nin as discriminacións nin os abusos de poder, certo. Ningunha medida ou acción é en si mesma definitiva, pero é, en todo caso, unha cuestión máis que axudaría a que o camiño fose menos pedregoso e que situaría a Galicia nunha situación exemplar nas políticas educativas. Sentimos de verdade o non apoio do Grupo do Partido Popular. Aínda así, teñen tempo para reconsiderar a súa postura.

En todo caso, nós non poñemos en dúbida que se deran pasos —antes comenteino—, pero estes son tímidos e escasos e, como dicíamos antes, con moitísimas contradicións.

O plan de actuación nos centros escolares que coordina a Xunta de Galicia queda moitas veces no papel e a maior parte das medidas non chegan a ser postas en marcha. Eu convídoos a que vaia a moitos dos centros educativos de Galicia e a que atope eses maravillosos resultados dos que vostede fai gala, porque isto non é así. E cando se proxectou esta iniciativa e se falou con moitos directores de centros, a moitos lles custaba incluso recoñecer eses plans de xestión e eses plans de convivencia dos centros.

Polo tanto, isto ocorre fundamentalmente porque os propios educadores vense saturados de responsabilidades, e de nada serven os protocolos e os plans de convivencia se logo non se poñen en práctica.

As cuestións dos patios educativos precisan de axuda por parte da Administración para guiar os docentes e para aportarlles claves, basicamente porque a formación a están recibindo

agora, e é moi cedo para que se vexan froitos de ningún tipo. Tiñamos que pór o acelerador, e mentres o profesorado e os corpos docentes se forman en igualdade, a Xunta tería que facer o seu labor e poñer o telón de fondo no axeitado para que as estratexias educativas puidesen pórse en marcha.

Repito, eran obras e son obras de moi baixo orzamento, pero que, sen dúbida, precisan, por un lado, da necesaria dispoñibilidade para poñelas en práctica e que quede patente que non hai e, polo outro lado, do imprescindible orzamento que facilitase a súa execución. 525 horas son as horas que o informe e os patios das escolas, os espazos de oportunidades educativas, calculan que o alumnado pasa ao ano neste espazo.

E nós tamén —e xa para rematar— aquí pasamos moitas horas, homes e mulleres. E, señor Fernández —dicíao antes—, contradicións e incoherencias, analicen as súas incoherencias. Neste propio patio, nesta Cámara, as mulleres socialistas intervimos nun 40 % das ocasións; as súas mulleres, as mulleres do Partido Popular, nun 23 % das ocasións. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: Revisen as súas propias incoherencias e contradicións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Alvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar o primeiro parágrafo da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«Que non se autorice o proxecto de explotación mineiro San Rafael, situado nos concellos de Touro e O Pino nº 2946, sen antes asegurarse de que carece de efectos negativos para o medio ambiente e resulte compatible coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos

naturais deste sistema fluvial e coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Este pasado domingo, 25 de febreiro, varios miles de persoas manifestáronse dun xeito contundente contra o proxecto de megaminería previsto nos concellos de Touro e O Pino; un proxecto que está en tramitación nestes dous concellos. A intención é seguir explotando un xacemento abandonado no ano 1986 e engadir xacementos colindantes. Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 679 hectáreas. Só o 30 % deste proxecto corresponde a terreos afectados por unha explotación anterior e o 70 % corresponde a novas afectacións.

A pesar da empresa tentar minimizar e ocultar as verdadeiras dimensións do plan de explotación, non é unha reapertura, non é unha reactivación, pois, da mina existente. Os propios datos do proxecto presentado mostran que son, como dicía, 689 hectáreas, só 197 pertencen a antiga explotación, 492 son masas forestais e terreo agrario. A maioría da superficie que ocuparía a mina son na actualidade a base produtiva de moitas explotacións gandeiras.

Sen ir máis lonxe, nos últimos días, froito das intensas chuvias, producíronse novos vertidos. Digo novos porque se levan producido vertidos sistematicamente durante anos, a pesar de estar teoricamente abandonada a explotación, o que supón unha continua ameaza para a saúde das persoas.

No proceso para separar o cobre das rochas previamente moídas contéplase o uso de diversos compostos químicos con distinto grao de perigosidade para as persoas e o medio, que quedan indefinidamente almacenados nos denominados depósitos de estériles: substancias irritantes, alerxénicas, nocivas para as persoas, sospeitosas de causar cancro, nocivas para os organismos acuáticos, con efectos a longo prazo e non facilmente biodegradables. Balsas de almacenamento de estériles que Cobre San Rafael denomina depósitos estancos, que traballan en circuitos pechados e que, segundo a empresa, garantiría o cen por cento da ausencia de calquera saída ao exterior. Desde logo, o nivel de credibilidade é absolutamente ningún.

Este proxecto está presentado por unha transnacional da minería participada con fondos de investimento con capital voitre. Estamos falando dun obxectivo claramente especulativo, de sacar moitos beneficios en pouco tempo e furtar impostos. Un proxecto cun elevadísimo impacto negativo, tanto ambiental como de saúde e económico. Minería a ceo aberto, consistente en furar toneladas de terreo, coller o mineral, tirar o resto do material, sacar o cobre mediante un proceso químico, e levalo fóra sen nin sequera ser transformado en Galiza.

Estou facendo unha exposición somera, veu varias veces aquí, a este Parlamento, é de todos e de todas de sobra coñecido. O proceso é tremendamente lesivo para a ubicación territorial

onde está instalado e onde se pretende instalar a ampliación. Todo este proxecto vai verter á conca do río Ulla; un río que verque directamente na ría de Arousa. Por iso teñen saltado todas as alarmas na ría de Arousa, polo temor ás gravísimas consecuencias ambientais e no tecido socioeconómico dunha ría tremendamente rica, cunha altísima dependencia do mar, da actividade pesqueira, da actividade acuícola e da actividade marisqueira; actividades fundamentais para a ría, da que viven miles de familias; actividade moi intensa en man de obra, directa e indirecta.

Na economía galega, calcúlase que son 14 postos de traballo os que se xeran por cada millón de euros investidos. No caso da pesca, calcúlase que son 21,7 en traballos directos, e 3,9 indirectos. Fixa poboación, están insertos na economía, crean tecido na economía e dan perspectiva de futuro para as novas xeracións, e isto é algo importantísimo, e tense manifestado como tremendamente estable diante das crises económicas. Calculouse que no tecido socioeconómico da ría de Arousa o impacto da ría nos concellos vai desde o 10% ao 20 % do PIB, dependendo dos concellos. Estamos falando, polo tanto, dunha realidade socioproductiva moi potente, e non só a nivel de emprego, senón para miles de familias que viven na ría de Arousa do mar.

Eu non teño ningún pudor en afirmar que a ría de Arousa é o centro de gravidade da pesca e do marisqueo a nivel de Galiza. Ten uns valores naturais oficialmente recoñecidos, un contorno singular de biodiversidade, un ecosistema moi potente, unha realidade socioproductiva moi entrelazada cunha realidade natural, cunha calidade das augas, coa biodiversidade, cunhas características que ten na actualidade a ría. É dicir, que sería unha auténtica bomba de relojería a aprobación deste macroproxecto mineiro, de levarse a cabo.

Se o Partido Popular non fai nada por evitar o proxecto megamineiro que está en fase de tramitación, será cómplice e consentidor dunha empresa depredadora na vez de aliado das xentes da ría. A esta mesma hora están reunidas as xentes do mar e as xentes da plataforma contrarias á mina de Touro e O Pino, na ría de Arousa, en Vilagarcía, e a inmensa magnitude de verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas do Ulla e, polo tanto, do conxunto da ría, da que viven directamente 30.000 familias, e xa expuxen os datos das que viven dun xeito indirecto.

Por iso, presentamos esta proposición non de lei, na que o que pedimos é instar a Consellería do Mar a que realice todas as actuacións precisas para que non se autorice o proxecto de explotación mineira San Rafael, situado nos concellos de Touro e O Pino, polos efectos negativos para o medio e incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da conca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, e en concreto coas áreas de produción de moluscos e bivalvos. E tamén demandamos que se proceda á eliminación dos focos de contaminación de metais pesados da antiga mina para, como mínimo, asegurar que esta explotación non comprometa a calidade ambiental do río Ulla e da ría de Arousa.

Non estamos a falar de futuribles, estamos a falar de que as balsas de lodos son un auténtico risco na actualidade. Temos exemplos de balsas que rompen todos os anos en diferentes

partes do mundo e que rompen en Galiza. Podemos falar da balsa de Carballo, que rompeu e contaminou tres quilómetros ao seu paso. Podemos falar da balsa de Santiso, podemos falar de Aznalcóllar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...podemos falar non de quimeras, senón de riscos potenciais, de riscos reais. Podemos falar de que hai que escoller entre a riqueza existente en Galiza, nos concellos de Touro e O Pino, pero temos que falar da riqueza augas abaixo e temos que falar da riqueza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señora Prado, ten despois outro tuno.

A señora PRADO CORES: ...real da ría de Arousa.

Por iso traemos esta iniciativa, que o que pide é que escollamos entre a riqueza do noso país ou a riqueza especulativa dunha empresa depredadora.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: É moi sinxelo, escoller entre un país rico ou entre a riqueza dunha empresa depredadora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, eu continuo aprendendo do Partido Popular. Esta mañá asistín absolutamente sorprendido á afirmación dun voceiro do partido Popular sobre que os deputados deste Parlamento nos sentabamos nunha poltrona. E inexplicablemente os deputados do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...aplaudiron. Xa sei que non era a min a quen se referían, sei perfectamente iso. Desde logo, os da esquerda sentámonos en escanos, nos que somos elixidos polos cidadáns, e ademais vimos comidos da casa. Vimos comidos da casa. (*Aplausos.*)

A palabra poltrona, que ten unha connotación absolutamente negativa, o único que fai é desprestixiar a política, que é o obxectivo político da dereita aquí e no resto de Europa. Esa é a cuestión.

Non estamos, señora Prado, dispostos a facer unha causa xeral contra a minería de Galicia, aínda que compartimos boa parte da súa intervención.

Na parte resolutiva da súa intervención —e nese sentido vai a nosa emenda— preguntariamos que non se autorice nunca, se se cumpre a lei. Unha lei que, desde logo, o Grupo Socialista —insisto— reivindica, que probablemente ten xa dez anos, que probablemente é necesario actualizar e é necesario ir incrementando progresivamente as exixencias medioambientais que temos que facer fronte a esas empresas mineiras; de feito, a propia Unión Europea estou facendo.

O criterio de mellor técnica dispoñible, MPD, o que fai é introducir un elemento dinámico en todo o que son as leis relacionadas coa minería e coa emisión de gases contaminantes. Da mesma maneira, a propia Unión Europea, nos informes base do chan —informes base del suelo—, inclúe progresivamente a análise das augas, que é, efectivamente, o elemento central da súa iniciativa en relación coa afectación da conca do río Ulla e posteriormente da ría de Arousa.

Polo tanto, volvo repetir, nós entendemos que é imprescindible a maior exixencia posible. Os socialistas dixemos no seu momento que o proxecto presentado na Xunta de Galicia non era un proxecto viable tal e como estaba presentado. Presentamos unha serie de emendas que recollían en boa medida o informe da Sociedade Galega de Historia Natural e que tiñan que ver, curiosamente, a maior parte delas, co que é o ciclo da auga e a necesidade de garantir que esas filtracións non existan. Polo tanto, esa vai ser a nosa posición.

Hai dúas partes claras na súa iniciativa. Efectivamente, eu entendo que na primeira, na nosa opinión, ese nunca é retórico; non está escrito aí, pero entendo que significa iso. Entendo tamén que despois da resposta que lle deu a conselleira do Mar, que o que dixo, máis alá de que vostede mentía, foi que estaba moi atenta. Non sei onde estaba moi atenta. Convén que os responsables políticos estean atentos ou ben no ámbito técnico ou ben no ámbito político. Son dous ámbitos perfectamente respectables os dous e que, desde logo, teñen que combinarse. Entendo, polo tanto, esa discrepancia ou esa desconfianza.

E o segundo bloque da súa iniciativa ten que ver, efectivamente, coa recuperación da zona mineira actual. Unha situación absolutamente dramática en termos xa non só do ciclo da auga do futuro. A todos aqueles que estean preocupados polo ciclo da auga, eu dígolles que vaian ao núcleo de Fonte Díaz, en Touro, e vexan a cor do regato que baixa por unha especie de paseo fluvial, que é absolutamente Ríotinto, Huelva. Polo tanto, esa preocupación témola todos.

A verdade é que as actuacións remataron no ano 1986 e, desde logo, deberíamos estar todos moi preocupados dende hai exactamente trinta anos, aproximadamente, que se están vendo esas augas. A Xunta de Galicia, no seu tan publicitado Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, un dos eixos centrais —e digo cal para cita a pé de páxina—, OE 1.2.03, di: recuperación dos espazos afectados por labores mineiros abandonados; actuacións de recuperación e posta en seguridade dos labores mineiros.

Efectivamente, nada diso se ten feito. As partidas orzamentarias da Xunta de Galicia en relación coa minería descenderon sistematicamente ano tras ano, e é verdade, señora Prado, que as afirmacións absolutamente desconectadas da realidade dos responsables da mina, de que existe un risco de vertidos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente—, son absolutamente inasumibles por calquera. Non existe risco cero cero en ningunha actividade humana, nin na minería, nin no transporte, nin probablemente na limpeza, polo tanto, indubidablemente, a preocupación existe e nós compartímola. Nós presentamos unha emenda e, en caso de non ser aceptada, pediríamos a votación por puntos. Entendemos que as leis hai que cumprilas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, dende logo, cando non nos satisfán —e esta lei insisto en que leva dez anos e, polo tanto, probablemente é necesario cambiala—, o que temos que facer dende a política é cambialas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde de novo, señores deputados e deputadas, señor presidente.

Nós imos apoiar esta iniciativa do BNG, e queriamos lembrar o que dixo o conselleiro Conde no pasado pleno: «Vostedes fan política da minería. Opóñense á minería por motivos políticos». Segundo vostedes, o partido imputado non ten motivacións políticas. A súa política é Galicia e o ben dos galegos e galegas.

Efectivamente, digan o que digan, a súa motivación claro que é política, e as motivacións das decisións que se toman aquí sempre son políticas e baseadas en distintos criterios. Póndense basear en informes de expertos; na lexislación, que a miúdo se inspira en diversas ideoloxías ou intereses; outras veces en criterios ambientais que veñen da Unión Europea etc., e iso tradúcese en políticas de defensa ou ataque do territorio, do futuro do noso país e dos galegos e galegas, en función de cales son os verdadeiros intereses e prioridades dos distintos grupos da Cámara.

Política para que se cumpran as leis, se as actividades mineiras son compatibles coa conservación do medio e o desenvolvemento socioeconómico do territorio. Este é un claro exemplo. Se é o interese das empresas afíns ao partido imputado, que comparten o modelo de antepoñer o beneficio e os cartos ao medio, aos sectores produtivos e aos cidadáns directamente afectados, ou o interese dos grupos que cremos nas empresas e industrias que res-

pecten o noso medio natural, non danen os traballadores e traballadoras, coma neste caso, do sector do mar, e en concreto os que se adican ao marisqueo nos xa moi danados bancos do Ulla.

Nós non estamos en contra das industrias e do emprego, ao revés, pero si que exiximos ás industrias e empresas que respecten o medio, que cumpran a lexislación neste eido e que non danen á cidadanía, senón que teñan un xeito de explotación responsable e social coa cidadanía de Galicia.

Na política mineira extractiva hai que valorar con moita precisión e certeza as externalidades negativas que se van producir, para ver se compensan as aportacións positivas ao territorio, ao emprego e á economía das zonas afectadas. Tendo claro que, se as externalidades negativas e os riscos para o medio son inasumibles, independentemente das posibles repercusións positivas, hai que rexeitar de plano estas explotacións, e iso non é facer política partidista, é defender o país e a súa sostibilidade no futuro; é defender o medio natural, os traballadores e traballadoras afectadas, e repetimos que a cidadanía en xeral.

É o caso da mina de Touro-O Pino. Os riscos potenciais que de maneira indefinida penderán coma unha espada de Damocles sobre os concellos afectados, a conca do Ulla e a ría de Arousa, son inasumibles, polo que a explotación é inviable. Por iso, imos apoiar a iniciativa do BNG.

Ante esta situación, efectivamente, hai que facer política. Política para cambiar as consecuencias nefastas das políticas do partido imputado. Ante todo isto, na pasada Comisión 6ª, tal e como me comentaron os compañeiros Pancho Casal e Juan Merlo —Juan Merlo comparte tamén comigo a Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo—, o señor Tahoces acusounos de estar en contra da libre implantación. Polo que me comentan os meus compañeiros —e eu estou de acordo no que realmente pensan— estamos en contra da barra libre das empresas foráneas que levan os beneficios, deixan poucos empregos e destrozan o medio natural galego. E miren, se non o cren, poden mirar as estatísticas de multilocalización empresarial. Así que de novo falla o método Feijóo de construír relatos e premisas falsas. Con datos verdadeiros, demóstrase que menten.

En relación con esta PNL, vemos que nos sondeos e prospeccións mineiras que realiza a empresa Sociedad Cobre San Rafael S.L. nos concellos de Touro e O Pino constátase que hai a ausencia dun estudo hidrolóxico e xeotécnico que permita identificar claramente as fontes, cauces e cursos de auga existentes na área de realización dos labores mineiros, e a ausencia de autorización de Augas de Galicia. O conselleiro Conde dixo no anterior pleno que non era necesaria. A cousa é bastante sorprendente, e gustaríanos saber que opina a señora Quintana, unha muller de ciencia.

En vista de todo isto, cremos que é obvio que a señora Quintana e os señores e señoras do Goberno do partido imputado, xunto con vostedes, deputados e deputadas, deben tomar unha decisión. Se se sitúan do lado do negocio das empresas insolidarias e irresponsables, que só teñen como obxecto depredar por cartos e beneficios empresariais, como neste caso, a custa do medio natural mariño, e se van antepoñer estes intereses económicos, ideolóxicos

e políticos á preservación do medio natural galego. E se o van antepoñer aos traballadores e traballadoras dos sectores produtivos que viven dos bancos do Ulla directa e indirectamente, polo tanto, á maioría social dos galegos e das galegas.

Que se poñan de acordo os dous conselleiros, tanto a señora Quintana como o señor Conde, en que van defender, e sexan coherentes. Nós pedímoslles que se poñan do lado de Galicia, desta maltratada terra entre as súas decisións políticas, verquidos nas rías, *Prestige* etc.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e que se poñan do lado dos traballadores e traballadoras do sector do mar e da cidadanía de Galicia, que bastante maltratada está polas decisións baseadas en intereses políticos e ideolóxicos do Grupo Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Estamos ante un novo capítulo da serie «Non á mina de Touro-O Pino». É o capítulo número 20, entre as diferentes PNL e preguntas, polo tanto, podemos dicir que é unha serie xa consolidada, por iso eu vou facer unha afirmación novidosa de algo que non dixen ata o de agora: que este proxecto mineiro, como calquera outro, só recibirá autorización da Xunta de Galicia cando quede totalmente garantido o cumprimento das normativas urbanísticas, ambientais e técnicas.

E a segunda novidade que vou dicir é que, para a absoluta tranquilidade das señorías do arco parlamentario da esquerda, tamén lles anuncio que o Goberno galego tramitará este proxecto conforme á Lei de minería de Galicia do ano 2008, lei que vostedes, os grupos da esquerda, promoveron, aprobaron e mesmo tamén utilizaron.

Polo tanto, teño que dicirlles con toda sinceridade que lamento non terlles dito isto antes, e agardo que a partir de hoxe vostedes poidan estar moito máis tranquilos e confíen nos técnicos e traballadores públicos, así como no Goberno da Xunta, que tamén é o seu goberno. (*Aplausos.*)

Di a señora Santos que non están en contra das industrias nin do emprego, pero dígame un só proxecto empresarial que teñan aprobado vostedes. Dígame só un. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E despois rematou vostede deslizando unha ameaza: digan vostedes de que lado están. Mire, pois nós estamos, primeiro, do lado de cumprir a lei. Segundo, de apoiar todos os sectores produtivos. E terceiro, ... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede xa falou, déixeme agora a min.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Escoiten a quen está no uso da palabra.

O señor BLANCO PARADELO: E terceiro, estamos do lado de apoiar tamén un sector como o da minería, do que dependen 6.000 postos de traballo directos e outros tantos indirectos, e que representa máis do 1 % do PIB, e vostedes quéroño desprezar.

O proxecto de explotación e o plan de restauración —que non o din vostedes, e sábeno—, e o estudo de impacto ambiental do xacemento de Touro están seguindo o procedemento de tramitación ordinario, de acordo co que establece a lexislación autonómica, prestando especial atención a que o proxecto cumpra a declaración de impacto ambiental.

Deste xeito, a Xunta aplica un proceso garantista e rigoroso, que leva a permitir só aquelas actividades sostibles e respectuosas co medio e coas actividades preexistentes, como son as agrogandeiras e as marítimo-pesqueiras.

Tamén entendemos que os veciños e os sectores implicados, sobre todo se os escoitan a vostedes todos os días, poidan estar preocupados. Pero estase —e os sectores sábeno— a aportar toda a información que necesitan dende a Administración.

Tivéronse varias xuntanzas para darlles traslado de toda a información sobre o proceso e a actividade da mina no futuro. Coñecen o ofrecemento da Xunta de redobrar o sistema de control dos verquidos da mina mediante un plan conxunto entre Augas de Galicia, Laboratorio de Medio Ambiente e Intecmar. Coñecen que a empresa deberá constituír as garantías financeiras suficientes que garantan a restauración do terreo afectado antes de comezar os traballos de explotación, e para iso teñen constituída unha garantía provisional por 670.000 euros.

Respecto do rebordo da balsa, temos que dicir que os técnicos de Augas de Galicia se desprazaron ata a mina de Touro, como fan acotío, para inspeccionar a contorna e comprobar cal era a situación. Durante a visita constataron que, coincidindo coas intensas chuvias rexistradas a semana pasada, se producira un rebordo da balsa da corta de Bama, que se corresponde coa zona restaurada da antiga mina de Touro.

Esa é a orixe do vertido e non outra. En todo caso, os resultados das analíticas tomadas nas augas fluviais da zona limítanse ao río Brandelos, sen que chegase a afectar ao Ulla. Repito, sen que chegara a afectar ao río Ulla. Para a súa tranquilidade tamén lles digo que a Xunta incoou un expediente á empresa para verificar o sucedido, e nestes intres continúa a súa tramitación.

Señorías, a Xunta e os técnicos velan continuamente pola legalidade e o respecto ambiental, e fano aplicando a lei aprobada no ano 2008 polo Goberno bipartito, cando a señora Montse Prado era delegada de Industria de Pontevedra. Señora Prado, fágolle unha pregunta con todo o respecto pero tamén con toda claridade, ¿é vostede unha depredadora? ¿Foi vostede unha depredadora ambiental? ¿Preocupáballe a vostede o medio? Porque agora xa sabemos que si, ¿pero cando gobernaba vostede...? ¿Ou é que cando o Goberno bipartito, que concedeu máis de cen permisos de investigación e 43 concesións de explotación, eran todos bos? Ade-

mais, vostede asinou un mínimo de 15 resolucións, entre os anos 2005 e 2007, autorizando 4 concesións de investigación e 11 de explotación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...e o 45 % das resolucións de concesión de explotacións foron para metais. Polo tanto, vólvolle preguntar: ¿é vostede unha depredadora? (*Murmurios.*)

Remato. Señorías, o noso grupo confía nunha minería segura, sostible e posible, aínda que vostedes agora digan o contrario. Polo tanto, nós xa rexistramos unha iniciativa precisamente na liña que dicía o señor Losada: queremos que se insista no cumprimento estrito da lei, coas máxima garantías, e que se extremen todas as precaucións.

E tamén lle digo, señora Prado, que nós imos rexeitar a súa iniciativa porque está pedindo que o Goberno de Galicia prevarique. Pero se acepta a emenda do Grupo Socialista, que nos parece un texto máis axeitado, poderíamos traballar nunha transacción conxunta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: ¡É unha lástima!, non sei se vai estar magnánimo o señor presidente, porque me gustaría ter tempo para explicarllo. Un día destes podía traer o listado, si, si... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero é que non teño absolutamente ningún problema. ¡Absolutamente ningún problema! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estou moi orgullosa de ter formado parte dun goberno que aprobou unha Lei de minería, coas escasas competencias que ten a Xunta de Galicia —e que o Partido Popular se nega a que se aumenten porque está moi cómodo con que sexa Madrid quen decide—; (*Aplausos.*) unha lei que fixo que o Goberno galego tivera competencias para poder condicionar proxectos coma este e que o Partido Popular modificou na Lei de depredación para deixar sen competencias. (*Aplausos.*)

Señor Losada, láméntoo, porque esa lei de 2008 —que igual había que cambiar, pero non na dirección na que a cambiou o Partido Popular, non nesa dirección— dálle competencias ao Goberno para condicionar os proxectos. Quen non quere condicionar os proxectos é o Partido Popular. E neste momento, coa lei do 2008 na man, ese megaproxecto, que é un proxecto colonial e espoliador, por iso o Bloque Nacionalista Galego se opón a ese proxecto... E a proposición non de lei que trae o BNG non é unha proposición non de lei que se opoña a calquera proxecto mineiro —sinto que a lera mal—, oponse a ese megaproxecto. Porque é imposible que ese megaproxecto, tal como está, sexa controlable e non sexa unha bomba de relojería, nin para o territorio de Touro e O Pino, nin para a conca, nin para a ría. É imposible, e por iso nos opoñemos a ese proxecto mineiro. É así de sinxelo.

É un proxecto colonial e espoliador, ¡así de claro! E o BNG estamos a favor do país, dos galegos e das galegas. E neste caso, esta iniciativa é das xentes do mar. Miles de homes e mu-

lles que viven da ría e que —como dixen antes— están reunidos ¡porque non lles van permitir que poñan en risco o seu pan! (*Aplausos.*) ¡Non lles van permitir que poñan en risco o seu pan! ¡Non llelo van permitir! (*Aplausos.*)

E mire unha cousiña, señora conselleira —vostede repetiuno o outro día—, ¿como queren que esteamos tranquilos cando din: pódolle dicir que o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental do xacemento de Touro están seguindo o procedemento de tramitación ordinario? ¡O proxecto de restauración está seguindo o procedemento de tramitación ordinario! ¿Vostedes foron por alí? ¿Pero quen lles pode crer absolutamente nada? ¡Dá pena! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿E como pode dicir...?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿Como podemos estar tranquilos cando unha conselleira do Mar, que tiña que ter como prioridade defender a xente do mar, pode dicir cousas como que o Intecmar actuará como están a ver, facendo de ferramenta de seguimento e control? ¡Pero se esta actividade nin sequera comezou...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...entenderá vostede que non sería serio empezar a falar de posible afectación! É dicir, non poden preocuparse porque aínda non hai afectación. ¿Esperan que salte polo aire unha balsa —con cobre, con arsénico, con metais pesados— para logo actuar?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¡E queren que esteamos tranquilos! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¡Queren que esteamos tranquilos! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Dan vostedes... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Silencio.

A señora PRADO CORES: Só un segundo, se me fai o favor, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa leva 59 segundos máis. Por favor, remate.

A señora PRADO CORES: En canto á emenda do Partido Socialista, evidentemente, non podemos aceptala. Imos aceptar a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: E, dende logo, máis unha vez...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...lamentamos que o Partido Popular non sexa capaz de poñer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

Rematou o seu tempo. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*
¡Rematou o seu tempo, señora Prado!


Moitas grazas por terse... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ...posiciónado sobre a emenda.

Moitas grazas. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas a todos.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e tres minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25